

MEMORIA DE
**OBXECTIVOS E
PROGRAMAS**



MEMORIA DE OBXECTIVOS E PROGRAMAS

CONTIDO


I.	PRESENTACIÓN	9
II.	ESTRATEGIA EUROPEA EN MATERIA DO CLIMA: PACTO VERDE EUROPEO E NEUTRALIDADE CLIMÁTICA	13
II.1.	INTRODUCCIÓN.	15
II.2.	ANÁLISE DAS MEDIDAS CONTIDAS NO OBOXECTIVO 55.	16
II.2.1.	REFORMA DO RÉXIME DOS DEREITOS DE EMISIÓN.	16
II.2.2.	REDUCCIÓN DAS EMISIÓN NO TRANSPORTE, EDIFICIOS, AGRICULTURA E NOS RESIDUOS.	20
II.2.3.	CUMPRIR OS OBOXECTIVOS CLIMÁTICOS NO EMPREGO DA TERRA E SILVICULTURA.	22
II.2.4.	CARA UN TRANSPORTE MÁIS SOSTIBLE.	24
II.2.5.	PROMOVER A REDUCCIÓN DAS EMISIÓN DE FORA DA UE.	25
II.2.6.	CREACIÓN DUN FONDO PARA APOIAR AOS CIDADÁNS E EMPRESAS MÁIS AFECTADOS POLA TRANSICIÓN ECOLÓXICA.	26
II.2.7.	PROMOVER O EMPREGO DE COMBUSTIBLES MÁIS ECOLÓXICOS NO SECTOR MARÍTIMO E DA AVIACIÓN.	29
II.2.8.	REGULAMENTO RELATIVO Á REDUCCIÓN DE EMISIÓN DE METANOS.	30
II.2.9.	NORMAS MÁIS ESTRITAS RESPECTO DAS EMISIÓN DE TURISMOS E FURGONETAS.	31
II.2.10.	NORMAS MÁIS ESTRITAS RESPECTO DAS EMISIÓN DE TURISMOS E FURGONETAS.	33
II.2.11.	REVISIÓN SOBRE A FISCALIDADE DA ENERXÍA.	34
II.2.12.	POTENCIACIÓN DA ENERXÍA RENOVABLE.	35
II.2.13.	AUMENTO DA EFICIENCIA ENERXÉTICA.	37
II.2.14.	FACER QUE OS EDIFICIOS SEXAN MÁIS ECOLÓXICOS.	38
II.2.15.	SUBSTITUCIÓN DO GAS FÓSIL POR GASES RENOVABLES E HIPOCARBÓNICOS.	40
II.3.	ESTRATEGIAS DA XUNTA DE GALICIA FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO.	42
II.3.1.	ESTRATEGIA GALEGA DE CAMBIO CLIMÁTICO E ENERXÍA 2050.	42
II.3.2.	SICLE-CO ₂ : SOLUCIÓN INNOVADORAS PARA COMPENSAR AS EMISIÓN DE CARBONO.	43
II.3.3.	PACTO DE ALCALDES POLO CLIMA E A ENERXÍA.	44
II.3.4.	ALIANZA GALEGA POLO CLIMA.	44
II.3.5.	LEI DO CLIMA DE GALICIA.	45
III.	A AXUDA COMUNITARIA NOS ORZAMENTOS DA C.A. PARA 2025	47

III. I.	CIFRAS E ANÁLISE DOS DATOS	49
---------	----------------------------	----

IV. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO 67

IV. I.	EIXE I: RETO DEMOGRÁFICO	73
IV. I. I.	ACADAR UN NIVEL DE EMPREGO ELEVADO E DE CALIDADE, QUE GARANTA O EQUILIBRIO ENTRE A VIDA PROFESIONAL E A PRIVADA.	75
IV. I. 2.	MELLORAR A ATENCIÓN AO BENESTAR E Á CALIDADE DE VIDA DAS FAMILIAS	81
IV. I. 3.	MELLORAR O ACCESO Á VIVENDA E AS SÚAS CONDICIÓNIS DE HABITABILIDADE	85
IV. I. 4.	FORTALECER UNHA ASISTENCIA SANITARIA ACCESIBLE E DE CALIDADE.	89
IV. 2.	EIXE 2: GALICIA VERDE E SOSTIBLE	95
IV. 2. I.	FOMENTO DUNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO BASEADA EN FONTES DE ENERXÍA MÁIS LIMPAS E MENOS AGRESIVAS CO MEDIO AMBIENTE, DANDO PRIORIDADE AS FONTES DE ENERXÍA RENOVABLES. POTENCIAR A EFICIENCIA ENERXÉTICA EN TODOS OS SECTORES: PÚBLICO, INDUSTRIAL E DOMÉSTICO.	96
IV. 2. 2.	GARANTIR UNHA MOBILIDADE SUSTENTABLE.	102
IV. 2. 3.	GARANTIR UNHA RESPOSTA INTEGRAL ÁS NECESIDADES DA CIDADANÍA EN MATERIA DE EMERXENCIAS, INCLUÍDOS OS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO, E AUMENTAR A RESILIENCIA FRONTE AOS RISCOS RELACIONADOS CO CLIMA E OS DESASTRES NATURAIS.	104
IV. 2. 4.	IMPULSAR UN MODELO DE CRECEMENTO SOSTIBLE QUE APROVEITE AS POTENCIALIDADES DO MEDIO, DANDO PRIORIDADE Á XESTIÓN EFICIENTE DO CICLO DA AUGA, Á ECONOMÍA CIRCULAR E A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO NATURAL.	108
IV. 3.	EIXE 3: COMPETITIVIDADE E CRECEMENTO.	113
IV. 3. I.	MELLORAR AS CAPACIDADES DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN E A ADOPCIÓN DE TECNOLOXÍAS AVANZADAS.	115
IV. 3. 2.	IMPULSAR UNHA TRANSFORMACIÓN DIXITAL INCLUSIVA E SOSTIBLE.	120
IV. 3. 3.	IMPULSAR O CRECEMENTO E COMPETITIVIDADE DAS PEMES, A TRANSICIÓN INDUSTRIAL E O EMPRENDEMENTO.	125
IV. 3. 4.	PROMOVER AS INFRAESTRUTURAS PRODUTIVAS E AS DE REDE.	130
IV. 3. 5.	APROVEITAR AS POTENCIALIDADES DE GALICIA CARA A UN SECTOR PRIMARIO MODERNO E COMPETITIVO.	132
IV. 3. 6.	FOMENTAR O TURISMO SUSTENTABLE E DE CALIDADE.	140
IV. 4.	EIXE 4. COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL	142
IV. 4. I.	PROMOVER UNHA EDUCACIÓN INCLUSIVA E DE CALIDADE	144
IV. 4. 2.	FACER QUE O CRECEMENTO CHEGUE A TODA	

	A CIDADANÍA, EN PARTICULAR ÁS PERSOAS MÁIS DESFAVORECIDAS E APOIAR A INTEGRACIÓN SOCIOECONÓMICA DA POBOACIÓN RETORNADA E INMIGRANTE	151
IV.4.3.	POTENCIAR A CULTURA E A LINGUA GALEGA COMO ELEMENTOS CLAVE PARA CONSTRUIR UNHA SOCIEDADE INCLUSIVA E COHESIONADA E QUE CONTRIBUA Á CALIDADE DE VIDA DA CIDADANÍA	157
IV.4.4.	IMPULSAR A COHESIÓN TERRITORIAL E DESENVOLVER OS SERVICIOS NO TERRITORIO BAIXO O CONCEPTO DE CIDADE ÚNICA	161
IV.5.	EIXE 5 GOBERNANZA	164
IV.5.1.	UNHA BOA ADMINISTRACIÓN, QUE AVANCE NA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E XERACIÓN DE VALOR ENGADIDO Á CIDADANÍA, BASEADA NA PLANIFICACIÓN E A AVALIACIÓN DAS POLÍTICAS PÚBLICAS. EMPREGANDO PROCEDEMENTOS SINXELOS, ACCESIBLES E ÁXILES QUE REDUNDEN NUNHA ATENCIÓN EFICIENTE E DE CALIDADE	165
IV.5.2.	UNHAS FINANZAS SUSTENTABLES PARA UN CRECEMENTO SAN	170
IV.5.3.	REFORZO DO AUTOGOBERNO E COORDINACIÓN INTERADMINISTRATIVA	175
V.	CADROS	179



PRESENTACIÓN


I. PRESENTACIÓN

O contido desta memoria reflicte a articulación dos programas e obxectivos de natureza estratéxica incluídos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025.

Na súa primeira parte analízase a estratexia comunitaria fronte ao cambio climático e as implicacións das políticas que se levarán a cabo neste eido nos vindeiros anos tanto para os Estados membros como para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Recóllese así mesmo a inserción da política de cohesión europea do período 2021-2027 nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2025, mediante as anualidades do FEDER, FSE+, FEMPA, INTERREG e FTX. Coa mesma finalidade intégranse nos orzamentos de 2025 a asignación das políticas sectoriais a través das anualidades do FEADER e do FEAGA, así coma os fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

Nunha segunda parte analízanse as prioridades estratéxicas de gasto poñendo de manifesto as interrelacións existentes entre os programas e as medidas e actuacións do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 fixadas pola acción do goberno.



ESTRATEGIA EUROPEA EN MATERIA DO CLIMA: PACTO VERDE EUROPEO E NEUTRALIDADE CLIMÁTICA

II. ESTRATEXIA EUROPEA EN MATERIA DO CLIMA: PACTO VERDE EUROPEO E NEUTRALIDADE CLIMÁTICA

II.1. Introducción.

En 2015, no marco da Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático en París, a Unión Europea (UE) comprometeuse a alcanzar a neutralidade climática de aquí a 2050. Posteriormente, en 2019, a Comisión Europea presentou o Pacto Verde Europeo, un paquete de iniciativas políticas coa finalidade de situar á UE na senda cara unha transición ecolóxica e co obxectivo último de acadar a mencionada neutralidade climática na segunda metade do século XXI. Este obxectivo está previsto que se poida alcanzar, entre outras medidas, grazas á **Lei Europea do Clima**, aprobada en 2021, e que busca que a neutralidade climática sexa legalmente obrigatoria na UE.


Este compromiso de transición cara unha sociedade e unha economía de cero emisións é unha necesidade urxente na actualidade, non só pola constatación do incremento dos fenómenos meteorolóxicos extremos, senón tamén para reducir a dependencia enerxética da UE. A substitución dos combustibles fósiles por formas máis limpas de enerxía reducirá as emisións de gases de efecto invernadoiro e limitará a dependencia da UE do gas ruso. Ademais, unha transición ecolóxica xusta se presenta como unha ocasión para crear novos empregos e oportunidades económicas.

Dentro do Pacto Verde Europeo atópase o paquete de medidas denominado como **«Obxectivo 55»**. Trátase dun conxunto de propostas encamiñadas a **revisar e actualizar a lexislación da UE** e poñer en marcha **novas iniciativas** co fin de garantir que as políticas europeas se axusten aos obxectivos climáticos acordados polo Consello e o Parlamento Europeo. A expresión «Obxectivo 55» remite ao obxectivo de redución das emisións en polo menos o 55% que a UE fixou para 2030.

O obxectivo deste paquete de propostas é proporcionar un marco coherente e equilibrado para alcanzar os obxectivos climáticos da UE que ao mesmo tempo:

- garanta unha transición equitativa e socialmente xusta;
- manteña e reforce a innovación e a competitividade da industria da UE garantindo ao mesmo tempo unhas condicións de competencia equitativas con respecto aos operadores económicos de terceiros países;
- sustente a posición de liderado da UE na loita mundial contra o cambio climático.

A continuación detállanse as **catorce medidas** concretas que permitirán acadar os obxectivos de redución en 2030 e a neutralidade climática en 2050:



Estas catorce medidas desenvólvense a continuación, analizando as repercusións que teñen nos Estados membros e na nosa Comunidade Autónoma en particular, cando sexa o caso.

Nos vindeiros anos, tanto o orzamento nacional como o da nosa Comunidade Autónoma, deberán, non só reflexar as implicacións que teñen as esixencias legais europeas en materia do clima a nivel de gasto público, senón tamén impulsar significativamente aquelas inversións que contribúan á neutralidade climática.

II.2. Análise das medidas contidas no Obxectivo 55.

II.2.1. Reforma do réxime dos dereitos de emisión.


O réxime de comercio de dereitos de emisión (RCDE) da UE é un dos maiores mercado de carbono do mundo e está baseado nun sistema de límites máximos e comercio de dereitos de emisión para os sectores de gran consumo de enerxía (grandes instalacións industriais), o sector da xeración de electricidade e o sector da aviación. É a principal ferramenta da UE para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) e abarca preto do 40% das emisións totais da UE.

O réxime pon prezo ao carbono e, cada ano, as entidades cubertas polo RCDE deben comprar os “dereitos” correspondentes ás súas emisións de GEI. Cada ano establécese un límite de emisión destes dereitos e dito límite se reduce ano tras ano. Xunto con

este mercado de dereitos, nalgúns sectores expostos a “fugas de carbono” se lles asignan dereitos gratuítos para poder respaldar a súa competitividade fronte a instalacións situadas en terceiros países.

Dende a súa introdución, en 2005, as emisións da UE rebaixáronse nun 41% nos sectores cubertos polo RCDE e a **reforma deste réxime** consiste en aumentar ata o 62% (inicialmente era do 43%) a ambición global de redución das emisións de aquí a 2030 nos sectores cubertos polo RCDE UE (con respecto aos niveis de 2005).

Ilustración 1. Novo obxectivo de redución das emisións de GEI para 2030.



Fonte: Consello Europeo e Consello da UE.

En decembro de 2022, o Consello e o Parlamento Europeo alcanzaron un acordo político provisional sobre a reforma do RCDE e finalmente, o Consello adoptou formalmente a nova lexislación en abril deste ano 2023.

Ademais deste novo obxectivo é importante salientar **tres novidades adicionais no RCDE:**

- incluírase o transporte marítimo (cunha introdución gradual entre 2024 e 2026)
- establecerase un novo RCDE para edificios, transporte por estrada e combustibles para sectores adicionais
- e producirase a supresión gradual dos dereitos de emisión gratuítos a determinados sectores.

Adicionalmente, crearanse, como consecuencia desta reforma no RCDE:

- o denominado **Mecanismo de Axuste en Fronteira por Carbono (MAFC)**, un mecanismo que afecta ás importacións de produtos en industrias intensivas en carbono

que tratará de evitar que os esforzos da UE para reducir as súas emisións de GEI véxanse contrarrestados por un aumento das emisións fóra das súas fronteiras debido á deslocalización da produción a países cuxas políticas contra o cambio climático sexan menos ambiciosas que as da UE, ou debido ao aumento das importacións de produtos intensivos en carbono.

- o **Fondo Social para o Clima**, pensado para prestar axuda financeira ás persoas e empresas máis afectadas pola introdución do novo RCDE aplicable aos edificios, transporte por estradas e combustibles noutros sectores adicionais.

- os **Fondos de Innovación e Modernización**, instrumentos de financiamento creados para promover a transición a unha economía baixa en carbono. Estarán dotados de dereitos de emisión que deben sacarse ao mercado, mediante poxa, para obter os recursos económicos que se destinarán ao fomento da innovación e modernización dos sistemas enerxéticos dos estados con menor PIB per cápita. O Fondo de Innovación terá máis de 450 millóns de dereitos de emisión, e o de Modernización terá un mínimo de 310 millóns de dereitos.

Tanto o MAFC como o Fondo Social para o Clima, abordaranse con máis detalle posteriormente.

Para España todo o comentado anteriormente implicará:

- En primeiro lugar, que o volume total de dereitos de emisión que se expedirá reducirase anualmente da contorna dun 4% (frente ao 2,2% actual). Isto de entrada, implica que se asignarán gratuitamente e someteranse ao sistema de poxas menos dereitos de emisión.

Con respecto á poxa, xunto coa redución do número total de dereitos, hai que ter en conta os dereitos que se destinarán á financiación dos Fondos de Innovación e Modernización, mencionados anteriormente.

E, en relación aos dereitos de asignación gratuíta, en primeiro lugar, haberá menos sectores que se considerarán expostos a un risco significativo de fugas de carbono e, en segundo lugar, a asignación será máis dinámica. Isto último significa que a asignación efectiva que reciba cada instalación se adaptará de xeito máis frecuente á situación real da instalación en cada momento.


- En segundo lugar, e como consecuencia da redución do volume total, os prezos dos dereitos de emisión encareceranse significativamente nos vindeiros anos. As empresas suxeitas ao RCDE terán que acometer maiores esforzos en descarbonización para poder manter ou mellorar a súa competitividade pois do contrario terán que asumir un maior coste por emitir.

Para abordar as consecuencias ás que se enfrontarán as instalacións afectadas (é dicir, as suxeitas ao RCDE) en España, en setembro deste ano 2023 o Estado publicou o **compoñente 31** no marco do Plan de Recuperación e Resiliencia de España. Este compoñente está intimamente relacionado cos obxectivos do REPowerEU(1) e entre as medidas previstas atópanse **importantes inversións para a descarbonización industrial**. O obxectivo último dos proxectos apoiados polas liñas de axudas previstas é lograr unha redución significativa das emisións de GEI nas instalacións industriais en xeral e na industria manufactureira en particular e, no caso das instalacións industriais incluídas no RCDE, estas deberán situarse, á finalización dos proxectos, substancialmente por debaixo dos parámetros de referencia de produto para a asignación gratuíta de dereitos de emisión para 2021-2025.

En Galicia, tamén están previstas importantes actuacións de descarbonización das actividades económicas. En concreto, nos orzamentos de 2025 financiaranse actuacións por 7 millóns de euros, a través do Fondo de Transición Xusta e Feder 2021-2027.

Ademais, para Galicia, suporá revisar o noso propio obxectivo de redución das emisións do 57% en 2030, pois para contribuír ao nivel da UE, debería situarse no mesmo compromiso do 62% mencionado, a fin de acadar a neutralidade no 2050. No ano 2021 as reducións con respecto aos niveis de 1990 foron do 39,4%, estando moi preto do noso obxectivo de acadar unha redución do 40% en 2025 (previsto no actual Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030).

Gráfico 1. Redución das emisións de GEI. Galicia. Anos 2010-2022 e obxectivos a 2030.



¹ Trátase dun plan para a redución da dependencia da UE dos combustíbeis fósiles rusos e para a aceleración da transición ecolóxica. A Comisión Europea presentou o plan REPowerEU en maio de 2022 e baséase precisamente na aplicación do paquete de medidas «Obxectivo 55». O principal instrumento de financiación do Plan é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), creado tras a crise da COVID-19 como instrumento temporal para atenuar o impacto económico e social da pandemia.

II.2.2. Redución das emisións no transporte, edificios, agricultura e nos residuos.


Outro dos elementos que contribuirá á neutralidade climática prevista no «Obxectivo 55» é a revisión do **Regulamento de Reparto do Esforzo** (RRE), que actualiza os obxectivos actuais de redución de emisións dos estados membros para 2030 en sectores como o **transporte, a construción, a agricultura e os residuos**.

En 2022, o Consello alcanzou un enfoque xeral sobre a proposta de revisión do Regulamento presentada pola Comisión. Posteriormente, en marzo deste ano 2023, o Consello adoptou formalmente o Regulamento de Reparto do Esforzo revisado.

Este Regulamento establece para cada estado membro un obxectivo de redución das emisións de GEI en **determinados sectores**, que representan na actualidade da contorna do 60% das emisións totais da UE. Estes sectores son:

- o transporte por estrada
- a agricultura
- os edificios
- a pequena industria
- e os residuos.

Gráfico 2. Distribución das emisións de GEI por sectores no total da UE. Ano 2022.




Fonte: Consello Europeo e Consello da UE.

A estes sectores seralles de aplicación este RRE e, adicionalmente, (posto que a ningún destes sectores se lles aplica o RCDE), coa reforma derivada do «Obxectivo 55» e como xa se adiantou no epígrafe anterior, ao sector do **transporte por estrada e aos edificios** se lles aplicará un novo Réxime de Comercio de Dereitos de Emisión.

A revisión implica modificar o obxectivo de redución das emisións de GEI para estes sectores pasando do 29% ao 40% en 2030.

Ilustración 2. Novo obxectivo de redución das emisións de GEI para 2030.




Fonte: Consello Europeo e Consello da UE.

Como consecuencia, cada estado membro deberá contribuír á redución das emisións nestes sectores. No Regulamento, por tanto, se impoñen novos obxectivos vinculantes para 2030 e establécense o límite máximo de emisións anuais nacionais permitidas para estes sectores. Estes obxectivos e límites fixéronse tendo en conta criterios de equidade e rendibilidade e atendendo ás circunstancias nacionais.

Para o caso concreto de **España**, o obxectivo de redución pasa do 26% ao 37,7%, como se pode apreciar no seguinte gráfico.

Gráfico 3. Incrementos propostos nos obxectivos de emisións para 2030, por estado membro. %



Fonte: Consello Europeo e Consello da UE.

Esta maior ambición na redución das emisións nestes cinco sectores súmase ás implicacións que se comentaron anteriormente para os sectores sometidos ao RCDE.

No caso concreto de **Galicia**, as emisións procedentes do **transporte e da agricultura** supoñen na actualidade da contorna do 34% do total de emisións (2). Aínda que se está a avanzar na redución do conxunto das emisións, será necesario facer un maior esforzo nestes sectores para ser quen de acadar os novos obxectivos nacionais establecidos por Europa.

Para conseguilo, un importante fito terá lugar nos vindeiros meses coa entrada en vigor la **Lei do Clima de Galicia** (3). Esta normativa busca darlle “rango legal” ao compromiso de que Galicia sexa unha comunidade climáticamente neutra en 2050.

II.2.3. *Cumprir os obxectivos climáticos no emprego da terra e silvicultura.*

Xunto coa redución das emisións, estase a impulsar a eliminación do CO₂ da atmosfera captándoo a través do solo e dos bosques.

Para poder acadar o obxectivo de neutralidade climática tamén se fixo necesaria unha reforma no Regulamento sobre o uso da terra, o cambio de uso da terra e a silvicultura (UTCUTS).

En xuño de 2022, o Consello acordou un enfoque xeral para a revisión do Regulamento UTCUTS, que establece normas sobre reducións de emisións e eliminación de carbono no sector do uso da terra, do cambio de uso da terra e da silvicultura (sector UTCUTS). En novembro de 2022, o Consello e o Parlamento Europeo chegaron a un acordo provisional sobre a revisión do Regulamento e finalmente o Regulamento revisado foi adoptado formalmente polo Consello en marzo de 2023.

Este Regulamento regula tanto as **emisións como as absorcións de carbono** no sector da **silvicultura e o emprego da terra**. As normas revisadas establecen un aumento do obxectivo fixado para as absorcións a nivel da UE que debe lograrse en 2030.


En concreto, as actividades afectadas están relacionadas coa conversión, o uso e a xestión da terra e dos bosques. Hoxe en día, estas actividades absorben máis carbono do que liberan á atmosfera o que implica que a terra e os bosques poden ser e están a ser tidos en conta como sumidoiros netos de carbono. Na actualidade, o conxunto dos bosques da UE absorben cada ano case o 10% de todas as emisións de GEI da UE.

Na seguinte figura poden apreciarse as emisións e absorcións na UE relacionada coa terra e os seus empregos.

2 Segundo os últimos datos disponibles publicados polo INEGA.

3 O 22 de xuño do 2023 abriuse o período de exposición pública do anteproxecto de Lei do Clima de Galicia.

Ilustración 3. Emisións e absorcións na UE en millóns de toneladas equivalentes de CO₂. Ano 2019.



Fonte: Consello Europeo e Consello da UE.

Agora ben, o aumento do obxectivo nas absorcións de carbono implica dúas esixencias para os Estados membros (que deberán cumprir en dúas fases):

- por un lado, e ata 2025 (fase I), deben garantir que o emprego da terra e a silvicultura son actividades neutras, o que se denomina como “**débeda cero**” (que as emisións se compensen integramente coa absorción equivalente de CO₂ no período 2021-2030).

- unha vez pasada a fase anterior, entre 2026 e 2030 deberán contribuír ao obxectivo da UE de acadar unhas absorcións netas de 312 Mt (millóns de toneladas equivalentes de CO₂) en 2030.

No caso de **Galicia**, debido aos cambios de uso do solo e á silvicultura, a comunidade lidera a clasificación nacional en 2021. Concretamente, foi o territorio que máis dióxido de carbono captou ese ano e tamén o que máis incrementou a súa capacidade de absorción en termos absolutos: un 85 % en comparación co ano 1990.

Isto ven a confirmar que Galicia avanza en liña cos obxectivos intermedios marcados pola UE neste eido e que ademais parte dunha boa posición para acadar o antes posible e, como moi tarde, no ano 2050 o reto da neutralidade climática —é dicir, compensar as emisións que se realicen no territorio coa capacidade de absorción natural de CO₂—, un compromiso político da Xunta que a futura Lei do Clima Galega elevará a obriga legal.

II.2.4. Cara un transporte máis sostible.

Para que a neutralidade climática sexa unha realidade, reducir o consumo de combustibles fósiles no transporte é fundamental. Para alcanzar ese obxectivo, é preciso que na UE haxa suficientes puntos de recarga e puntos de repostaxe de combustibles alternativos para os turismos, avións e buques.

Unha das medidas do «Obxectivo 55» foi a elaboración do **Regulamento sobre a Infraestrutura para os Combustibles Alternativos**, adoptado polo Consello Europeo en xullo deste ano 2023.

O obxectivo deste Regulamento é fundamentalmente conseguir que exista unha infraestrutura adecuada para a recarga e repostaxe con combustibles alternativos (como o hidróxeno ou o metano licuado) e sobre todo, que a cobertura en toda a UE sexa o suficientemente óptima para garantir a autonomía dos medios de transporte.

Na UE o transporte concentra a contorna do 25% das emisións totais de GEI. Dentro destas emisións por transportes, a mobilidade por estrada é a que supón un maior volume de emisións (o 71% respecto do total do sector transporte).

Gráfico 4. Porcentaxe emisións que representa o sector do transporte na UE. 2021.



Fonte: Consello Europeo e Consello da UE.


Este Regulamento establece en definitiva unha serie de esixencias para os Estados membros que deberán de cumprir ata 2030. A modo de exemplo, para os turismos esíxese que existan polo menos unha estación de recarga cada 60 quilómetros a finais de 2025 (na rede básica da RTE-T).

En **España**, no primeiro trimestre deste ano 2024 instaláronse 3.121 novos puntos de recarga de acceso público, alcanzando un total de 32.422 en todo o territorio nacional (aínda que tan so o 21% do total son de carga rápida con potencia superior a 22kW). Pola súa parte, en Galicia hai 1.199 puntos de acceso público (4).

4

Datos do informe sobre puntos de recarga elaborado pola Asociación Española de Fabricantes de Automóviles e Camións (ANFAC).

Gráfico 5. Mapa de puntos de recarga no territorio español. Primeiro trimestre 2024.



Fonte: Mapa elaborado por ANFAC.

Ademais dos 32.422 puntos de recarga activos, hai 8.645 puntos instalados pero non operativos, que elevaría o total a 41.067 puntos de recarga no caso de estar operativos.

Non obstante, e pese a todo o anterior, para acadar os obxectivos será necesario que tanto España como Galicia impulsen significativamente a creación destes puntos de acceso público. O obxectivo fixado para España en 2030 é de aproximadamente 322.000 puntos segundo unha estimación realizada por ANFAC.


II.2.5. Promover a redución das emisións de fora da UE.

A redución das emisións de fóra da UE está previsto que se impulse nos vindeiros anos a través do denominado **“Mecanismo de Axuste en Fronteira do Carbono” (MAFC)**. Trátase dun novo Regulamento, adoptado formalmente polo Consello en abril de 2023, que creará incentivos para que os produtores non comunitarios reduzan as súas emisións.

Este mecanismo está pensado para evitar que empresas europeas con altas emisións de GEI trasladen a súa produción a territorios terceiros con normativas menos estritas en materia climática. Para os produtores europeos os dereitos de emisión do RCDE supoñen un coste de produción adicional, polo que teñen importantes incentivos para deslocalizar a súa actividade. A este fenómeno coñéceselle como “fuga de carbono”.

Como se adiantou, os dereitos de emisión supoñen un coste adicional para os produtores europeos, que necesariamente afecta aos prezos finais dos produtos. Este mecanismo de axuste o que implicará será que os importadores da UE deberán mercar certificados “MAFC” para compensar a diferenza de prezos entre produtos europeos e os procedentes de países de fóra da UE.

Ilustración 4. Funcionamento do Mecanismo de Axuste en Fronteira.



Fonte: Consello Europeo e Consello da UE.

O mecanismo se aplicará en paralelo co réxime de comercio de dereitos de emisión da UE, polo que, en definitiva, é equivalente a un RCDE UE para produtores de fóra da Unión.

Con respecto aos produtos que abarcará o MAFC, na primeira fase abarcará sectores con altas emisións de carbono e alto risco de fuga de carbono, é dicir: ferro e aceiro, cemento, abonos, aluminio, produción de hidróxeno e electricidade. Así mesmo, abarcará determinados precursores e produtos transformados (é dicir, produtos que, na cadea de valor, sitúense antes ou despois dos produtos mencionados anteriormente). Ademais, prevese ampliar o ámbito do MAFC a máis sectores no futuro.

II.2.6. Creación dun fondo para apoiar aos cidadáns e empresas máis afectados pola transición ecolóxica.

Existe a convicción de que a transición e a neutralidade climática beneficiarán tanto ao medio ambiente como á sociedade. Sen embargo, foi preciso definir o termino de **“transición xusta”** para poder afrontar as consecuencias negativas que pode ter o paso a unha economía máis limpa e con cero emisións. A nivel produtivo, a descarbonización das empresas pode supoñer non só un aumento dos costes de produción (por adaptarse á normativa climática) senón tamén, nalgúns caso, o peche (coas consecuencias que iso

implica tanto no mercado de traballo como na actividade global de determinadas zonas onde se sitúan as empresas afectadas).

O aumento dos prezos dos combustibles fósiles derivado da introdución dun novo réxime de comercio de dereitos de emisión para os edificios, o transporte por estrada e os combustibles, vai a afectar non só ás empresas, senón tamén aos consumidores.

Por iso, dentro do «Obxectivo 55» se inclúe o denominado **Fondo Social para o Clima** (5) para dar apoio aos grupos vulnerables máis afectados por este novo réxime, fundamentalmente persoas con baixos ingresos e microempresas.

Trátase dun instrumento que permitirá prestar axuda financeira ás persoas e empresas máis afectadas co fin de combater a pobreza enerxética e ao mesmo tempo impulsar sistemas de mobilidade e transporte máis sostibles.

A finais de 2021 na UE había máis de 34 millóns de persoas en situación de pobreza enerxética, cifra que se prevé que non mellore como consecuencia da escalada dos prezos da enerxía experimentados nestes dous últimos anos.

En España e Galicia os datos de 2021 melloraron en relación ao 2020 con respecto á denominada “pobreza enerxética escondida”, pero nos outros dous indicadores da seguinte táboa, o comportamento empeora.

Táboa 1. Indicadores de pobreza enerxética propostos por EPOV. Galicia España. Anos 2018-2021.

indicadores propostos polo Observatorio Europeo de Pobreza Enerxética (EPOV)		2018	2019	2020	2021
Pobreza enerxética escondida HEP (% de fogares) (1)	España	11,0	10,6	10,3	9,3
	Galicia	10,8	9,7	9,8	8,6
Temperatura inadecuada na vivenda en inverno (% de poboación) (2)	España	9,1	7,6	10,9	14,3
	Galicia (*)	4,8	6,0	9,6	13,1
Retraso no pago de facturas de suministros da vivenda (% de poboación) (3)	España	7,2	6,6	9,6	9,5
	Galicia	2,8	4,4	5,0	5,7

Fonte: Estratexia Nacional contra a Pobreza Enerxética.

Dende o punto de vista enerxético, o ano 2021 estivo principalmente marcado polo inicio da escalada dos prezos de todos os produtos enerxéticos, sendo esta realidade especialmente manifesta no segundo semestre do ano.

5

Os Estados membros da UE acordaron no Consello unha orientación xeral sobre o Fondo. O Consello e o Parlamento Europeo alcanzaron un acordo provisional sobre o novo Fondo en decembro de 2022. O Consello adoptou formalmente as novas normas en abril de 2023.

Ante esta situación, adoptáronse medidas de urxencia orientadas a mitigar o impacto da crise enerxética sobre os colectivos máis vulnerables, tal como a redución do IVE ao 10% cando o prezo do megavatio hora supere os 45 euros.

No caso de Galicia, ademais, a Xunta está a conceder un complemento de carácter extraordinario para seguir axudando ás familias que máis o precisan. Con todo, os datos analizados suxiren a necesidade de continuar traballando en medidas orientadas a protexer aos fogares que se atopan en situación de pobreza enerxética.

Unha destas medidas para continuar co apoio aos que máis o necesitan é precisamente este **Fondo Social para o Clima**, que está ineludiblemente vinculado ao novo réxime de comercio de dereitos de emisión xa comentado para os edificios, transporte por estrada e combustibles doutros sectores adicionais.

O funcionamento será o seguinte:

- no novo réxime asignaráselle un “prezo de carbono” aos combustibles fósiles para o transporte por estrada e para calefacción
- as empresas que venden combustible deberán mercar dereitos de emisión (ao prezo de carbono mencionado) para as emisións resultantes da súa actividade
- os ingresos derivados da venta destes dereitos de emisión depositaranse no Fondo Social para o Clima.

Con respecto á xestión deste fondo, cómpre mencionar que os Estados membros deberán elaborar os denominados “Plans de Clima Social” a mediados do ano 2025. Deste xeito, os fondos recibidos estarán condicionados ao cumprimento dos fitos e obxectivos establecidos en ditos plans. Agora ben, a distribución dos fondos entre os estados terá en conta un nivel máximo e unha cota mínima por país, e aplicarase un axuste pola prosperidade relativa de cada estado membro tendo en consideración a respectiva RNB (Renda Nacional Bruta) per cápita.

Os Estados membros poderán empregar os ingresos deste fondo para axudar aos colectivos máis vulnerables, xa sexa mediante medidas e inversións para mellorar a eficiencia enerxética, descarbonización ou mobilidade sostible, por exemplo, ou ben a través de axudas directas (temporais e limitadas), como os bonos eléctricos.


Os beneficiarios non serán só **fogares vulnerables**, senón que tamén estarán incluídos **microempresas e usuarios do transporte** que tamén se consideren vulnerables.

Está previsto que este fondo conceda 65.000 millóns de euros de financiación para os Estados membros entre 2026 e 2032.

II.2.7. Promover o emprego de combustibles máis ecolóxicos no sector marítimo e da aviación.

Na actualidade, os sectores aéreo e marítimo utilizan case exclusivamente combustibles fósiles, e representan respectivamente o 14,4% e 13,5% das emisións do total do transporte da UE, segundo os últimos datos dispoñibles (2018).

Gráfico 6. Proporción das emisións que representan os sectores da aviación e marítimo no total do transporte da UE. Ano 2018.



Fonte: Consello Europeo e Consello da UE.

Dentro do «Obxectivo 55» están previstas dúas propostas relacionadas cos combustibles destas dúas actividades:

- o Regulamento destinado a garantir condicións de competencia equitativas para o transporte sostible (a iniciativa «ReFuelEU Aviation»)
- e o Regulamento sobre a utilización de combustibles renovables e hipocarbónicos no transporte marítimo («FuelEU Maritime»).

Ambos teñen por obxecto **aumentar a utilización de combustibles sostibles** nas aeronaves e os buques a fin de reducir a súa pegada ambiental.

O Consello acordou unha orientación xeral para as dúas propostas en xuño de 2022. As negociacións co Parlamento Europeo, en reunións coñecidas como «diálogos tripartitos», deron lugar á adopción definitiva da nova lexislación da UE durante o ano 2023, entrando parcialmente en vigor o 1 de xaneiro de 2024, se ben algúns artigos entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2025.

Así, o **Regulamento “ReFuelEU Aviation”** obriga:

- aos provedores de combustible para aeronaves dos aeroportos da UE: a aumentar gradualmente a cantidade de combustibles sostibles que subministren, de xeito que en 2050 a porcentaxe destes combustibles represente como mínimo o 70%

- ás aeroliñas que saen de aeroportos da UE: a efectuar a repostaxe só co combustible necesario para o voo (para evitar as emisións por exceso de peso por un sobre repostaxe)

- aos aeroportos da UE: a garantir a infraestrutura necesaria para subministrar, almacenar e repostar combustibles sostibles.

Pola súa parte, o **Regulamento “FuelEU Maritime”** obriga aos buques de máis de 5.000 toneladas brutas que fagan escala en portos europeos (con excepcións, como os buques pesqueiros) a:

- reducir progresivamente a intensidade de emisións de GEI da enerxía empregada a bordo, debendo acadar unha redución no ano 2050 do 80% con respecto ao ano 2020

- conectarse a un subministro de electricidade en porto para cubrir as súas necesidades de enerxía eléctrica mentres estean atracados nos peiraos, excepto se empregan tecnoloxía de cero emisións.


A nivel nacional e autonómico, espérase que ambos regulamentos proporcionen seguridade xurídica aos operadores, tanto de avións como de buques, e aos produtores de combustible e axudará a dar comezo á produción a gran escala de combustibles marítimos e aéreos sostibles, cumprindo así de forma substancial os obxectivos climáticos.

II.2.8. Regulamento relativo á redución de emisións de metanos.

O metano é o segundo dos catro gases de efecto invernadoiro por volume de emisión, só superado polo dióxido de carbono (CO₂). A pesar de que o volume emitido é na actualidade 7 veces menor que o dióxido de carbono, o metano ten unha maior capacidade para atrapar o calor, polo que é un GEI moito máis potente e causante do 30% do quentamento global.

Dentro do total das emisións de metano da UE, o sector enerxético é responsable da contorna do 19%, pero, sendo un dos maiores emisores, tamén se considera o de **maior potencial para unha redución rápida e eficaz.**

Gráfico 7. Orixe das emisións de metano no conxunto da UE. Ano 2021.



Fonte: Consello Europeo e Consello da UE.

As emisións procedentes do sector enerxético proceden fundamentalmente da extracción, o transporte, a distribución e o emprego de petróleo, gas e carbón.

En decembro de 2022, no seno do Consello Europeo, chegouse a un acordo para un novo Regulamento con novas normas para reducir as emisións de metano no sector enerxético, o cal se materializou nun texto provisional acordado entre o Consello e o Parlamento, e que está previsto que se converta en lexislación da UE proximamente.

As principais liñas de acción deste regulamento son:

- Melloras na medición e notificación das emisións de metano: estableceranse requisitos para medir e notificar e ditas medicións deberán ser comprobadas por verificadores independentes. Ademais, existirán supervisións periódicas dos equipos das empresas petroleiras e gasísticas para detectar fugas ou necesidades de reparación.

- Redución das emisións de metano: non só nas plantas de produción de enerxía pola súa actividade normal (fundamentalmente por venteo e combustión en facho) senón que tamén se establecerán medidas de redución para lugares inactivos ou abandonados. Ademais, instarase aos estados membros a redactar plans de mitigación.


- Control das emisións de fóra da UE nas importacións de enerxía: estableceranse medidas mundiais de supervisión para garantir transparencia nas emisións reais de metano nas importacións de combustibles fósiles.

II.2.9. Normas máis estritas respecto das emisións de turismos e furgonetas.

En decembro de 2022, os Estados membros da UE acadaron un acordo sobre a proposta da Comisión Europea pola que se reforzan as normas de comportamento en materia de emisións de CO₂ dos turismos novos e dos vehículos comerciais lixeiros novos (furgonetas). Finalmente o Consello adoptou o Regulamento revisado en marzo de 2023.

Os turismos e furgonetas supoñen na actualidade da contorna do 15% do total de emisións de CO₂ da UE (12% os turismos e 2,5% as furgonetas).

Gráfico 8. Proporción das emisións de CO₂ no transporte no conxunto da UE. Ano 2021.



Fonte: Consello Europeo e Consello da UE.

Esta proposta de Regulamento establece **maiores obxectivos de redución das emisións de CO₂ e fixa un novo obxectivo do 100% de redución para 2035**. A redución será gradual e a súa entrada en vigor estaba inicialmente prevista para 2025, pero en setembro do ano 2023 os 27 Estados membros pactaron retrasar dita entrada a 2027.

A redución prevista debería acadarse deste xeito:

- entre 2030 e 2034: polo menos unha redución do 55% para os turismos novos e do 50% para as furgonetas novas con respecto aos niveis de 2021
- e unha redución do 100% tanto para os turismos como para as furgonetas novos a partir de 2035.

Ademais, poñerase en marcha en 2027 un **mecanismo normativo de incentivos para os vehículos de emisión cero e de baixa emisión**, que permanecerá en vigor ata finais de 2029. Ao amparo deste mecanismo, se un fabricante alcanza determinados niveis de venda de vehículos de emisión cero e de baixa emisión, poderáselle recompensar cuns obxectivos de emisións de CO₂ menos estritos.

Esta nova normativa non só terá beneficios a nivel medioambiental senón que tamén suporá ganancias para:

- consumidores: porque aumentará a produción e venda de vehículos de cero emisións, e se espera que propiciará a aparición de modelos máis asumibles con respecto ao mercado actual

- sector automobilístico: para o sector suporá unha maior innovación en tecnoloxías de emisión cero, o que suporá unha maior competitividade e liderado a nivel tecnolóxico e máis postos de traballo relacionados co desenvolvemento e produción de novas tecnoloxías. Hai que recordar que este sector representa o 7% do PIB da UE e proporciona 12,7 millóns de postos de traballo.


Os sectores automobilísticos nacional e galego terán que adaptar o seu modelo de negocio a estas novas esixencias, o que implicará non só importantes investimentos a nivel de produción senón tamén en investigación para o desenvolvemento das novas formas de mobilidade con cero emisións.

II.2.10. Normas máis estritas respecto das emisións de turismos e furgonetas.

En decembro de 2022, os Estados membros da UE acadaron un acordo sobre a proposta da Comisión Europea pola que se reforzan as normas de comportamento en materia de emisións de CO₂ dos turismos novos e dos vehículos comerciais lixeiros novos (furgonetas). Finalmente o Consello adoptou o Regulamento revisado en marzo de 2023.

Os turismos e furgonetas supoñen na actualidade da contorna do 15% do total de emisións de CO₂ da UE (12% os turismos e 2,5% as furgonetas).

Gráfico 8. Proporción das emisións de CO₂ no transporte no conxunto da UE. Ano 2021.



Fonte: Consello Europeo e Consello da UE.

Esta proposta de Regulamento establece **maiores obxectivos de redución das emisións de CO₂ e fixa un novo obxectivo do 100% de redución para 2035**. A redución será gradual e a súa entrada en vigor estaba inicialmente prevista para 2025, pero en setembro deste ano 2023 os 27 Estados membros pactaron retrasar dita entrada a 2027.

A redución prevista debería acadarse deste xeito:

- entre 2030 e 2034: polo menos unha redución do 55% para os turismos novos e do 50% para as furgonetas novas con respecto aos niveis de 2021

- e unha redución do 100% tanto para os turismos como para as furgonetas novos a partir de 2035.

Ademais, poñerase en marcha en 2027 un **mecanismo normativo de incentivos para os vehículos de emisión cero e de baixa emisión**, que permanecerá en vigor ata finais de 2029. Ao amparo deste mecanismo, se un fabricante alcanza determinados niveis de venda de vehículos de emisión cero e de baixa emisión, poderáselle recompensar cuns obxectivos de emisións de CO₂ menos estritos.

Esta nova normativa non só terá beneficios a nivel medioambiental senón que tamén suporá ganancias para:

- consumidores: porque aumentará a produción e venda de vehículos de cero emisións, e se espera que propiciará a aparición de modelos máis asumibles con respecto ao mercado actual

- sector automobilístico: para o sector suporá unha maior innovación en tecnoloxías de emisión cero, o que suporá unha maior competitividade e liderado a nivel tecnolóxico e máis postos de traballo relacionados co desenvolvemento e produción de novas tecnoloxías. Hai que recordar que este sector representa o 7% do PIB da UE e proporciona 12,7 millóns de postos de traballo.

Os sectores automobilísticos nacional e galego terán que adaptar o seu modelo de negocio a estas novas esixencias, o que implicará non só importantes investimentos a nivel de produción senón tamén en investigación para o desenvolvemento das novas formas de mobilidade con cero emisións.

II.2.11. Revisión sobre a fiscalidade da enerxía.

No marco do paquete de medidas do «Obxectivo 55» tamén se preveu a revisión da Directiva en vigor sobre a fiscalidade da enerxía co fin de adaptala ás novas políticas en materia de enerxía e clima.

Na actualidade aínda se están a celebrar debates no Consello Europeo para chegar a un acordo.

A esencia da nova Directiva será que **os combustibles máis contaminantes se graven con tipos impositivos máis elevados** así coma ofrecer incentivos a produtores, usuarios e consumidores para que adopten prácticas máis sostibles.

A proposta de actualización da Directiva actual incide en dous ámbitos principalmente:

- a estrutura dos tipos impositivos: os tipos mínimos deberán establecerse en función do contido enerxético e a implicación real no medio ambiente e non no volume. Ademais está previsto que estes tipos mínimos se actualicen continuamente
- a base impoñible: que deberá ampliarse para incluír máis produtos e eliminar algunhas das exencións e reducións actuais.

II.2.12. Potenciación da enerxía renovable.

En maio de 2022 presentouse o plan REPowerEU en resposta ás dificultades e á perturbación do mercado mundial da enerxía causadas pola invasión rusa de Ucraína. O plan pretende poñer fin á dependencia da UE dos combustibles fósiles rusos e impulsar as enerxías renovables, tamén mediante a axilización do proceso de concesión de permisos dos proxectos de enerxías renovables.

En xuño de 2022, os Estados membros da UE acordaron no Consello a súa posición común (denominada «orientación xeral») acerca da proposta da Comisión de revisión da Directiva da UE sobre Fontes de Enerxía Renovables. En marzo de 2023 alcanzouse un acordo provisional co Parlamento Europeo ao redor da Directiva que combina elementos do plan RepowerEU, e finalmente, as novas normas foron adoptadas polo Consello en outubro de 2023.

Un dos principais cambios é o establecemento dun **obxectivo máis ambicioso a nivel da UE de xeito que a porcentaxe de enerxías renovables no consumo de enerxía pasa do 32% ao 42,5% en 2030**. En 2021, do total de enerxía consumida o 22% procedía de fontes renovables, o que implica que de aquí a 2030 esta proporción deberá case duplicarse.

A nivel de Estado membro, as contribucións nacionais a este obxectivo estableceranse nos planes nacionais integrados de enerxía e clima.

Os avances na implantación das enerxías renovables é moi distinta por sectores. Coa nova Directiva o que tamén se pretende é establecer “subobxectivos” por sector económico para 2030.

Ademais, está previsto **acelerar os procesos de concesión de permisos** para un desenvolvemento máis rápido e considerar que os proxectos de enerxías renovables presentan un “interese público superior” para evitar atrancos na súa xestión.


A falta de coñecer o texto definitivo desta directiva, dende a administración haberá que ter moi en conta esta última consideración, para poder adaptar os mecanismos actuais de concesión.

En **Galicia**, no ano 2022 (último dispoñible) a porcentaxe de enerxía procedente de fontes renovables no consumo final bruto de enerxía foi do 44,7%, lixeiramente por debaixo do dato do ano 2020 (46,2%). No caso da enerxía de fontes renovables na xeración de enerxía eléctrica, a porcentaxe acadou o 75,8% en 2023. En ambos casos, Galicia está na senda para o cumprimento dos obxectivos en materia de renovables previsto no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, moito máis ambiciosos que os obxectivos a nivel europeo:

- no caso do consumo final bruto de enerxía, fíxase o obxectivo de acadar no ano 2030 o 58% procedente de fontes renovables respecto do total


- no caso da xeración de enerxía eléctrica, fíxase o obxectivo do 85%.

Gráfico 9. Proporción de enerxías renovables no consumo final bruto de enerxía. Anos 2010-2022 obxectivos a 2030. Galicia. Porcentaxe.



Fonte: Balance enerxético de Galicia.

Gráfico 10. Proporción de enerxías renovables na xeración de enerxía eléctrica. Anos 2010-2023 obxectivos a 2030. Galicia. Porcentaxe.



Fonte: INEGA.

Nos orzamentos do ano 2025 seguiranse a impulsar as enerxías renovables, estando previstos máis de 50 millóns de euros para aumentar o peso das enerxías renovables autóctonas no mix enerxético, co fin de favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono e reducir a dependencia enerxética do exterior.

II.2.13. Aumento da eficiencia enerxética.


Para poder acadar a neutralidade climática é tan crucial aforrar enerxía e reducir o consumo como adoptar formas de enerxía máis limpas.

A Directiva de Eficiencia Enerxética é unha das propostas presentadas pola Comisión no marco do paquete de medidas «Obxectivo 55». O Consello acordou unha orientación xeral relativa á revisión da Directiva en xuño de 2022 e, en xullo de 2023, o Consello adoptou a nova Directiva.

Empregar menos enerxía está considerada a solución máis rendible para acadar un sistema enerxético máis respectuoso co medio ambiente.

As novas normas establecen un obxectivo máis ambicioso na redución do consumo final de enerxía. Deste xeito, o obxectivo pasa do 32,5% actual (tanto para consumo primario como final) ao 40,6% para o consumo primario e o 38% para o consumo final en 2030 (6).

Ilustración 5. Novos obxectivos marcados a nivel da UE en materia de eficiencia enerxética.



Fonte: Consello Europeo e Consello da UE.

6 O 40,6% é un obxectivo indicativo, mentres que o obxectivo do 38% é obrigatorio. O consumo primario é a demanda total de enerxía e o consumo final é a cantidade de enerxía que consumen realmente os usuarios finais.

Os Estados membros deberán definir as súas contribucións nacionais indicativas, que terán en conta as características propias de cada país. Os estados terán que ir incrementando o seu **aforro enerxético** entre 2024 e 2030. O aforro no consumo final de enerxía suporá, de media, un 1,49% do consumo total anual, e irá aumentando ata o 1,9% de aquí a finais do 2030.

Ademais, tamén se requirirá unha **maior eficiencia do sector público**, fundamentalmente mediante:

- unha redución do seu consumo final nun 1,9% anual (sen ter en conta o transporte público e as forzas armadas)
- a renovación do seu parque inmobiliario para mellorar o seu rendemento enerxético.

Neste eido a Xunta de Galicia leva anos facendo importantes investimentos, renovando os edificios dende a perspectiva enerxética e acometendo significativas obras para mellorar a súa sustentabilidade.

Os orzamentos de 2025 seguen a continuar por esta liña, estando previstas numerosas actuacións en materia de eficiencia enerxética (tanto en instalacións públicas como privadas), con máis de 41 millóns de euros orzamentados.

II.2.14. Facer que os edificios sexan máis ecolóxicos.

Retomando precisamente o punto anterior sobre os edificios, estes producen máis dun terzo das emisións de gases de efecto invernadoiro na UE. Reducir estas emisións, xa sexa mediante unha maior eficiencia enerxética ou mediante unha redución do consumo de enerxía, é crucial para lograr a neutralidade climática de aquí a 2050.

A revisión da Directiva relativa á eficiencia enerxética dos edificios, que forma parte do paquete de medidas «Obxectivo 55», contribuirá a que os edificios da UE sexan máis eficientes dende o punto de vista enerxético.

En outubro de 2022, os Estados membros da UE, reunidos no seo do Consello, acordaron unha posición común sobre a proposta da Comisión de revisión da Directiva. O seguinte paso foi a negociación co Parlamento Europeo (diálogos tripartitos), da que en decembro de 2023 saíu un texto provisional coas modificacións a realizar na Directiva.

A reforma da directiva sobre a eficiencia enerxética dos edificios establece normas máis ambiciosas para os edificios novos e renovados na UE, de xeito que en 2050 todos os edificios deberán ser edificios de cero emisións.

Actualmente, os edificios da UE representan o 40% con consumo de enerxía final e o 36% das emisións de GEI relacionadas coa enerxía.

O Regulamento prevé medidas tanto para os edificios existentes como para os novos edificios.

No caso dos edificios de nova construción, os que sexan de propiedade pública terán que ser obrigatoriamente de cero emisións xa no 2028, e para o resto dos edificios, esta esixencia trasládase ao ano 2030. Ademais, todos os edificios, independentemente da súa propiedade, terán que contar cunha certificación enerxética a partir do ano 2030.

Para os edificios existentes, distínguese entre:

- edificios no residenciais: neste caso os Estados membros deberán establecer a cantidade máxima de enerxía que poderán consumir os edificios por metro cadrado ao ano.

- edificios residenciais: tamén deberán contar cunha certificación enerxética a partir de 2033 e deberán converterse en edificios de cero emisións de forma progresiva de xeito que: en 2033 deberán acadar polo menos a clase D e en 2040 o nivel fixado por cada estado membro que garanta a consecución dun parque inmobiliario de emisións cero en 2050.

Naturalmente haberá excepcións, e non será de aplicación a edificios históricos, lugares de culto e edificios empregados para actividade relixiosas, edificios independentes de menos de 50 metros cadrados, edificios propiedade das forzas armadas e empregados con fins de defensa e emprazamentos industriais, talleres e edificios agrícolas no residenciais.

Por outra banda, o Regulamento tamén establece que deberá instalarse enerxía solar:

- en 2027: en todos os edificios públicos e non residenciais cunha superficie útil superior a 250 metros cadrados

- en 2028: en todos os edificios públicos e non residenciais existentes obxecto de renovación en profundidade (cunha superficie útil superior a 400 metros cadrados)

- en 2030: en todos os edificios residenciais novos.

Para poder acometer todas estas esixencias, fundamentalmente de renovación, están previstas axudas financeiras, deducións fiscais e apoios administrativos. Nos orzamentos de 2024 están previstos máis de 23 millóns de euros para a mellora da eficiencia enerxética en edificios públicos e case de 18 millóns para o sector primario e industrial.

II.2.15. Substitución do gas fósil por gases renovables e hipocarbónicos.

Para que a UE alcance os obxectivos climáticos, tamén é necesario un cambio sistémico no sector da enerxía, reducindo o uso de combustibles fósiles e pasando a fontes de enerxía renovables.

En decembro de 2021, a Comisión propuxo unha revisión da organización do **mercado do gas** da UE como parte do paquete de medidas «Obxectivo 55», cuxo obxectivo é substituír progresivamente os gases fósiles na UE por **gases renovables e hipocarbónicos**, especialmente o hidróxeno. O paquete de medidas sobre os mercados do hidróxeno e dos gases descarbonizados inclúe propostas para revisar o Regulamento sobre o Gas e a Directiva sobre o Gas adoptados en 2009 e modificar o Regulamento sobre a Seguridade da Subministración de Gas de 2017.

Os Estados membros da UE acordaron en marzo de 2023 a posición do Consello («orientación xeral») sobre as normas propostas, para as negociacións co Parlamento Europeo.

As ditas negociacións remataron en novembro do 2023, tendo como resultado a publicación dun texto provisional, pendente de adoptar formalmente por ambas institucións.

As propostas son fundamentalmente as catro seguintes medidas:

1. Crear un mercado europeo para o hidróxeno: o que suporá, entre outras cousas, unha infraestrutura específica, “Redes de Hidróxeno” e unha “Rede Europea de Redes de Hidróxeno” e estudar de que xeito se facilitarán os intercambios comerciais con terceiros países.

2. Integrar os gases renovables e os hipocarbónicos na rede de gas existente, a través dun proxecto piloto que finaliza en 2029.

3. Protexer aos consumidores en materia de enerxía: abordando cuestións como a simplificación dos trámites ao cambiar de provedor de enerxía, maior información e máis transparente e facilitar o acceso a contadores intelixentes.

4. Aumentar a seguridade de subministro e a cooperación: a través dunha planificación que teña en conta tanto as redes de electricidade como de gas e hidróxeno; da xestión de sistemas de almacenamento e da potenciación da solidariedade entre países en momentos de crise.

Compre mencionar que os gases renovables e os hipocarbónicos son combustibles gasosos cunha pegada de carbono máis baixa que os fósiles.

Os gases renovables poden producirse a través de fontes orgánicas como é o caso do biogás e o biometano pero tamén de fontes non biolóxicas, como é o caso do hidróxeno verde e o metano sintético.

Pola súa parte, os gases hipocarbónicos non se producen a partir de fontes de enerxía renovables, pero xeran, como mínimo un 70% menos de emisións de GEI que un gas fósil.

Segundo datos da Comisión Europea, España é o terceiro país con máis potencial de desenvolvemento de biogás en Europa, con capacidade para alcanzar un potencial de xeración de 137 teravatio-hora (TWh) (7) anuais. Este potencial, unido ao do resto de gases renovables, podería chegar a cubrir máis do 50% da demanda total de gas en 2028. Así mesmo, e cos incentivos adecuados, en 2030 o país podería estar a producir 20 TWh de biometano, que supoñerían o 8% da demanda convencional (industrial e residencial) de gas natural.

En Galicia, existen na actualidade dous proxectos para a construción de **plantas de hidróxeno verde**, que contan ademais coa declaración como “Proxectos industriais estratéxicos” por parte do Consello da Xunta. Estes proxectos son:

- **H2 Pole**, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables en As Pontes de García Rodríguez. O obxectivo é que a primeira fase estea operando en 2025 e a última fase en 2030.

- e **H2 Meirama**, impulsada polo grupo Naturgy en Cerceda (A Coruña) e que conta tamén coa participación de Repsol e Reganosa. Calculase que estará en marcha o proxecto ao longo do ano 2025.

Coa construción de ambas plantas o obxectivo que se persegue é posicionar a Galicia como referente internacional na produción de hidróxeno verde no marco da “nova revolución industrial” que están a protagonizar as “enerxías renovables”.

Xunto cos proxectos anteriores, e no marco dos gases renovables, tamén cómpre mencionar o proxecto **Triskelion**, consistente na instalación na comarca de Mugardos dunha planta de xeración e almacenamento de **metanol verde** a partir de hidróxeno renovable. Esta iniciativa tamén conta coa declaración de “proxecto industrial estratéxico”. O inicio das operacións están previstas para 2028.

Nos orzamentos de 2025 da CA de **Galicia** están previstas actuacións para continuar co impulso dos gases de orixe renovable (fundamentalmente biogás, biomasa agrícola e hidróxeno verde), de xeito que se financiarán importantes actuacións no marco tanto do Fondo de Transición Xusta e do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

II.3. Estratexias da Xunta de Galicia fronte ao cambio climático.

Ademais dos datos comentados nalgúns dos apartados anteriores, a continuación recóllense os principais instrumentos estratéxicos e de planificación cos que conta actualmente o goberno galego en materia de cambio climático e enerxía.

II.3.1. Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.

A Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 é o instrumento planificador na loita fronte ao cambio climático e a transición enerxética de cara ao horizonte temporal 2050.

Esta Estratexia servirá para establecer as grandes liñas de acción na loita contra o cambio climático dende unha perspectiva rexional, centrada en Galicia, permitindo tamén contribuír aos obxectivos establecidos a nivel global nesta materia.

O seu deseño segue unha determinada estrutura que permite desenvolver cada un dos grandes bloques de actuación en materia de cambio climático:

- MITIGACIÓN das emisións de gases de efecto invernadoiro.
- ADAPTACIÓN aos seus impactos.
- INVESTIGACIÓN.
- DIMENSIÓN SOCIAL – GOBERNANZA – SENSIBILIZACIÓN.



Fonte: Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.

Galicia busca a través desta estratexia enviar unha sinal clara a nivel nacional e internacional sobre o seu futuro, fixando como obxectivo a longo prazo ser unha rexión neutra en emisións, e convertendo a Galicia nun polo de desenvolvemento de solucións ao problema do cambio climático, a través do talento da súa comunidade científica e a implicación da sociedade nos cambios estruturais necesarios para acadar este ambicioso pero necesario obxectivo.

II.3.2. SICLE-CO₂: solucións innovadoras para compensar as emisións de carbono.

Trátase dun proxecto innovador de contratación pública que ten como principal obxectivo axudar a Galicia a acadar a neutralidade en carbono incrementando os proxectos de compensación de carbono no noso territorio.

O proxecto ten catro retos fundamentais:

RETO 1. Banco de parcelas público: realizar un mapeo de todos os terreos galegos e a súa caracterización para estimar o seu potencial de absorción. Unha vez identificadas as parcelas susceptibles de ser rexistradas, a solución debe ser capaz de realizar unha estimación con suficiente grao de precisión, do potencial de absorción de CO₂.

RETO 2. Plataforma de colaboración para o intercambio de compensacións: propiciar un ecosistema de colaboración para a compensación de emisións, que aumente o número de proxectos galegos de compensación.

RETO 3. Seguimento de proxectos de compensación: mellorar a capacidade da administración para supervisar os proxectos de compensación e exercer un rol de controlador/árbitro que garanta que os principios xa descritos cúmplanse. Deberá permitir realizar un seguimento dos proxectos de compensación durante os 30 anos que esixe a normativa de vixilancia.

RETO 4. Carbon Farming e Blue Carbon: desenvolvemento dunha ferramenta predictiva que axude a determinar a capacidade de absorción de CO₂ dos terreos agrícolas e as áreas costeiras en Galicia, en función das distintas técnicas de Carbon Farming e Blue Carbon que sexan de aplicación en cada zona do territorio galego.

Durante o período de propostas, houbo 28 propostas de 16 empresas de diferentes sectores e tamaños e o seguinte paso será lanzar unha contratación pública de solucións innovadoras.

Ademais, déronse os primeiros pasos para a creación dun sistema voluntario de créditos de carbono (Reto 2), coa aprobación e apertura a información pública do proxecto de decreto lei que creará o antedito sistema.

II.3.3. *Pacto de alcaldes polo clima e a enerxía.*

O Pacto Global de Alcaldes polo Clima e a Enerxía é unha alianza global de cidades e gobernos locais voluntariamente comprometidos coa loita fronte ao cambio climático, reducindo os seus impactos inevitables e facilitando o acceso a enerxía sostible e alcanzable para todos.

A entrada en vigor do Acordo de París representou un compromiso máis amplo dos líderes globais para enfrontar os efectos do cambio climático. Ademais, cidades e gobernos locais están a tomar importantes decisións e levando a cabo significativas accións para reducir os impactos do cambio climático.

En outubro deste ano, nun dos eventos celebrados no marco da Semana Europea das Rexións e Cidades, a Comisión Europea puxo a Galicia como exemplo do éxito do Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía.

Dende que puxo en marcha, en 2018, a Oficina Técnica de Asistencia a Concellos, en Galicia pasouse dos 22 concellos adheridos naquel momento aos **285 actuais**, e case o **93 % deses concellos adheridos xa presentaron o correspondente Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sustentable** (PACES), que é unha folla de ruta indispensable para mellorar a eficiencia enerxética, utilizar fontes de enerxía renovables, aumentar a resiliencia e reducir as emisións de CO₂.

II.3.4. *Alianza Galega polo Clima.*

A Alianza Galega polo Clima é unha iniciativa creada en 2022 que avoga pola busca de medidas comúns e coordinadas que xeren sinerxías na acción climática en Galicia. Esta Alianza reúne a organizacións que estean dispostas a asumir un compromiso para avanzar na mellora do medio ambiente e o logro dos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030. Inclúe empresas, asociacións profesionais e organizacións sindicais, así como, oenegués ambientais, entidades da sociedade civil e administracións públicas que queiran achegar a súa experiencia e formar parte dunha Galicia neutra.

Os obxectivos desta Alianza Galega polo Clima son:

- Avogar por un compromiso de Acción Climática das diferentes organizacións que integrarán a Alianza.
- Visualizar o compromiso das organizacións galegas coa Acción Climática.
- Definir a priorización de estratexias e iniciativas comúns (sinerxía/coordinación) que resolvan os principais problemas ambientais de Galicia.
- Impulsar iniciativas de mellora en prácticas de sustentabilidade ambiental das organizacións e a sistemática de compartir estas boas prácticas.

- Realizar recoñecementos públicos de implicación coa mellora do medio ambiente.
- Identificar os factores, as brechas de coñecemento e de xestión que obstaculizan que as organizacións e as entidades non asuman un de Acción polo Clima e sustentabilidade ambiental.
- Ofrecer ferramentas a pequenas e medianas empresas e entidades locais para que poidan incorporarse de forma activa á Alianza e a unha mellora medio ambiental dos seus procesos.

Dende a posta en marcha da Alianza hai case un ano, a Xunta xa logrou sumar o apoio e adhesión de máis de **150 entidades galegas** a esta iniciativa vangardista e innovadora a nivel nacional que busca fomentar a colaboración pública e privada neste eido.

Ademais, xa recibiu dúas mencións:

- no ano 2022 foi recoñecida como unha das mellores Sustainability Action 2022 de impacto ambiental e social no eido da sostibilidade
- e en maio do ano 2023 recibiu un dos premios Cidades Sostibles & TIC, creados pola revista Sociedade da Información Dixital co obxectivo de divulgar e dar a coñecer proxectos sobre o desenvolvemento de tecnoloxía de comunicación e de información nas Administracións Públicas, aplicadas nos servizos á cidadanía. En concreto, a iniciativa do Goberno Galego foi premiada na categoría de boas prácticas medioambientais, na que competía con outras candidaturas da Universidade de Valladolid, do Concello de Ames e do Concello de Fuenlabrada.

II.3.5. Lei do Clima de Galicia.

O 22 de xuño de 2023 abriuse o período de exposición pública do anteproxecto de Lei do Clima de Galicia, unha normativa que busca “darlle rango legal ao compromiso de que Galicia sexa unha comunidade climáticamente neutra en 2050”, é dicir, que as emisións queden neutralizadas grazas á capacidade de absorción que podemos ofrecer.

Para conseguir esta meta, vaise traballar para reducir nun 57% as emisións de efecto invernadoiro ata 2030, para que as accións vencelladas ao clima sexan un eixo prioritario en todas as políticas da Xunta e garantir o equilibrio entre acadar estes obxectivos e o fortalecemento da actividade económica.

A través desta norma transformárase nunha obriga vinculante a consecución do reto da neutralidade climática en Galicia. Ademais desta meta principal e precisamente para axudar a lograla, a nova lei galega márcase como obxectivos introducir o clima e as accións necesarias de mitigación —para reducir as fontes de emisión ou potenciar os sumidoiros de GEI— e de adaptación —para mellorar a resiliencia de Galicia e os seus sectores máis

relevantes ante o cambio climático— como un **eixo prioritario e transversal en todas as políticas sectoriais da Xunta**, e tamén o establecemento do deber de protexer, conservar e restaurar o clima por parte tanto das administracións públicas galegas como da sociedade en xeral.

Búscase así unha lei que garanta o respecto aos límites ecolóxicos e que teña entre os seus principios reitores o de non causar un prexuízo ambiental significativo.

A futura Lei apoiarase en **tres instrumentos de planificación** para avanzar no cumprimento destas metas:

- a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e os seus plans de seguimento, aprobada en 2019 e na que se fixou por primeira vez o compromiso dunha Galicia climáticamente neutra

- os chamados orzamentos de carbono, instrumentos quinquenais que fixan os límites totais de emisións GEI en Galicia como folia de ruta que serva para orientar a acción política

- e os plans de acción para o clima e a enerxía sustentable, fixados como obriga para concellos de máis de 20.000 habitantes.

Estruturada en 7 títulos e 54 artigos, a Lei do Clima de Galicia recolle tanto os obxectivos cualitativos como as liñas estratéxicas que se desenvolverán na Comunidade nos vindeiros anos en materia de mitigación e de adaptación ao cambio climático.

Nesta liña, o anteproxecto prevé tanto instrumentos de planificación como unha serie de ferramentas ou iniciativas de diversa índole en que apoiarse para lograr os seus principais obxectivos. Entre as novidades cómpre subliñar a creación dun **novo centro de coñecemento** adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático que concentre a actividade científica e tecnolóxica na materia.

Así mesmo, para avanzar na gobernanza e na dimensión social das políticas de clima constituirase unha **comisión interdepartamental** para coordinar a acción das distintas consellerías, crearase un consello asesor de expertos e un portal de acción climática, que servirá como ventá de divulgación e transparencia, e regularase por lei a Alianza polo clima para acadar o compromiso de todos os axentes que operan en Galicia co clima.

Por último e para contribuír tamén á planificación climática, recóllese a necesidade de que os procesos de contratación da Administración Galega se rexan polos principios reitores da propia lei e sirvan así como exemplo dunha nova maneira de relacionar a actividade humana co ecosistema en que se leva a cabo, ao tempo que se avoga por un modelo produtivo e de consumo circular baseado no reaproveitamento dos recursos.



A AXUDA COMUNITARIA NOS ORZAMENTOS DA C.A. PARA 2025

III. A AXUDA COMUNITARIA NOS ORZAMENTOS DA C.A. PARA 2025

III.1. Cifras e análise dos datos

O total da Axuda dos programas comunitarios dos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos, EIE (FEDER, FEADER, FSE e FEMP) acadan nos orzamentos da C.A. para 2025 un montante de 1.125,5 millóns de euros.


Por tipo de fondo, destaca o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) concentrando o 40% da totalidade dos fondos comunitarios recibidos. En segundo lugar por contía se sitúa o FEADER, cun 19%, principalmente a través do PEPAC 23-27.

En terceiro lugar por contía atópase o FEDER, cun 18%.

O FEMPA supón un 8% do total de fondos europeos recibidos, ao igual que o FSE, mentres que o Fondo de Transición Xusta (FTX) aporta un 4%.

Por último, o FEAGA supón o 1% e o INTERREG no chega ao 1%.

Gráfico 11. Distribución dos importes comunitarios recibidos por tipo de fondo.




Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Analizando a distribución da Axuda comunitaria nos orzamentos da C.A. para 2025 por eixes do PEG 22-30, é o Eixe 3 “Competitividade e crecemento” ao que se destina un maior volume de fondos, en concreto o 56% do total, seguido dos eixes 1 e 2 de “Reto demográfico” (14%) e “Galicia verde e Sostible” (20%) respec-

tivamente. Por outra banda, ao Eixe 4 de “Cohesión social e territorial” se destinan o 9% dos fondos e finalmente, ao eixe 5 un 1%.

Gráfico 12. Distribución dos importes comunitarios recibidos por eixes do PEG 22-30



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Se temos en conta a distribución por *Prioridades de Actuación (PA)*, as axudas comunitarias se distribúen no total das PA, se ben a PA 5.03 recibe unha contribución residual; polo contrario, é a PA 3.05 “Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo” a que recibe unha maior contía, un 25,2% do total, derivado fundamentalmente dos 166,8 millóns de euros procedentes do FEADER 14-20. Tamén destaca a contía destinada á PA 3.03 “ Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento”, cun 11,4% dos fondos recibidos. En terceiro lugar por contía, sitúase a PA 3.01. “Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas”, á que se destinan o 8,5% das axudas comunitarias, onde destacan os 58,9 millóns de euros procedentes do MRR..

Das 21 prioridades de actuación, só 5 reciben menos dun 1% do total, concentrando as Pas mencionadas anteriormente o 45% das axudas comunitarias.

Táboa 2. Distribución da Axuda Comunitaria nos orzamentos 2025 por PA do PEG (euros)

EIXE	PA	TOTAL PRINCIPAIS AXUDAS COMUNITARIAS	%
Eixe 1 - Reto demográfico	1.1	14.609.319	1,3%
	1.2	18.802.462	1,7%
	1.3	76.099.027	6,8%
	1.4	43.281.889	3,8%
Eixe 2 - Galicia verde e sostible	2.1	83.907.094	7,5%
	2.2	31.487.736	2,8%
	2.3	32.198.849	2,9%
	2.4	79.314.364	7,0%
Eixe 3 - Competitividade e crecemento	3.1	95.384.684	8,5%
	3.2	63.888.116	5,7%
	3.3	128.258.563	11,4%
	3.4	17.924.426	1,6%
	3.5	284.007.903	25,2%
	3.6	43.259.597	3,8%
Eixe 4 - Cohesión social e territorial	4.1	43.002.460	3,8%
	4.2	53.728.403	4,8%
	4.3	4.768.689	0,4%
	4.4	5.193.798	0,5%
Eixe 5 - Gobernanza	5.1	2.396.666	0,2%
	5.2	3.903.015	0,3%
	5.3	45.486	0,004%
		1.125.462.546	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A continuación, recóllese a distribución da axuda comunitaria tendo en conta os *programas operativos* no seo de cada tipo de fondo.

Táboa 3. Distribución da axuda comunitaria procedente de FEDER nos orzamentos do 2025 (euros)

EIXE	PA	FEDER 21-27	
		Total	% s. T
Eixe 1 - Reto demográfico	1.1	2.000.000	1%
	1.2		
	1.3		
	1.4	24.908.062	11%
Eixe 2 - Galicia verde e sostible	2.1	23.745.577	10%
	2.2	9.722.522	4%
	2.3	4.722.333	2%
	2.4	27.542.652	12%
Eixe 3 - Competitividade e crecemento	3.1	28.542.788	13%
	3.2	18.865.953	8%
	3.3	57.634.704	25%
	3.4	3.500.000	2%
	3.5		
	3.6	3.591.818	2%
Eixe 4 - Cohesión social e territorial	4.1	10.725.645	5%
	4.2		
	4.3	4.142.803	2%
	4.4	3.000.000	1%
Eixe 5 - Gobernanza	5.1		
	5.2	3.565.027	2%
	5.3		
		226.209.884	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cómpre resaltar que os fondos procedentes do FEDER contribúen a 15 das 21 prioridades de actuación existentes no PEG 22-30.

Táboa 4. Distribución da axuda comunitaria procedente de FEADER nos orzamentos do 2025 (euros)

EIXE	PA	FEADER				
		14-20	EURI 14-20	PEPAC 23-27	Total	% s. T
Eixe 1 - Reto demográfico	1.1					
	1.2					
	1.3					
	1.4					
Eixe 2 - Galicia verde e sostible	2.1			3.114.200	3.114.200	1%
	2.2					
	2.3	3.965.317		22.513.840	26.479.157	11%
	2.4	1.282.381		7.511.248	8.793.629	4%
Eixe 3 - Competitividade e crecemento	3.1	496.469		4.961.392	5.457.861	2%
	3.2	891.249			891.249	0%
	3.3	2.000.000		16.391.053	18.391.053	8%
	3.4					
	3.5	65.209.529	14.262.897	87.392.253	166.864.679	72%
	3.6					
Eixe 4 - Cohesión social e territorial	4.1					
	4.2					
	4.3					
	4.4			2.108.038	2.108.038	1%
Eixe 5 - Gobernanza	5.1					
	5.2					
	5.3					
		73.844.945	14.262.897	143.992.024	232.099.866	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

No caso do FEADER, contribúe a 7 prioridades de actuación, sendo a PA 3.5 a que recibe un maior importe. Dentro desta PA, o conxunto dos importes procedentes do FEADER aportan o 58% do total de axudas. O PEPAC 23-27 é o que concentra un maior importe sobre o total, con 143,9 millóns de euros dos 232,0 millóns.

Táboa 5. Distribución da axuda comunitaria procedente de FEAGA nos orzamentos do 2025 (euros)

EIXE	PA	FEAGA	
		Total	% s. T
Eixe 1 - Reto demográfico	1.1		
	1.2		
	1.3		
	1.4		
Eixe 2 - Galicia verde e sostible	2.1		
	2.2		
	2.3		
	2.4		
Eixe 3 - Competitividade e crecemento	3.1		
	3.2		
	3.3		
	3.4		
	3.5	15.294.706	100%
Eixe 4 - Cohesión social e territorial	3.6		
	4.1		
	4.2		
	4.3		
Eixe 5 - Gobernanza	4.4		
	5.1		
	5.2		
	5.3		
		15.294.706	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Os importes procedentes do FEAGA son un total de 15 millóns de euros, que teñen o seu impacto na PA 3.5, supoñendo estes fondos un 5,4% do total da axuda comunitaria que recibe esta prioridade.

Táboa 6. Distribución da axuda comunitaria procedente de FTX nos orzamentos do 2025 (euros)

EIXE	PA	FONDO TRANSICIÓN XUSTA	
		Total	% s. T
Eixe 1 - Reto demográfico	1.1	4.191.246	8%
	1.2		
	1.3		
	1.4		
Eixe 2 - Galicia verde e sostible	2.1	9.566.500	17%
	2.2		
	2.3		
	2.4		
Eixe 3 - Competitividade e crecemento	3.1		
	3.2		
	3.3	40.645.877	74%
	3.4		
	3.5		
	3.6		
Eixe 4 - Cohesión social e territorial	4.1		
	4.2		
	4.3		
	4.4		
Eixe 5 - Gobernanza	5.1		
	5.2	300.000	1%
	5.3		
		54.703.623	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Pola súa parte, o FTX aporta un total de 54,7 millóns de euros, repartidos nas PAS 1.1 de emprego, 2.1 de cambio climático, medio ambiente e a 3.3 relacionada coa competitividade das empresas e 5.2 relacionado coas finanzas sustentables. No caso das PA 2.1 e 3.3, achega unha parte importante do total de fondos comunitarios.

Táboa 7. Distribución da axuda comunitaria procedente de MRR nos orzamentos do 2025 (euros)

EIXE	PA	MRR	
		Total	% s. T
Eixe 1 - Reto demográfico	1.1	7.815.800	2%
	1.2	18.361.313	4%
	1.3	76.099.027	16%
	1.4	17.892.854	4%
Eixe 2 - Galicia verde e sostible	2.1	45.322.008	9%
	2.2	21.765.214	4%
	2.3		
	2.4	42.920.507	9%
Eixe 3 - Competitividade e crecemento	3.1	58.951.736	12%
	3.2	44.013.639	9%
	3.3	11.361.553	2%
	3.4		
	3.5	15.558.572	3%
	3.6	39.401.612	8%
Eixe 4 - Cohesión social e territorial	4.1	32.276.815	7%
	4.2	53.728.403	11%
	4.3	577.511	0%
	4.4		
Eixe 5 - Gobernanza	5.1	2.396.666	0%
	5.2		
	5.3		
		488.443.230	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Os importes procedentes do MRR son un total de 488 millóns de euros, que teñen o seu impacto en 16 das 21 prioridades de actuación, concentrando o maior importe nas Pas 1.3 “ Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade” e 3.1 “Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas”. Son tamén moi relevantes nas Pas 4.2 e 3.2.

Táboa 8. Distribución da axuda comunitaria procedente de FEMPA 21-27 nos orzamentos do 2025 (euros)

EIXE	PA	FEMPA 21-27	
		Total	% s. T
Eixe 1 - Reto demográfico	1.1		
	1.2		
	1.3		
	1.4		
Eixe 2 - Galicia verde e sostible	2.1	1.645.080	
	2.2		
	2.3		
	2.4		
Eixe 3 - Competitividade e crecemento	3.1	2.170.693	2%
	3.2		
	3.3		
	3.4	14.424.426	14%
	3.5	85.561.080	82%
	3.6		
Eixe 4 - Cohesión social e territorial	4.1		
	4.2		
	4.3		
	4.4		
Eixe 5 - Gobernanza	5.1		
	5.2	37.988	0,04%
	5.3		
		103.839.267	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEMPA) para o período 2021-2027, contribúe en maior medida ás PA 3.4 e 3.5 relacionadas cos Portos de Galicia e a pesca e acuicultura e en menor medida á PA 2.1. Tamén contribúe, aínda que de xeito residual, á PA 5.2, con 37.988 euros.

Táboa 9. Distribución da axuda comunitaria procedente de INTERREG nos orzamentos do 2025 (euros)

EIXE	PA	INTERREG				
		POCTEP	EUROPE	SUDOE	Total	% s. T
Eixe 1 - Reto demográfico	1.1	246.733	55.540	150.000	452.273	10%
	1.2	389.984	51.165		441.149	10%
	1.3					
	1.4	411.373	69.600		480.973	10%
Eixe 2 - Galicia verde e sostible	2.1	513.729			513.729	11%
	2.2					
	2.3	997.359			997.359	22%
	2.4	57.576			57.576	1%
Eixe 3 - Competitividade e crecemento	3.1	261.606			261.606	6%
	3.2	36.225	81.050		117.275	3%
	3.3	174.187	51.189		225.376	5%
	3.4					
	3.5	429.315	122.751	88.400	640.466	14%
	3.6	266.167			266.167	6%
Eixe 4 - Cohesión social e territorial	4.1					
	4.2					
	4.3	48.375			48.375	1%
	4.4		85.760		85.760	2%
Eixe 5 - Gobernanza	5.1					
	5.2					
	5.3		45.486		45.486	1%
		3.832.629	562.541	238.400	4.633.570	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

No marco do INTERREG, a maior contía procede do POCTEP con 3.832.629 euros, dos 4.633.570 euros do conxunto do INTERREG. Como se pode observar na táboa anterior, contribúe fundamentalmente ás PA 2.3 “Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais” e 3.5 “ Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo”.

Táboa 10. Distribución da axuda comunitaria procedente de FSE+ nos orzamentos do 2025 (euros)

		FSE+ 21-27	
EIXE	PA	Total	% s. T
Eixe 1 - Reto demográfico	1.1	33.855.900	33%
	1.2	8.316.385	8%
	1.3		
	1.4	5.055.124	5%
Eixe 2 - Galicia verde e sostible	2.1		
	2.2		
	2.3		
	2.4		
Eixe 3 - Competitividade e crecemento	3.1	3.820.321	4%
	3.2	1.354.172	1%
	3.3		
	3.4		
	3.5		
	3.6		
Eixe 4 - Cohesión social e territorial	4.1	20.378.482	20%
	4.2	28.828.796	28%
	4.3		
	4.4		
Eixe 5 - Gobernanza	5.1		
	5.2	2.137.410	2%
	5.3		
		103.746.590	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Finalmente, no ámbito do FSE + a maior contribución é ás PA 1.1. (emprego e conciliación) 4.1 (educación) e 4.2 (inclusión social).

Exponse a continuación a **distribución da Axuda comunitaria por centros xestores.**

A anualidade presupostada da Axuda comunitaria *FEDER*, ascende a 226 millóns de euros no orzamento de 2025. A xestión está repartida nun amplo numero de centros xestores e Consellerías da Xunta de Galicia, de xeito que o número ascende a 16 xestores, sendo a Axencia Galega de innovación, o Sergas, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, AMTEGA, e IGAPE as que concentran a xestión.

Táboa 11. Distribución da Axuda FEDER por órgano xestor e consellerías no orzamento 2025 (euros)

Órgano/Consellería	Centro xestor	TOTAL	%
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	4.098.683	1,8%
	DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA	3.295.843	1,5%
	DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	3.000.000	1,3%
	DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR	500.000	0,2%
	DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE	5.476.330	2,4%
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	22.928.737	10,1%
	DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO	1.034.833	0,5%
	DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE	2.099.052	0,9%
	DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL	2.514.863	1,1%
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	10.725.645	4,7%
	SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES	3.542.788	1,6%
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO	671.064	0,3%
	DIRECCIÓN XERAL DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS	2.893.963	1,3%
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE	DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA	587.328	0,3%
	DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	1.555.475	0,7%
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN	DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL	2.000.000	0,9%
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE	2.100.000	0,9%
SERGAS - DIRECCIÓN XERAL	DIRECCION XERAL SS. CC.	24.908.062	11,0%
AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	2.000.000	0,9%
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	7.746.192	3,4%
AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	18.865.953	8,3%
AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	25.000.000	11,1%
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	3.591.818	1,6%
AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	1.087.500	0,5%
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	57.634.704	25,5%
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	16.351.051	7,2%
	TOTAL	226.209.884	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A anualidade presupostada do FEADER, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 248,0 millóns de euros.

Táboa 12. Distribución da Axuda do FEADER por órgano xestor e consellerías no orzamento 2025 (euros)

Órgano/Consellería	Centro xestor	FEADER 14-20	EURI 14-20	P.E.PAC 23-27	TOTAL	%
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	771.645		4.280.900	5.052.545	2,2%
	DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL	510.736		3.230.348	3.741.084	1,6%
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	4.361.510	224.486	1.367.678	5.953.674	2,6%
	DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE	3.965.317		22.513.840	26.479.157	11,4%
	DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL	8.082.712		20.335.970	28.418.682	12,2%
	DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS	34.583.331	13.918.411	31.922.053	80.423.795	34,7%
	DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL	5.922.684		1.190.000	7.112.684	3,1%
FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	300.000		29.031.672	29.331.672	12,6%
AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	891.249		2.108.038	2.999.287	1,3%
AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	2.000.000		4.263.489	6.263.489	2,7%
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA			3.114.200	3.114.200	1,3%
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	11.209.292		11.878.444	23.087.736	9,9%
AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	1.246.469	120.000	8.755.392	10.121.861	4,4%
TOTAL					232.099.866	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O número de centros que xestionarán o FEADER orzamentado elévase a 13.

Destaca a Axuda que será xestionada pola DX de Gandería, Agricultura, e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural (80,4 millóns de euros, que supón o 34,7% do total da Axuda), seguida da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (23,9 millóns de euros, 9,9%) e o Fondo Galego de Garantía Agraria (29,3 millóns de euros, 12,6%), e da DX de Planificación e Ordenación Forestal 28,4 millóns de euros, 12,2%).

A anualidade presupostada do FEAGA, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 15 millóns de euros, repartido en dous centros xestores, concentrando case o total (92,8%) a Consellería de Medio Rural.

Táboa 13. Distribución da Axuda do FEAGA por órgano xestor e consellerías no orzamento 2025 (euros)

Consellería/Órgano xestor	Centro xestor	TOTAL	%
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS	14.195.607	92,8%
FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	1.099.099	7,2%
TOTAL		15.294.706	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A anualidade presupostada do FTX, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 54,7 millóns de euros,

estando a xestión repartida en 5 órganos xestores, concentrando a maior parte da contía o IGAPE (74,3%).

Táboa 14. Distribución da Axuda do FTX por órgano xestor e consellerías no orzamento 2025 (euros)

Consellería/Órgano xestor	Centro xestor	TOTAL	%
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO	300.000	0,5%
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS	1.191.246	2,2%
	DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO	3.000.000	5,5%
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	40.645.877	74,3%
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	9.566.500	17,5%
TOTAL		54.703.623	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A anualidade presupostada da Axuda comunitaria FEMPA repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta de Galicia, ascende a 103,8 millóns de euros.

Táboa 15. Distribución da Axuda do FEMP/FEMPA por órgano xestor e consellerías no orzamento 2025 (euros)

Consellería/Órgano	Centro xestor	TOTAL	%
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO	37.988	0,04%
CONSELLERÍA DO MAR	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	5.904.426	5,69%
	DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	64.357.082	61,98%
	DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	33.539.771	32,30%
TOTAL		103.839.267	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Son 4 os centros directivos que xestionarán o FEMP presupostado para o ano 2025. Destaca a DX de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, con 64,3 millóns de euros, seguida da DX de Desenvolvemento Pesqueiro, con 33,5 millóns de euros, pertencentes as dúas a Consellería do Mar, que supoñen respectivamente o 62% e o 32,3% do total da Axuda.

A anualidade presupostada do FSE+ correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia no 2025, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 103,7 millóns de euros.

O número de centros directivos que xestionarán os fondos son 23.

Táboa 16. Distribución da Axuda do PO FSE+ Galicia 2021-2027 por órgano xestor e consellerías no orzamento 2025 (euros)

Consellería/Órgano xestor	Centro xestor	TOTAL	%
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL	SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES	2.620.321	2,5%
	DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	20.378.482	19,6%
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2.037.357	2,0%
	DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	4.055.385	3,9%
	DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	16.836.234	16,2%
	DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	3.952.386	3,8%
	DIRECCIÓN XERAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	630.000	0,6%
	DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE	7.013.000	6,8%
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOUREO	514.742	0,5%
	DIRECCIÓN XERAL DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS	1.622.668	1,6%
CONSELLERÍA DE SANIDADE	DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA	203.000	0,2%
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE	DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE	2.251.000	2,2%
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS	21.273.900	20,5%
	DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO	6.710.000	6,5%
	DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL	6.700.000	6,5%
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN	SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN	741.819	0,7%
A CORUÑA	ÁREA SANITARIA DE A CORUÑA E CEE	50.042	0,0%
	ÁREA SANITARIA DE FERROL	50.042	0,0%
	ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA	50.042	0,0%
LUGO	ÁREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS	50.042	0,0%
PONTEVEDRA	ÁREA SANITARIA DE VIGO	50.042	0,0%
SERGAS - DIRECCIÓN XERAL	DIRECCION XERAL SS. CC.	4.601.914	4,4%
AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	1.354.172	1,3%
TOTAL		103.746.590	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Destaca a Axuda comunitaria que será xestionada pola da Consellería de Política Social e Igualdade, que concentra un 33,3% do total, acompañada da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, que concentra outro 33,3%.

A anualidade presupostada no seo do INTERREG correspondente a C.A. de Galicia no 2025 repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 4.794.785 euros.

Táboa 17. Distribución do INTERREG por órgano xestor e consellerías no orzamento 2025 (euros)

Consellería/Órgano xestor	Centro xestor	INTERREG POCTEP	INTERREG EUROPE	TOTAL	%
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA	0	45.486	45.486	0,9%
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO	55.753	0	55.753	1,2%
	DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL	15.000	0	15.000	0,3%
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO	424.549	51.189	475.738	9,9%
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE	DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA	48.375	0	48.375	1,0%
	DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE	389.984	51.165	441.149	9,2%
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN	SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS	99.388	0	99.388	2,1%
	DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL	147.345	55.540	352.885	7,4%
CONSELLERÍA DO MAR	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	0	0	10.823	0,2%
	DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	0	0	28.793	0,6%
A CORUÑA	ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA	271.563	0	271.563	5,7%
PONTEVEDRA	ÁREA SANITARIA DE VIGO	136.923	0	136.923	2,9%
INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	111.875	85.760	197.635	4,1%
AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	0	138.570	138.570	2,9%
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	266.167	0	266.167	5,6%
AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	274.450	69.600	344.050	7,2%
AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	128.677	0	296.826	6,2%
AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	773.500	0	773.500	16,1%
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	120.278	0	120.278	2,5%
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	83.256	0	83.256	1,7%
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	429.315	65.231	494.546	10,3%
INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO	INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA	56.231	0	98.081	2,0%
TOTAL		3.832.629	562.541	4.794.785	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Como se pode observar na táboa a xestión está compartida entre 22 xestores, sendo a Axencia Galega de Emerxencias a que concentra maior importe, cun 16,1% do total.

Finalmente, anualidade presupostada no seo do MRR correspondente a C.A. de Galicia no 2025 repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 488,4 millóns de euros.

Son os fondos que nos que máis xestores distintos participan, cun total de 37.

Os xestores que concentran maior contía son o Instituto Galego de Vivenda e Solo (15,6%), a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) (7,9%), a Axencia de Turismo de Galicia (ATURGA) (9,3%) e a Axencia Galega de Innovación (GAIN) (10,7%)

Táboa 17. Distribución da Axuda do MRR por órgano xestor e consellerías no orzamento 2025 (euros)

Consellería/Órgano xestor	Centro xestor	TOTAL	%
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	725.408	0,1%
	DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE	20.677.887	4,2%
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	15.028.702	3,1%
	DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE	27.118.998	5,6%
	DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL	3.641.018	0,7%
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	3.985.097	0,8%
	SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES	1.854.000	0,4%
	DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL	17.515.230	3,6%
	DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	12.813.440	2,6%
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	38.470.202	7,9%
	DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	21.887.054	4,5%
	DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	3.589.455	0,7%
	DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	4.153.273	0,9%
	DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA	4.000.000	0,8%
	DIRECCIÓN XERAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	3.915.473	0,8%
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL	3.468.993	0,7%
	DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E MINAS	2.222.171	0,5%
CONSELLERÍA DE SANIDADE	DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA	560.000	0,1%
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE	DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	202.076	0,0%
	DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE	657.707	0,1%
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN	DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO	7.815.800	1,6%
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL	8.292.315	1,7%
	DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS	7.162.894	1,5%
CONSELLERÍA DO MAR	SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	1.316.098	0,3%
SERGAS - DIRECCIÓN XERAL	DIRECCION XERAL SS. CC.	16.607.446	3,4%
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	76.099.027	15,6%
AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	375.435	0,1%
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	1.087.327	0,2%
AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	38.623.560	7,9%
AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	52.212.795	10,7%
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	45.463.487	9,3%
AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	81.631	0,0%
AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	103.363	0,0%
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	9.139.382	1,9%
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	37.547.636	7,7%
AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	27.850	0,0%
INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO	INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA	1.000	0,0%
TOTAL		488.443.230	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO

IV. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO

Neste apartado o que se busca é analizar os orzamentos do ano 2025 dende a perspectiva do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, para observar como estes contribúen á consecución das prioridades de actuación e obxectivos do goberno galego no curto e medio prazo.

O Plan Estratéxico de Galicia 22-30 está formado por 5 eixes, 21 prioridades de actuación e 70 obxectivos estratéxicos:

Táboa 1. Estructura Plan Estratéxico de Galicia 2023-2030.

	Prioridades de actuación
Eixe 1	1.1. Acañar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada 1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias 1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade 1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade
Eixe 2	2.1. Fomentar dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico 2.2. Garantir unha mobilidade sustentable 2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais 2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural
Eixe 3	3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas 3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible 3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento 3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede 3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo 3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade
Eixe 4	4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade 4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante 4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía 4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única
Eixe 5	5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade 5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento sano 5.3. Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública.

Todo o relacionado co plan estratéxico pode consultarse na páxina web: **www.planestratexico2030.gal**.

O orzamento do Plan Estratéxico de Galicia (en adiante PEG) para o ano 2025 ascende a 13.954 millóns de euros, importe referido ao orzamento consolidado, que comprende o das entidades con orzamento limitativo (Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas e entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta) e no que non se contemplan os gastos derivados do capítulo 8 e, dentro do capítulo 9, o relativo á amortización de débeda pública.

A distribución por eixes manifesta que son os gastos destinados ao **Benestar das persoas e as familias e o reto demográfico (eixe 1) e á Cohesión social e territorial (eixe 4)**, os que absorben unha maior parte do orzamento, como garantía e mantemento dos gastos sociais, e coa finalidade de lograr uns servizos públicos de calidade dirixidos á cidadanía, principalmente nos eidos da sanidade, a educación e promoción do emprego, pero tamén en materias coma a inclusión social e o acceso á vivenda. A suma destes eixes supón algo máis de tres cuartas partes do orzamento total.

O eixe 1 “*Reto demográfico*”, ascende a máis de **6.400 millóns de euros**, representando o 46% do total dos orzamentos. Neste eixe recóllese o relativo á promoción do emprego, o benestar das familias e a conciliación, o acceso á vivenda e a sanidade.

Por outra banda, o eixe 4 de *Cohesión social e territorial* recolle a educación, o sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes, a promoción da igualdade de oportunidades e a inclusión social dos máis desfavorecidos, a promoción da cultura e lingua galega, e a cohesión territorial. Este eixe ascende a **máis de 4.200 millóns de euros, e representa o 30% do total do PEG**.

En terceiro lugar por contía orzamentaria, está a aposta pola **competitividade e co crecemento**, o eixe 3, cun orzamento total de máis de **1.800 millóns de euros, o 13% sobre o total**. Neste eixe atópanse as políticas de gastos vinculadas á I+D+i, que permitirán manter a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento, así coma as vinculadas ás novas tecnoloxías da información (TICs). Ademais, destaca o fomento da actividade empresarial e comercial, co impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos. Neste eixe tamén se recolle o fomento do sector primario e o turismo así coma a garantía dunhas adecuadas infraestruturas produtivas e de rede.

O eixe 2 *Galicia vede e sostible*, destinado a impulsar un **crecemento sustentable e resiliente, baseado nunha economía baixa en carbono, presenta un orzamento de máis de 600 millóns de euros, o 4% do total**. Neste eixe recóllense as medidas orientadas á eficiencia enerxética e o fomento das enerxías renovables, así coma unha mobilidade sostible que permita reducir as emisións contaminantes á atmosfera. Tamén se establece o reto de impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural. Ademais, tamén se recollen medidas encamiñadas a garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de

emergencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais


O eixe 5 de Gobernanza supera os 800 **millóns de euros e o 6% do orzamento**. Nel recóllese o obxectivo de alcanzar unha administración que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas, así coma garantir unhas finanzas sustentables para un crecemento san e o reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa.

Cadro 1. Distribución por eixes do PEG 22-30 no orzamento 2025

Eixes	Importe	% total
E1. Reto demográfico	6.448.647.831	46,2%
E2. Galicia verde e sostible	617.255.512	4,4%
E3. Competitividade e crecemento	1.817.966.794	13,0%
E4. Cohesión social e territorial	4.227.162.758	30,3%
E5. Gobernanza	842.868.012	6,0%
Total	13.953.900.907	100%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 1. Distribución por eixes do PEG no orzamento 2025



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A táboa seguinte mostra o orzamento 2025 por fonte de financiamento:

Cadro 2. Distribución do orzamento 2025 por fonte de financiamento

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	11.790.942.600	84,5%
Orzamentos Xerais do Estado	870.040.497	6,2%
Marco de Recuperación e resiliencia	488.443.230	3,5%
FEADER	232.099.866	1,7%
FEDER	226.209.884	1,6%
FEP	103.839.267	0,7%
FSE	103.746.590	0,7%
Fondos de Cohesión	54.703.623	0,4%
FCI	38.580.160	0,3%
PGCL	21.063.392	0,2%
FEAGA	15.294.706	0,1%
INTERREG	4.794.785	0,0%
Transferencias finalistas	3.135.000	0,0%
Outros Fondos europeos	1.007.307	0,0%
Total general	13.953.900.907	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Nesta memoria, os **indicadores de produtividade** que se presentan e analizan son os **indicadores clave**, que son os **máis relevantes de entre todos os indicadores** de produtividade por Obxectivo Estratéxico. Estes indicadores reflicten de xeito directo a contribución das actuacións e proxectos de gasto a cada obxectivo estratéxico, de acordo coa lóxica da intervención. Inclúense tamén os indicadores clave de produtividade relativos á actividade de Augas de Galicia e da Axencia.

IV.1. EIXE 1: RETO DEMOGRÁFICO

Este eixe ten por obxectivo incidir naqueles factores que son fundamentais para tratar de modificar a dinámica demográfica actual, caracterizada fundamentalmente por un excesivo avellentamento da poboación, con amplas repercusións na sociedade e o seu crecemento.

Para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia, así como ter o número de fillos e fillas que desexen, é preciso acadar e manter niveis de emprego elevado e de calidade, desenvolver políticas de conciliación da vida persoal e familiar, garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias, mellorar o acceso e as condicións de habitabilidade da vivenda, ademais de fortalecer unha asistencia sanitaria accesible, de carácter preventivo e curativo, e de boa calidade.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2025 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 3. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe I

E1. Reto demográfico	Importe	% total	% eixe
PA.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	445.831.386	3,2%	6,9%
PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	285.396.854	2,0%	4,4%
PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	222.483.303	1,6%	3,5%
PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	5.494.936.288	39,4%	85,2%
Total	6.448.647.831	46%	100%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 2. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe I



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A táboa seguinte mostra o orzamento do eixe por fonte de financiamento.

Cadro 4. Distribución do orzamento 2025 do eixe I por fonte de financiamento

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	5.715.360.295	88,6%
Orzamentos Xerais do Estado	481.040.868	7,5%
Marco de Recuperación e resiliencia	120.168.994	1,9%
FSE	47.227.409	0,7%
FCI	38.580.160	0,6%
FEDER	26.908.062	0,4%
PGCL	13.220.000	0,2%
Fondos de Cohesión	4.191.246	0,1%
INTERREG	1.374.395	0,021%
Outros Fondos europeos	511.402	0,008%
Transferencias finalistas	65.000	0,001%
Total	6.448.647.831	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Nos seguintes parágrafos analízanse as prioridades de actuación e os obxectivos estratéxicos correspondentes a este eixe.

IV.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada.

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional, da orientación para a procura de emprego, da formación e da acreditación de competencias, fomentando a igualdade de oportunidades. Garantir un proceso de aprendizaxe permanente ao longo da vida laboral, en especial para as persoas traballadoras con perfís máis elementais. Establecer condicións favorables no mercado laboral para fixar talento. Desenvolver o marco galego de competencias dixitais.
- Aumentar as competencias emprendedoras e impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables, facilitando a formación e o seu financiamento, ademais de mellorar a calidade e eficiencia dos servizos de apoio e de consolidación.
- Mellorar a situación das persoas empregadas aumentando a calidade do emprego mediante un emprego estable e a tempo completo e promover a progresión profesional. Acadar unhas relacións laborais modernizadas baseadas na responsabilidade social empresarial (RSE), nun entorno de traballo seguro, saudable e adaptado as súas necesidades profesionais.
- Impulsar e consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan harmonizar as súas responsabilidades laborais e familiares en condicións de igualdade e eliminando os estereotipos de xénero. Fomentar medidas de conciliación para manter no mercado laboral ás persoas con dependentes ao seu cargo, aumentar a contratación de mulleres e eliminar a fenda salarial entre homes e mulleres.
- Promover iniciativas empresariais baseada nas persoas e na cooperación como alternativa estable e de calidade para o emprego e o autoemprego colectivo, en particular entre as mulleres, a xuventude, as persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade, especialmente no medio rural.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos **obxectivos estratéxicos** desta prioridade de actuación.

Cadro 5. Distribución do orzamento 2025 da PA.I.1 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

PA.1.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	Importe	% Eixe	% PA
OE.1.1.01 Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional e da orientación, fomentando a igualdade de oportunidades	123.409.925	1,9	27,7
OE.1.1.02 Potenciar a formación, adquisición e acreditación de competencias profesionais, fomentando a igualdade de oportunidades. Promover a aprendizaxe permanente e adaptar a cualificación das persoas traballadoras ás necesidades do mercado de traballo	149.896.066	2,3	33,6
OE.1.1.03 Aumentar as competencias emprendedoras, impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables e fomentar un mercado de traballo inclusivo	93.647.379	1,5	21,0
OE.1.1.04 Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal	34.049.398	0,5	7,6
OE.1.1.05 Promover o cooperativismo e a economía social, como modelo de competitividade empresarial e sustentabilidade económica para xerar empregos de calidade, fomentar o desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades ou a inserción no mercado laboral de colectivos en exclusión	44.828.618	0,7	10,1
Total	445.831.386	6,9	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 3. Distribución do orzamento 2025 da PA.I.1 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

No obxectivo estratéxico OE 1.1.01 “Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional e da orientación, fomentando a igualdade de oportunidades” **os proxectos máis importantes que se van a desenrolar no ano 2025 son:**

- o proxecto de escolas obradoiro e obradoiros de emprego, con máis de 37 millóns de euros.

- programas integrados para o emprego, con máis de 10 millóns de euros.

- programas de adquisición de experiencia, con máis de 8 millóns de euros.

- proxectos de información, orientación e busca de emprego, con máis de 8 millóns de euros.

- programa de formación e aprendizaxe programas duais de emprego SNGX con máis de 6 millóns de euros, ao que se unen os incentivos para a súa contratación, con outros 6 millóns de euros.

No obxectivo estratéxico OE 1.1.02 “Potenciar a formación, adquisición e acreditación de competencias profesionais, fomentando a igualdade de oportunidades. Promover a aprendizaxe permanente e adaptar a cualificación das persoas traballadoras ás necesidades do mercado de traballo”, *entre os proxectos máis importantes podemos salientar:*

- o proxecto destinado á formación certificable de persoas desempregadas, cunha contía de máis de 50 millóns de euros; máis de 8 millóns de formación prioritaria a desempregados e máis de 17 millóns á formación certificable en xeral.

- o proxecto de diálogo social e formación para ocupados, con máis de 8 millóns de euros.

No obxectivo estratéxico OE 1.1.03 “Aumentar as competencias emprendedoras, impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables e fomentar un mercado de traballo inclusivo” **os proxectos máis importantes que se van a desenrolar no ano 2025 son:**

- o proxecto “Apoio á promoción do emprego autónomo” con case 29 millóns de euros e 8 millóns para o proxecto “Apoio na consolidación das persoas autónomas”

- o proxecto convocatoria de axudas emprendemento con máis de 7 millóns

- programas de adquisición de experiencia laboral no marco da RISGA e o proxecto de incentivos á contratación indefinida de persoas desfavorecidas, dotados de máis de 7 millóns de euros cada un.

- proxecto de fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), con 7 millóns de euros.

- bono emprendemento para novas empresas con máis de 6 millóns de euros.

No obxectivo estratéxico OE 1.1.04 “Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal” *entre os proxectos máis importantes podemos salientar:*

- o proxecto de “Plan corresponsables” con case 9 millóns de euros e que ten por obxecto principal a creación de bolsas de coidado profesional que faciliten a conciliación de familias con fillas e fillos menores de 16 anos, o fomento do emprego e a certificación da experiencia profesional de coidado non formal.

- as axudas en materia de prevención de riscos laborais con 1,6 millóns de euros.

- programas para o fomento da corresponsabilidade e axudas para medidas de conciliación e fomento da igualdade.

No obxectivo estratéxico OE 1.1.05 “Promover o cooperativismo e a economía social, como modelo de competitividade empresarial e sustentabilidade económica para xerar empregos de calidade, fomentar o desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades ou a inserción no mercado laboral de colectivos en exclusión” **os proxectos máis importantes que se van a desenvolver no ano 2025 son:**

- proxectos de fomento do emprego en centros especiais de emprego con máis de 27 millóns de euros.

- proxecto de fomento do emprego e consolidación de empresas de economía social, con 5 millóns de euros.

- proxectos de fomento do emprendemento colectivo e de formación dual de persoas con discapacidade con máis de 2 millóns de euros cada un deles e incentivos a empresas de inserción galegas con 1,5 millóns cada un deles.

Os **principais indicadores** que miden o desempeño destas actividades son:

a) Está previsto mellorar a empregabilidade de máis de 5.100 persoas desempregadas, a través das actuacións específicas previstas no OE 1.1.01

b) Participarán máis de 57.000 persoas en accións de formación, das cales máis de 33.600 serán mulleres (OE 1.1.02)

c) Co fin de aumentar as competencias emprendedoras, impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables e fomentar un mercado de traballo inclusivo (OE 1.1.03) , máis de 6.800 persoas desempregadas (incluídos os de longa duración) participarán en programas para este fin.

d) No contexto de consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal (OE I.I.04) beneficiaranse das actuacións realizadas 55 entidades en materia de prevención de riscos laborais; ademais contrataranse 675 persoas para o servizo de bolsas coidado, o cal facilitará a conciliación a 75.000 familias con nenos.

e) No seo do OE I.I.05, veranse beneficiadas 616 entidades de economía social e participarán máis de 2.700 persoas en accións de formación.

Cadro 6. Indicadores clave de produtividade da PA.I.I

E1 - Eixe 1. O reto demográfico

PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada

E01 - Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
SC01.H Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	2.664,0	Nº
SC01.M Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	2.498,0	Nº

E02 - Potenciar a formación, adquisición e acreditación de competencias profesionais, fomentando a igualdade de

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P227.H Participantes en accións de formación. Homes	24.048,0	Nº
P227.M Participantes en accións de formación. Mulleres	33.639,0	Nº

E03 - Aumentar as competencias emprendedoras, impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
DOC001 Número de empresas que reciben axudas	270,0	Nº
SC01.H Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes	3.475,0	Nº
SC01.M Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres	3.365,0	Nº

E04 - Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P0076B Entidades beneficiadas en materia de prevención de riscos laborais	55,0	Nº
P1107H Profesionais contratadas para o servizo de bolsas coidado. ((Homes)	275,0	Nº
P1107M Profesionais contratadas para o servizo de bolsas coidado. ((Mulleres)	400,0	Nº

E05 - Promover o cooperativismo e a economía social, como modelo de competitividade empresarial e sustentabilidade

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
DOC001 Número de empresas que reciben axudas	140,0	Nº
SC16.H Participantes con discapacidade. Homes	2.285,0	Nº
SC16.M Participantes con discapacidade. Mulleres	1.498,0	Nº

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación no orzamento 2025.

Cadro 7. Distribución do orzamento 2025 da PA.I.I por fonte de financiamento

PA.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	Importe	%
Orzamentos Xerais do Estado	278.711.600	63%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	118.542.750	27%
FSE	33.855.900	8%
Marco de Recuperación e resiliencia	7.815.800	2%
Fondos de Cohesión	4.191.246	1%
FEDER	2.000.000	0%
INTERREG	452.273	0%
Outros Fondos europeos	261.817	0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 8. Distribución do orzamento 2025 da PA.I.I por programas de gasto

PA.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	Importe	%
312G - APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL	9.510.410	2,1%
321A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO	11.313.441	2,5%
322A - MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE	72.232.081	16,2%
322C - PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO	132.531.848	29,7%
323A - FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS	132.048.654	29,6%
323B - FORMACIÓN PROFESIONAL DE OCUPADOS	17.827.346	4,0%
324A - MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	23.783.468	5,3%
324B - MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO	755.520	0,2%
324C - PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL	44.828.618	10,1%
512A - ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE	1.000.000	0,2%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 9. Xestores da PA.I.I no orzamento 2025

PA.1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
- DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE
- DIRECCIÓN XERAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
- DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
- SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS
- DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO
- DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL
INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL
AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE
CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Garantir o acceso gratuito á educación preescolar.
- Completar unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas non supoña unha eiva profesional para os pais e, en especial para as nais. Facilitar o aumento de servizos extraescolares a os menores en idade escolar co gallo de facilitar a conciliación dos pais e nais traballadoras.
- Definir un modelo sustentable de protección social no ámbito do benestar que sexa capaz de responder ás necesidades da cidadanía, incorporando un enfoque especializado e, polo miúdo de xénero e territorial.
- Promover unha cultura e sensibilidade social a favor dos dereitos e deberes da infancia e a adolescencia, así como a súa participación activa na sociedade.
- Fomentar o apoio ás familias numerosas: redefinir e mellorar o sistema de prestacións e axudas, fomentar a conciliación e o emprego de nais de familias numerosas.
- Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado.
- Visibilizar e apoiar o papel das persoas maiores na súa contribución ao benestar familiar e promover o seu empoderamento e participación social.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 10. Distribución do orzamento 2025 da PA.1.2 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	Importe	% Eixe	% PA
OE.1.2.01 Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres	264.311.708	4,1	92,6
OE.1.2.02 Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado	21.085.146	0,3	7,4
Total	285.396.854	4,4	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 4. Distribución do orzamento 2025 da PA.1.2 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Nesta prioridade de actuación, o obxectivo estratéxico máis relevante é o OE 1.2.01 “Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres”. Para conseguir este obxectivo realizaranse, entre outras, as seguintes actuacións:

- destinaranse case 56 millóns de euros á gratuidade das escolas infantís. Así mesmo, están previstos máis de 17 millóns a impulsar a escolarización no primeiro ciclo de educación infantil con novas prazas de titularidade pública,
- medidas de conciliación e dinamización demográfica, por unha contía de máis de 32 millóns de euros,
- contéplanse máis de 36 millóns de euros para concertos e programas con familias e menores. E máis de 5 millóns destinaranse ao acollemento de menores,

No obxectivo estratéxico OE 1.2.02 “Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado”, que supón o 7,2% do orzamento asignado a esta PA, o proxecto máis importante por contía está relacionado coa promoción de actividades de lecer e tempo libre para a xuventude, por algo máis de 4 millóns de euros.

Os seguintes indicadores medirán o desempeño destas actividades:

- a) No contexto do OE 1.2.01 está previsto,
- aumentar a capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas en 45.286 prazas
 - 24.197 familias beneficiaranse da tarxeta benvida e 13.500 do bono conciliación
- b) No contexto do OE 1.2.02 están previstos máis de 12.000 participantes en programas de xuventude

Cadro 11. Indicadores clave de produtividade da PA.1.2

E1 - Eixe 1. O reto demográfico

PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias

E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
D0C035 Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	45.286,0	Nº
P00450 Familias beneficiarias da tarxeta benvida	24.197,0	Nº
P01060 Familias beneficiarias de bonos para conciliación	13.500,0	Nº
P341.H Menores e familias beneficiarias de programas de integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (homes)	2.415,0	Nº
P341.M Menores e familias beneficiarias de programas de integración familiar, socioeducativos e terapéuticos (mulleres)	2.085,0	Nº
P111.H Menores en situación de acollemento residencial e atención de día (Homes)	4.112,0	Nº
P111.M Menores en situación de acollemento residencial e atención de día (mulleres)	1.730,0	Nº
MRR042 Novas prazas públicas de escolas infantís 0-3 anos	1.139,0	Nº

E02 - Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P1026H Participantes en programas de xuventude. Homes	4.764,0	Nº
P1026M Participantes en programas de xuventude. Mulleres	7.246,0	Nº

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 12. Distribución do orzamento 2025 da PA.1.2 por fonte de financiamento

PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	253.462.572	88,8%
Marco de Recuperación e resiliencia	18.361.313	6,4%
FSE	8.316.385	2,9%
Orzamentos Xerais do Estado	4.815.435	1,7%
INTERREG	441.149	0,2%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 13. Distribución do orzamento 2025 da PA.1.2 por programas de gasto

PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	Importe	%
311A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	4.911.701	1,7%
312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	255.662.338	89,6%
312F - PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE	1.796.616	0,6%
313A - SERVIZOS Á XUVENTUDE	19.288.530	6,8%
313B - ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER	289.897	0,1%
313C - SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	3.447.772	1,2%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 14. Xestores da PA.1.2 no orzamento 2025

PA.1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias	
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	- DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE
- DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE
- DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Garantir a intervención das administracións públicas no mercado da vivenda con fin de corrixir os fallos de mercado.
- Atender as necesidades reais da poboación local en cada contexto tendo en conta que existen distintas tipoloxías de concellos en Galicia.
- Dar cobertura a un arrendamento accesible como primeiro paso para a independencia das persoas novas, priorizando ás familias con fillos.
- Fomentar a accesibilidade de vivenda para as persoas en situación de vulnerabilidade, con especial atención ás zonas rurais. Axilizar o proceso de accesibilidade.
- Permitir a conexión entre poboación envellecida propietaria de vivenda e persoas con dificultades no acceso á vivenda.
- Reducir a carga que supón o custe da vivenda para os inquilinos.
- Facilitar o acceso e o mantemento da vivenda en condicións de habitabilidade e nunha contorna inclusiva, poñendo o foco nas familias máis vulnerables con menores, así como nos mozos e mozas.
- Promover os alugueiros sociais, que permitan ás persoas en situación de vulnerabilidade destinar como máximo un 30% dos seus ingresos ao pago da vivenda.
- Fomentar o asentamento das persoas con dificultades por todo o núcleo urbano das cidades, para minimizar o risco de que se xeren barrios de exclusión e segregación nas cidades.
- Reforzar as medidas para evitar ou paliar a perda da vivenda habitual como consecuencia dunha execución hipotecaria ou dun desafuzamento por falta de pagamento das rendas.
- Erradicar a infravivenda e mobilizar a vivenda baleira.
- Potenciar novos sistemas construtivos máis eficientes tanto dende o punto de vista económico, como do medio ambiente e a enerxía.
- Aproveitar o actual código técnico de edificación para mellorar os estándares de calidade das vivendas e sensibilizar á poboación sobre a relevancia destes.
- Concienciar á poboación da necesidade dun consumo responsable que se traduza nun modo de uso eficiente da vivenda (luz, auga, calefacción, electrodomésticos...).
- Promover a accesibilidade e a adaptación das vivendas ás necesidades dunha poboación cada vez máis envellecida.
- Fomentar a rehabilitación de infravivendas para acometer obras que permitan ter as mínimas condicións de habitabilidade e axilizar os trámites para rehabilitacións,

especialmente nos cascos históricos e mellorar o diálogo coas administracións locais.

- Considerar a rehabilitación na súa contorna, fomentando procesos globais de rexeneración urbana.
- No entorno rural, conciliar a necesidade de rehabilitación de vivendas de propietarios envellecidos e con baixo poder económico coa da poboación que se o podería permitir pero que non se instala no rural porque non ten acceso a determinados servizos.
- Nas cidades, promover a rehabilitación de vivenda baleira para que poida ser reutilizada e evite o deterioro das mesmas.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 15. Distribución do orzamento 2025 da PA.1.3 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	Importe	% Eixe	% PA
OE.1.3.01 Mellorar o acceso á vivenda en propiedade ou en aluguer dos fogares, principalmente para a mocidade e as persoas en situación de vulnerabilidade, e dar cobertura a aquelas situacións que se atopan en risco de perda da súa vivenda habitual	155.490.712	2,4	69,9
OE.1.3.02 Promover medidas de mellora da accesibilidade, habitabilidade e eficiencia enerxética das vivendas, que sexan saudables e que se adapten aos futuros cambios demográficos, ás novas tecnoloxías e aos retos que supón o cambio climático. Impulsar a rehabilitación da vivenda e a renovación e rexeneración urbana	66.992.591	1,0	30,1
Total	222.483.303	3,5	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 5. Distribución do orzamento 2025 da PA.1.3 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Nesta prioridade de actuación definíronse dous obxectivos estratéxicos, cunha distribución por importe orzamentario case equitativa, como se pode observar no gráfico anterior, sendo un pouco maior a proporción que concentra o OE 1.3.02.

No OE 1.3.01 “ Mellorar o acceso á vivenda en propiedade ou en aluguer dos fogares, principalmente para a mocidade e as persoas en situación de vulnerabilidade, e dar cobertura a aquelas situacións que se atopan en risco de perda da súa vivenda habitual” as principais medidas teñen que ver co programa de axuda á construción de vivendas eficientes en alugueiro social, cun orzamento de case 110 millóns de euros .

Tamén se destinarán 23 millóns de euros á rehabilitación de vivenda e 20 millóns á adquisición de solo residencial.

Así mesmo, destinaranse 5 millóns o fomento de aloxamentos temporais, de modelos cohousing, vivendas interxeracionais e similares.

E as axudas o alugamento terán un importe de 5 millóns.

No OE 1.3.02 “ Promover medidas de mellora da accesibilidade, habitabilidade e eficiencia enerxética das vivendas, que sexan saudables e que se adapten aos futuros cambios demográficos, ás novas tecnoloxías e aos retos que supón o cambio climático. Impulsar a rehabilitación da vivenda e a renovación e rexeneración urbana” as principais actuacións previstas son as seguintes:

- a partida máis destacada son os case 24 millóns de euros destinados á rehabilitación a nivel de edificio.

- tamén están previstos case 4 millóns de euros para o programa Rexurbe, que ten por obxecto a adquisición de inmobles en estado de abandono ou semiabandono nos cascos vellos da Coruña, Ferrol, Ourense, Ribadeo e Tui, para proceder á súa rehabilitación.

- e case 8 millóns para a mellora da accesibilidade a vivenda.

Os seguintes indicadores medirán o desempeño das actividades incluídas nos proxectos mencionados:

- a) Está previsto que se concedan 4.115 axudas para o acceso á vivenda, que se liciten 200 vivendas de promoción pública e que entren en fase de construción 865 vivendas
- b) No caso da rehabilitación, prevese conceder máis de 166 axudas e licitaranse 21 vivendas de promoción pública para rehabilitación.

Cadro 16. Indicadores clave de produtividade da PA.1.3

E1 - Eixe 1. O reto demográfico

PA03 - Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade

E01 - Mellorar o acceso á vivenda en propiedade ou en aluguer dos fogares, principalmente para a mocidade e as

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P0045D Axudas concedidas para o acceso á vivenda	4.115,0	Nº
P01129 Superficie afectada por traballos técnicos/mantemento	1.691.263,0	M2
P01128 Vivendas de promoción pública en proceso de construción	865,0	Nº
P00314 Vivendas de promoción pública licitadas	200,0	Nº
P00317 Vivendas/aloxamentos con concesión de subvención.	99,0	Nº

E02 - Promover medidas de mellora da accesibilidade, habitabilidade e eficiencia enerxética das vivendas, que

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P0045J Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda	166,0	Nº
P00315 Vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación	21,0	Nº

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 17. Distribución do orzamento 2025 da PA.1.3 por fonte de financiamento

PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	125.237.276	56,3%
Marco de Recuperación e resiliencia	76.099.027	34,2%
Orzamentos Xerais do Estado	21.147.000	9,5%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 18. Distribución do orzamento 2025 da PA.1.3 por programas de gasto

PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	Importe	%
313A - SERVIZOS Á XUVENTUDE	2.000.000	0,9%
451A - FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA	67.833.147	30,5%
451B - ACCESO Á VIVENDA	152.650.156	68,6%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 19. Xestores da PA.1.3 no orzamento 2025

PA.1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE
- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade.

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Impulsar un modelo de atención sanitaria moderno e de calidade, onde as persoas sexan as auténticas protagonistas do seu proceso de saúde, que se focalice na atención integral dos pacientes, baseado nas necesidades e resultados en saúde, no respecto, a autonomía, a equidade e a información en relación cos pacientes.
- Fortalecer os valores do sistema público de saúde.
- Acadar un sistema sanitario que mellore a saúde da poboación, a calidade, experiencia e formación do paciente, a satisfacción dos profesionais e incremente a eficiencia.
- Acadar uns servizos máis próximos á cidadanía para favorecer vivir máis e mellor.
- Impulsar a atención a domicilio con equipos de soporte de atención domiciliaria con Hospitalización e Asistencia a Domicilio, en definitiva proporcionar servizos e prestacións máis próximos á cidadanía ("sanidade no fogar").
- Promover a telemonitorización da asistencia nas patoloxías crónicas de maior impacto en saúde e poñer a disposición da cidadanía ferramentas para o seu autocoidado en saúde de forma proactiva.
- Promover a corresponsabilidade da cidadanía co sistema de saúde.
- Aumentar a carteira de servizos dos hospitais comarcais e reforzar a atención primaria como vertebradora do sistema de saúde con máis e mellores recursos.
- Utilizar a metodoloxía da avaliación de tecnoloxías sanitarias para apoiar as decisións de servizos a incorporar ao sistema de atención sanitaria.
- Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades nos principais problemas de saúde pública: prevención consumo de tabaco e diminuír a obesidade e o comportamento sedentario. Promover unha renovación tecnolóxica e impulsar novos cribados.
- Afondar na transformación dixital do sistema sanitario e continuar na mellora dos sistemas de información innovadores para mellorar os labores de prevención, diagnose, tratamento, control e xestión na sanidade no seu conxunto.
- Desenvolver ferramentas que permitan á cidadanía interactuar co sistema de saúde e mellorar o seu autocoidado.
- Desenvolver un sistema de axuda no diagnóstico empregando intelixencia artificial e Big Data.
- Construír unha Historia clínica intelixente, que axude a tomar decisións clínicas.
- Mellorar a rede de vixilancia epidemiolóxica, en base en novos sistemas de información, como factor determinante para a alerta e promoción da saúde e control de enfermidades.

- Mellorar a satisfacción dos profesionais sanitarios e incrementar a súa formación a través dun plan de formación continuada adaptado ás necesidades dos profesionais. Transformar o coñecemento para favorecer novas contornas de aprendizaxe e potenciar novas metodoloxías docentes.
- Promover infraestruturas sanitarias máis eficientes que melloren a calidade asistencial e sexan respectuosas co medio ambiente.
- Modernizar e adecuar as infraestruturas e o equipamento sanitario ás necesidades de pacientes e profesionais.
- Continuar promovendo a innovación sanitaria, de xeito que Galicia sexa pioneira en materia de I+D+i en materia sanitaria. Consolidar unha contorna de investigación atractiva para a incorporación, captación e retención de persoal investigador altamente cualificado, orientado ás necesidades do sector sanitario.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 20. Distribución do orzamento 2025 da PA.1.4 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	Importe	% Eixe	% PA
OE.1.4.01 Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación, aproveitar as tecnoloxías para impulsar a atención a domicilio e a teleasistencia que permitan prestar un mellor servizo asistencial a unha poboación moi avellentada e espallada no territorio	2.545.312.434	39,5%	46,3%
OE.1.4.02 Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades e problemas de saúde	71.851.616	1,1%	1,3%
OE.1.4.03 Desenvolver, manter e implantar tecnoloxías e sistemas de información innovadores para mellorar as labores de prevención, diagnose, tratamento, control e xestión na sanidade	80.958.777	1,3%	1,5%
OE.1.4.04 Aumentar a eficiencia financeira do sistema sanitario e mellorar a xestión do capital humano e a satisfacción dos profesionais, a través dunha xestión orientada a resultados	2.395.953.042	37,2%	43,6%
OE.1.4.05 Modernizar e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os nosos centros sanitarios enerxeticamente máis eficientes, promovendo a economía circular e o respecto ao medio ambiente	338.311.614	5,2%	6,2%
OE.1.4.06 Fomentar a I+D+i no Sistema Público de Saúde de Galicia dirixida as necesidades dos e das pacientes co obxectivo de mellorar a súa atención e a transferencia dos resultados á sociedade	23.403.904	0,4%	0,4%
OE.1.4.07 Impulsar o deporte dende a etapa escolar e como práctica integradora e inclusiva que conduza á súa xeneralización entre a poboación galega, fortalecendo o deporte feminino e atendendo aos deportistas de alto nivel durante e despois da súa dedicación deportiva, así como a procurando as condicións máis adecuadas que coaduxen aos clubs e deportistas nas súas respectivas competicións deportivas dentro e fóra de Galicia	39.144.901	0,6%	0,7%
Total	5.494.936.288	85%	100%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 6. Distribución do orzamento 2025 da PA.1.4 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Esta prioridade de actuación distribúese en sete obxectivos estratéxicos, sendo os máis relevantes dende o punto de vista orzamentario os OES 1.4.01, 1.4.03 e 1.4.04, concentrando algo máis do 90% do total orzamentado para a PA 1.4.

Dentro do obxectivo estratéxico *OE 1.4.01* “Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación, aproveitar as tecnoloxías para impulsar a atención a domicilio e a teleasistencia que permitan prestar un mellor servizo asistencial a unha poboación moi avellentada e espallada no territorio” a maior parte do gasto concéntrase en farmacia (receitas médicas), con máis de 870 millóns de euros e a urxencias sanitarias (servizo 061) ao que se destinan máis de 91 millóns de euros. Tamén cabe salientar que dentro das partidas máis relevantes, destaca o Programa de saúde mental post covid, con máis de 10 millóns de euros.

No contexto desde OE, e como se pode observar no cadro de **indicadores**, está previsto que o número de receitas dispensadas estea na contorna dos 76,6 millóns; o número de consultas en atención primaria está previsto en 29 millóns, mentres que as de atención hospitalaria está previsto que cheguen a 4,9 millóns.

No obxectivo estratéxico *OE 1.4.02* “Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades e problemas de saúde” destaca o programa galego de vacinación con máis de 41 millóns e dedícanse case 8 millóns a asistencia a adicións. Esperanse poñer máis de 1,7 millóns de vacinas e atender a case 18.000 persoas nos programas de adicións e saúde mental

No obxectivo estratéxico OE 1.4.03 “Desenvolver, manter e implantar tecnoloxías e sistemas de información innovadores para mellorar as labores de prevención, diagnose, tratamento, control e xestión na sanidade” recóllese o proxecto TICS, para mellorar as interconsultas electrónicas, con máis de 23 millóns de euros.

No contexto desde OE, e como se pode observar no cadro de **indicadores**, cómpre destacar que se prevé que o número de e-consultas se incremente en torno a un 3% con respecto ao ano anterior, acadando a cifra a máis de 339.000.

No OE 1.4.04 “ Aumentar a eficiencia financeira do sistema sanitario e mellorar a xestión do capital humano e a satisfacción dos profesionais, a través dunha xestión orientada a resultados” o 94% do orzamento previsto destínase aos gastos operativos derivados da atención sanitaria.

O principal indicador que medirá as actividades deste OE é o número de efectivos, cun valor previsto de 39.219.

No OE 1.4.05 “ Modernizar e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os nosos centros sanitarios enerxéticamente máis eficientes, promovendo a economía circular e o respecto ao medio ambiente” destínanse case 75 millóns o novo hospital de Vigo.

Á ampliación do hospital de Montecelo dedícanse máis de 71 millóns.

Para o plan de atención primaria destínanse máis de 13 millóns e para o plan de acción de atención primaria máis de 5 millóns máis.

No OE 1.4.06 “ Fomentar a I+D+i no Sistema Público de Saúde de Galicia dirixida as necesidades dos e das pacientes co obxectivo de mellorar a súa atención e a transferencia dos resultados á sociedade” adicáanse 17 millóns de euros a investigación sanitaria .

No OE 1.4.07 “ Impulsar o deporte dende a etapa escolar e como práctica integradora e inclusiva que conduza á súa xeneralización entre a poboación galega, fortalecendo o deporte feminino e atendendo aos deportistas de alto nivel durante e despois da súa dedicación deportiva, así como a procurando as condicións máis adecuadas que coaduxen aos clubs e deportistas nas súas respectivas competicións deportivas dentro e fóra de Galicia” dedícanse máis de 7 millóns de euros a transferencias a federacións deportivas.

Neste OE, e como se pode comprobar no cadro de **indicadores**, estímanse en máis de 295.000 as licenzas federativas e en 368 as actuacións de mellora de infraestruturas.

Cadro 21. Indicadores clave de produtividade da PA.I.4

E1 - Eixe 1. O reto demográfico

PA04 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade

E01 - Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación, aproveitar as

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00121	Número de consultas en atención hospitalaria	4.912.235,0 Nº
P00122	Número de consultas en atención primaria	29.401.925,0 Nº
P01003	Número de receitas dispensadas	76.694.725,0 Nº
P00391	Poboación cuberta por ambulancia asistencial - soporte vital básico en menos de 15 minutos	90,0 %

E02 - Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades e problemas de saúde

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00005	Número de doses administradas en primovacinação	14.400,0 Nº
P00007	Número de doses de vacinas administradas a persoas adultas	1.701.000,0 Nº
P402.H	Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Homes	14.018,0 Nº
P402.M	Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Mulleres	3.833,0 Nº

E03 - Desenvolver, manter e implantar tecnoloxías e sistemas de información innovadores para mellorar as

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00163	Centros hospitalarios construídos e/ou mellorados	2,0 Nº
P00129	Número de e-interconsultas	339,0 Nº
MRR027	Proxectos piloto implementados	5,0 Nº

E04 - Aumentar a eficiencia financeira do sistema sanitario e mellorar a xestión do capital humano e a

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P01004	Número de efectivos	39.219,0 Nº

E05 - Modernizar e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os nosos

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00162	Centros de saúde construídos e/ou mellorados	37,0 Nº
P00163	Centros hospitalarios construídos e/ou mellorados	66,0 Nº

E06 - Fomentar a I+D+i no Sistema Público de Saúde de Galicia dirixida as necesidades dos e das pacientes co

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00438	Actividades de avaliación de tecnoloxías sanitarias executadas	10,0 Nº
P01049	Poboación cuberta	2.701.631,0 Nº

E07 - Impulsar o deporte dende a etapa escolar e como práctica integradora e inclusiva que conduza á súa

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P01011	Actuacións en infraestruturas e equipamentos	368,0 Nº
P1009H	Número de licenzas federativas. Homes	215.000,0 Nº
P1009M	Número de licenzas federativas. Mulleres	80.000,0 Nº

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 22. Distribución do orzamento 2025 da PA.1.4 por fonte de financiamento

PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	5.218.117.697	95,0%
Orzamentos Xerais do Estado	176.366.833	3,2%
FCI	38.580.160	0,7%
FEDER	24.908.062	0,5%
Marco de Recuperación e resiliencia	17.892.854	0,3%
PGCL	13.220.000	0,2%
FSE	5.055.124	0,1%
INTERREG	480.973	0,0%
Outros Fondos europeos	249.585	0,0%
Transferencias finalistas	65.000	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 23. Distribución do orzamento 2025 da PA.1.4 por programas de gasto

PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	Importe	%
411A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	77.252.831	1,4%
412A - ATENCIÓN HOSPITALARIA	3.480.354.535	63,3%
412B - ATENCIÓN PRIMARIA	1.668.415.331	30,4%
413A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA	121.927.071	2,2%
414A - FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS	84.543.533	1,5%
441A - PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	39.144.901	0,7%
561C - INVESTIGACIÓN SANITARIA	23.298.086	0,4%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 24. Xestores da PA.1.4 no orzamento 2025

PA.1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	LUGO
- SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	-ÁREA SANIT. DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS
- DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR	OURENSE
CONSELLERÍA DE SANIDADE	- ÁREA SANIT. DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	PONTEVEDRA
- DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA	- ÁREA SANITARIA DE VIGO
- DIRECCIÓN XERAL DE PLANIF. E REFORMA SANITARIA	- ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS
A CORUÑA	SERGAS - DIRECCIÓN XERAL
- ÁREA SANITARIA DE A CORUÑA E CEE	- DIRECCION XERAL SS. CC.
- ÁREA SANITARIA DE FERROL	AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE
- ÁREA SANIT. DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA	AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.2. EIXE 2: GALICIA VERDE E SOSTIBLE

Para deixar ás vindeiras xeracións unha Galicia sustentable e con futuro é preciso abordar unha estratexia nunha tripla vertente: mitigar a contaminación que estamos a producir como consecuencia de todo tipo de actividades, tanto económicas coma de ámbito persoal; afondar no estudo dos efectos do cambio climático na nosa Comunidade co fin de mellorar a resiliencia ó mesmo e reducir a vulnerabilidade ante posibles eventos adversos; xestión máis sostible do noso patrimonio natural xunto co compromiso da sociedade e da Administración para afrontar o reto de ser menos contaminantes e respectuosos cos nosos recursos.

Polo tanto, este segundo eixe do plan estratéxico está centrado en:

- O fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente.
- O reforzo do control e da observación ambiental e aumento da resiliencia ao cambio climático.
- A mobilidade sostible, fomentando un transporte menos contaminante e impulsando a intermodalidade.
- A xestión sostible do patrimonio natural, do ciclo da auga e dos residuos, fomentando a sensibilización da sociedade e o compromiso das administracións.

Compre mencionar que neste eixo tamén se recollen as actuacións necesarias para garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático. Ademais, neste contexto, e como xa se mencionou anteriormente, un dos principais obxectivos deste eixe é aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2025 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 25. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 2

E2. Galicia verde e sostible	Importe	% total	% eixe
PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	120.278.313	0,9	19,5
PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable	96.187.668	0,7	15,6
PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	261.738.076	1,9	42,4
PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	139.051.455	1,0	22,5
Total	617.255.512	4,4	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 7. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 2



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A táboa seguinte mostra o orzamento do eixe por fonte de financiamento.

Cadro 26. Distribución do orzamento 2025 do eixe 2 por fonte de financiamento

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	367.181.652	59,5%
Marco de Recuperación e resiliencia	110.007.729	17,8%
FEDER	65.733.084	10,6%
FEADER	38.386.986	6,2%
Orzamentos Xerais do Estado	14.872.848	2,4%
Fondos de Cohesión	9.566.500	1,5%
PGCL	7.397.497	1,2%
FEP	1.645.080	0,3%
INTERREG	1.610.514	0,3%
Transferencias finalistas	750.000	0,1%
Outros Fondos europeos	103.622	0,0%
Total	617.255.512	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía

renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico.

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Mellorar a eficiencia enerxética primaria e final, de xeito que se consiga un aforo enerxético significativo e se reduza a dependencia enerxética do exterior.
- Aumentar a transparencia e a seguridade xurídica no sector enerxético para incentivar os investimentos.
- Redución da intensidade enerxética do tecido empresarial, aumentando con elo o aforo e a eficiencia enerxética nas empresas, así como a consolidación da cultura das auditorías enerxéticas.
- Aumentar os criterios de eficiencia enerxética na contratación pública.
- Fomento da I+D+i tecnolóxica no terreo enerxético, especialmente no campo da eficiencia enerxética e das enerxías renovables. Promover o uso de solucións dixitais para contribuír á optimización da produción, distribución, consumo e almacenamento de enerxía, con fin de coordinar mellor todos os nodos da rede enerxética, dende o produtor ata o consumidor final.
- Consolidación das boas prácticas en materia de consumo enerxético entre a poboación e considerar aos cidadáns nunha dobre vertente: como consumidores e como xeradores de enerxía.
- Mellorar a información enerxética dos produtos do mercado para que o consumidor dispoña dunha maior información que lle facilite a toma de decisións e a adquisición de equipos cunha mellor cualificación enerxética.
- Diversificar as fontes renovables. Continuar co fomento de actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento da biomasa térmica, enerxía eólica e o autoconsumo eléctrico. Impulsar proxectos de enerxías renovables como os gases renovables e as fontes de enerxía mariña entre outras.
- Desenvolvemento de proxectos impulsados por comunidades de enerxías renovables.
- Avanzar en sistemas de almacenaxe deste tipo de enerxía renovable que sexan respectuosos co medio ambiente e a integración paisaxística.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 27. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.1 por obxectivos estratéxicos

PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	Importe	% Eixe	% PA
OE.2.1.01 Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, incidindo no que atinxe á intensidade enerxética	65.171.842	10,6	54,2
OE.2.1.02 Aumentar o peso das enerxías renovables autóctonas no mix enerxético para favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono e reducir a dependencia enerxética do exterior	55.106.471	8,9	45,8
Total	120.278.313	19,5	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 8. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.1 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Esta prioridade de actuación conta con dous obxectivos estratéxicos.

No Obxectivo estratéxico **OE 2.1.01** “ Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, incidindo no que atinxe á intensidade enerxética” destaca fundamentalmente o proxecto de “mobilidade eléctrica” dentro do Marco de Recuperación e Resiliencia”, ao que se destinarán máis de 11 millóns de euros. Destinaranse máis de 8 millóns a mellora enerxética e tamén compre destacar que se destinarán máis de 9 millóns de euros á rehabilitación do edificio dos antigos xulgados de Vigo na rúa Lalín.

No **OE 2.1.02** “ Aumentar o peso das enerxías renovables autóctonas no mix enerxético para favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono e reducir a dependencia enerxética do exterior” teñen unha especial relevancia as seguintes actuacións:

- o proxecto destinado ao autoconsumo enerxético, no seo do Marco de Recuperación e Resiliencia, cunha contía de máis de 16 millóns de euros,
- case 12 millóns de euros a diversos proxectos de enerxías renovables e incentivos aos gases de orixe renovable por un importe de 2,6 millóns de euros,
- tamén se destinarán máis de 4 millóns de euros ao desenvolvemento do almacenamento enerxético

Os principais indicadores empregados son:

a) No contexto do OE 2.1.01

- Prevese realizar 19 actuacións de mellora, rehabilitación ou construción
- Conceder axudas en materia de eficiencia enerxética, un total de 1.070 axudas.
- b) No contexto do OE 2.1.02; está previsto que se concedan 6.765 axudas.

Cadro 28. Indicadores clave de produtividade da PA.2.1

E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible

PA01 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas

E01 - Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
MRR034 Actuacións de mellora, rehabilitación e/ou construción	4,0	Nº
P00028 Actuacións de mellora, rehabilitación e/ou construción.	15,0	Nº
P0045G Axudas concedidas en eficiencia enerxética	1.070,0	Nº

E02 - Aumentar o peso das enerxías renovables autóctonas no mix enerxético para favorecer o paso a unha

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P0045F Axudas concedidas ao fomento das enerxías renovables	6.765,0	Nº
D0C001 Número de empresas que reciben axudas	19,0	Nº

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 29. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.1 por fonte de financiamento

PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	Importe	%
Marco de Recuperación e resiliencia	45.322.008	37,7%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	30.996.355	25,8%
FEDER	23.745.577	19,7%
Fondos de Cohesión	9.566.500	8,0%
Orzamentos Xerais do Estado	5.374.864	4,5%
FEADER	3.114.200	2,6%
FEP	1.645.080	1,4%
INTERREG	513.729	0,4%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 30. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.1 por programas de gasto

PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	Importe	%
121A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMON XERAL E PERIFERICA DA XUNTA DE GALICIA	12.480.500	10,4%
131A - ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	5.643.072	4,7%
312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS	150.000	0,1%
412A - ATENCIÓN HOSPITALARIA	362.084	0,3%
422M - ENSINANZA SECUNDARIA , FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS	1.636.135	1,4%
541A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	3.684.475	3,1%
723A - COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA	2.350.114	2,0%
732A - REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL	2.155.659	1,8%
733A - EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES	88.036.263	73,2%
741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	114.802	0,1%
761A - POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO	3.665.209	3,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 31. Xestores da PA.2.1 no orzamento 2025

PA.2.1. Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	
PRESIDENCIA DA XUNTA	- DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E MINAS
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	- SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	CONSELLERÍA DO MAR
- DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA	- DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	A CORUÑA
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	- ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA
- DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO	LUGO
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL	- ÁREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	SERGAS - DIRECCIÓN XERAL
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL
- SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA
- DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable.

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e facéndoo máis atractivo.
- Garantir unha transición xusta, tendo en conta as implicacións que pode ter o fomento do transporte colectivo no sector da automoción.
- Impulsar a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte, facendo especial fincapé en mellorar a accesibilidade (aparcadoiros nas inmediacións das estacións de bus, ferrocarril, etc.), mellorar os horarios, frecuencias e conexións, modernizar das infraestruturas e sensibilizar e formar á cidadanía en mobilidade sustentable.
- Superar as barreiras que supón a dispersión xeográfica tanto da poboación coma das empresas.
- Promover a eficiencia no transporte tanto de viaxeiros coma de mercadorías, mellorando as vías e as conexións comerciais existentes .
- Eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais. Reducir ao mínimo posible as conxestións nos núcleos urbanos.
- Mellorar a regulación no emprego tanto do transporte público como privado.
- Mellora e renovación do parque de vehículos a favor de tecnoloxías máis limpas e eficientes (fundamentalmente, a electricidade de orixe renovable).

Esta prioridade de actuación só contén un obxectivo estratéxico, o **OE 2.2.1** "Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e o emprego de medios de transporte menos contaminantes. Garantir a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte e a conexión urbana-rural. Promover a eficiencia no transporte tanto de viaxeiros como de mercadorías. Incrementar a resiliencia climática da rede de transporte e comunicacións de Galicia".

A seguinte táboa detalla a contía destinada a este obxectivo estratéxico, que como se pode observar, supón un 15% do total do eixe 2.

Cadro 32. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.2 por obxectivos estratéxicos

PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable	Importe	% Eixe	% PA
OE.2.2.01 Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e o emprego de medios de transporte menos contaminantes. Garantir a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte e a conexión urbana-rural. Promover a eficiencia no transporte tanto de viaxeiros como de mercadorías. Incrementar a resiliencia climática da rede de transporte e comunicacións de Galicia	96.187.668	15,6	100,0
Total	96.187.668	15,6	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Dentro deste obxectivo estratéxico, os principais proxectos que se levarán a cabo son:

- destinaranse case 24 millóns de euros á política tarifaria dos plans de transporte,
- está prevista a mellora da accesibilidade e mobilidade sostible, con máis de 17 millóns de euros
- Case 3 millóns de euros para mobilidade interurbana para maiores de 65
- diversas actuacións nas estacións intermodais e nodos de comunicación intermodal con un total de máis de 23 millóns de euros.

E os principais indicadores empregados son os que se amosan no cadro seguinte, estando previsto o uso de 191.000 tarxetas para viaxes bonificados, e que se incremente o número de viaxes en transporte metropolitano ata chegar aos 16,5 millóns.

Cadro 33. Indicadores clave de produtividade da PA.2.2

E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible

PA02 - Garantir unha mobilidade sustentable

E01 - Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00222 Número de viaxes realizadas en transporte metropolitano	16.567.136,0	Nº
P00030 Quilometraxe total de estradas con actuacións de conservación	1.500,0	KM
P01093 Tarxetas operativas Tarifa Xente Nova	131.184,0	Nº
P01157 Tarxetas tarifa +65	60.000,0	Nº
P01059 Vehículos taxis de baixas emisións	260,0	Nº

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 34. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.2 por fonte de financiamento

PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	57.302.435	59,6%
Marco de Recuperación e resiliencia	21.765.214	22,6%
FEDER	9.722.522	10,1%
PGCL	7.397.497	7,7%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 35. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.2 por programas de gasto

PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable	Importe	%
121A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMON XERAL E PERIFERICA DA XUNTA DE GALICIA	1.846.979	1,9%
511A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	100.000	0,1%
512A - ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE	82.374.160	85,6%
512B - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	11.866.529	12,3%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 36. Xestores da PA.2.2 no orzamento 2025

PA.2.2. Garantir unha mobilidade sustentable
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
- DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.

Os **principais resultados** que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Consolidar o control e a observación medioambiental co fin de xerar información axeitada que permita deseñar actuacións en liña cos obxectivos medioambientais vixentes e ferramentas para loitar contra o cambio climático. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático, en especial no desenvolvemento de modelos predictivos e de alerta temperá a través da supercomputación.
- Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da poboación, territorio e actividades económicas en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.
- Prever e minimizar os danos provocados polos incendios forestais, fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos e outras catástrofes medioambientais, mellorando a prevención e defensa contra os mesmos.
- Reducir a vulnerabilidade da poboación e das infraestruturas e instalacións fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 37. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.3 por obxectivos estratéxicos

PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	Importe	% Eixe	% PA
OE.2.3.01 Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	40.276.525	6,5	15,4
OE.2.3.02 Xestión dos riscos ocasionados por incendios forestais mellorando a defensa contra os mesmos e aumentando a resiliencia a través dunha adecuada planificación e prevención	183.792.385	29,8	70,2
OE.2.3.03 Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para loitar contra o cambio climático e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático. Sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio. Impulsar a gobernanza climática	37.669.166	6,1	14,4
Total	261.738.076	42,4	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 9. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.3 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Como se pode observar no gráfico, o obxectivo estratéxico máis relevante é o **OE 2.3.02** “Xestión dos riscos ocasionados por incendios forestais mellorando a defensa contra os mesmos e aumentando a resiliencia a través dunha adecuada planificación e prevención” polo importante volume de recursos que cada anualidade se destinan á dotación dos medios necesarios para a loita contra os incendios forestais.

Dentro deste OE 2.3.02, sen ter en conta os gastos operativos da DX de Defensa do Monte, as principais partidas están concentradas en proxectos de prevención, como os máis de 18 millóns destinados a convenios cos concellos. Destinaranse máis de 15 millóns ao aluguer de medios aéreos. Coas actuacións que se levarán a cabo está previsto mobilizar un total de 2.516 efectivos e mellorar a superficie forestal en 29.838 Ha.

Con respecto aos outros dous OES, é dicir, o 2.3.01 e 2.3.03, podemos destacar as aportacións aos consorcios provinciais contra incendios con máis de 16 millóns de euros e os máis de 4 millóns destinados ao servizo de atención telefónica do 112. Por outra banda, destacan as actuacións no eido ambiental e o mantemento de redes ambientais con case 11 millóns de euros.

Para o conxunto desta prioridade de actuación, os **principais indicadores de produtividade** asociados son:

Cadro 38. Indicadores clave de produtividade da PA.2.3

E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible

PA03 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os

E01 - Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, protección civil

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00280 Profesionais de intervención ante as urxencias	583,0	Nº

E02 - Xestión dos riscos ocasionados por incendios forestais mellorando a defensa contra os mesmos e

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00390 Novos equipos	2.836,0	Nº
P01004 Número de efectivos	2.516,0	Nº
P00299 Superficie de mellora forestal	29.838,0	Ha

E03 - Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para loitar contra o cambio climático e co

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P01013 Determinacións en materia de calidade do aire	3.402.030,0	Nº
P01015 Determinacións en materia de meteoroloxía	122.742.103,0	Nº

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 39. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.3 por fonte de financiamento

PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	222.924.081	85,2%
FEADER	26.479.157	10,1%
Orzamentos Xerais do Estado	5.787.953	2,2%
FEDER	4.722.333	1,8%
INTERREG	1.039.209	0,4%
Transferencias finalistas	750.000	0,3%
Outros Fondos europeos	35.343	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 40. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.3 por programas de gasto

PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	Importe	%
212A - PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	40.276.525	15,4%
541A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	7.736.699	3,0%
541C - PROTECCIÓN, CONTROL TÉCNICO- SANITARIO DOS PRODUTOS DO MAR, MELLORA DO MEDIO NATURAL MARIÑO E SALVAMENTO MARÍTIMO	172.353	0,1%
541D - CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	11.184.116	4,3%
541E - COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	18.575.998	7,1%
551B - ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL	181.588.385	69,4%
711A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL	2.204.000	0,8%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 41. Xestores da PA.2.3 no orzamento 2025

PA.2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	- DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE
ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
- DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR	- DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO
- DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración aos cidadáns de Galicia, diminuindo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas.
- Mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando o vertedoiro e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar e garantir a protección e mantemento do Dominio Público Hidráulico.
- Potenciar a sensibilización e a información da poboación para producir menos lixo, fomentar a reutilización e mellorar as taxas de reciclaxe de residuos domésticos.
- Fomentar e favorecer unha produción máis limpa e modelos de negocio sostibles. Incorporación ao tecido produtivo de procesos de economía circular e potenciar a sensibilización e a información da poboación para mellorar as taxas de reciclaxe de residuos domésticos.
- Fomento da innovación nos procesos de fabricación (especialmente, emprego da biotecnoloxía no sector alimentario); incorporación da I+D+i no desenvolvemento de eco-productos; innovación organizativa nas empresas, sendo fundamental a proximidade xeográfica e a capacidade para traballar de forma interconectada.
- Mellorar a información e difusión da importancia do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e garantir o goce, resaltando a importancia dos valores naturais e concienciando á cidadanía sobre a importancia de conservar a Natureza.
- Promoción socioeconómica dos espazos naturais, o desenvolvemento sostible, a mellora da calidade de vida, o apoio ás oportunidades empresariais e o fomento e mellora do emprego nestas zonas.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 42. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.4 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	Importe	% Eixe	% PA
OE.2.4.01 Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga	21.386.324	3,5	15,4
OE.2.4.02 Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento, diminuíndo as diferenzas territoriais existentes. Mellorar as infraestruturas implicadas en todo o proceso de extracción e distribución, evitando fugas e despilfarros innecesarios, potenciando a eficiencia dos sistemas. Conseguiir unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga	14.377.842	2,3	10,3
OE.2.4.03 Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar. Aumentar a eficiencia no uso dos recursos hídricos en todos os sectores e fomentar a redución dos consumos. Reducir a vulnerabilidade do medio natural e das instalacións fronte ós riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes	13.189.350	2,1	9,5
OE.2.4.04 Xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados. Desenvolvemento efectivo dunha xestión dos residuos baseada na economía circular. Situar á Galicia entre as rexións europeas con maior taxa de residuos tratados e reciclados	41.556.073	6,7	29,9
OE.2.4.05 Promover o estado de conservación de hábitats e especies de interese comunitario e/ou ameazas e os servizos ecosistémicos, desenvolver a Infraestrutura Verde de Galicia e xestionar e implantar os instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos e da súa biodiversidade	48.541.866	7,9	34,9
Total	139.051.455	22,5	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 10. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.4 por obxectivos estratéxicos



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Os obxectivos estratéxicos OE 2.4.1, 2.4.2 e 2.4.3 figuran cun asterisco porque non están dentro do perímetro de consolidación que se está a ter en conta nesta memoria para amosar o orzamento consolidado, pero cómpre mencionar que nestes OOE lévanse a cabo fundamentalmente actuacións en materia de abastecemento e mellora das infraestruturas relacionadas coa xestión da auga. O principal indicador empregado (ademais do número de actuacións do tipo mencionado) é o volume das augas residuais tratadas nas EDAR, con un valor previsto de máis de 259.000 m³/día.

No obxectivo estratéxico **OE 2.4.03** “Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar. Aumentar a eficiencia no uso dos recursos hídricos en todos os sectores e fomentar a redución dos consumos. Reducir a vulnerabilidade do medio natural e das instalacións fronte ós riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes” levaranse a cabo fundamentalmente actuacións por Augas de Galicia encamiñadas a mellorar as instalacións existentes

No OE 2.4.05 “ Promover o estado de conservación de hábitats e especies de interese comunitario e/ou ameazadas e os servizos ecosistémicos, desenvolver a Infraestrutura Verde de Galicia e xestionar e implantar os instrumentos de planificación dos espazos Xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados. Desenvolvemento efectivo dunha xestión dos residuos baseada na economía circular. Situar á Galicia entre as rexións europeas con maior taxa de residuos tratados e reciclados naturais protexidos e da súa biodiversidade” destacan a axudas PE_PAC inversión con máis de 3 millóns de euros e o plan de conservación, resiliencia e posta en valor dos espazos naturais de Galicia con case 4 millóns.

No OE 2.4.04 “ destacan as axudas a actuacións en materia de residuos de competencia municipal, con máis de 11 millóns de euros ou os máis de 10 millóns que se destinarán á planta de reciclaxe de residuos téxtiles.

Os principais indicadores empregados para valorar as actuacións previstas nesta prioridade de actuación son os seguintes:

Cadro 4.3. Indicadores clave de produtividade da PA.2.4

E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible

PA04 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á

E01 Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
D0C019 Poboación beneficiada por unha mellor depuración de augas reesiduais	386.103,0	Nº
P00153 Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración	200,0	Nº
P00318 Volume das augas residuais tratadas nas EDARes	202.623,9	M3/día
P00437 Actuacións de colaboración para mellora da xestión do	119,0	Nº
P01124 Lonxitude das tubaxes novas ou melloradas para a rede pública de recollida de augas residuais	24,7	Km

E02 Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo bás

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00437 Actuacións de colaboración para mellora da xestión do	80,0	Nº
P00153 Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración	141,0	Nº
P00318 Volume das augas residuais tratadas nas EDARes	57.147,0	M3/día
P00437 Actuacións de colaboración para mellora da xestión do ciclointegral da auga	27,0	Nº

E03 Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00437 Actuacións de colaboración para mellora da xestión do ciclointegral da auga	10,0	Nº
P00214 Número de puntos de vertedura emendados	210,0	Nº
P00436 Actuacións de protección, conservación, mantemento e mellorado Dominio Público Hidráulico	17.347,0	Nº
P00436 Actuacións de protección, conservación, mantemento e mellorado Dominio Público Hidráulico	2.924,0	Nº
P00437 Actuacións de colaboración para mellora da xestión do ciclointegral da auga	13,0	Nº
D0E022 Capacidade adicional de recollida e transporte de Residuos Adoitados urbanos. Toneladas/ano	7.575,5	TM/ANO

E05 - Promover o estado de conservación de hábitats e especies de interese comunitario e/ou ameazas e os

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P0045M Axudas en materia de conservación da natureza	5.183,0	Nº
P00160 Número de axudas en materia de conservación da natureza.	3.659,0	Nº

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 44. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.4 por fonte de financiamento

PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	55.958.781	40,2%
Marco de Recuperación e resiliencia	42.920.507	30,9%
FEDER	27.542.652	19,8%
FEADER	8.793.629	6,3%
Orzamentos Xerais do Estado	3.710.031	2,7%
Outros Fondos europeos	68.279	0,0%
INTERREG	57.576	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 45. Distribución do orzamento 2025 da PA.2.4 por programas de gasto

PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	Importe	%
541B - CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL	48.541.866	34,9%
541D - CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	41.499.304	29,8%
542A - PLANIFICACIÓN E XESTIÓN HIDROLÓXICA	48.953.516	35,2%
741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	56.769	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 46. Xestores da PA.2.4 no orzamento 2025

PA.2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
- DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE
- DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.3. EIXE 3: COMPETITIVIDADE E CRECEMENTO.

Para posibilitar a mellora da competitividade e a mellora do día a día da poboación galega é preciso consolidar e impulsar o investimento en investigación e innovación, apoiar a transformación dixital da economía e a sociedade e facer chegar aos cidadáns e empresas os seus beneficios. Tamén é preciso mellorar os investimentos materiais –infraestruturas- e os inmateriais –procesos, calidade, deseño- e proporcionar ás empresas distintas formas de apoio, especialmente ás pequenas e medianas para xerar un ecosistema consolidado de empresas de tamaño mediano, innovadoras, exportadoras e xeradoras de emprego de calidade.

Este eixe ten como denominador común, a posta en valor do potencial da industria da comunidade autónoma e o fortalecemento do sector primario e o turismo como pan-cas de crecemento, baseado no emprego da investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2025 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 47. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 3

E3. Competitividade e crecemento	Importe	% total	% eixe
PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	284.777.441	2,0	15,7
PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	191.263.676	1,4	10,5
PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	280.674.785	2,0	15,4
PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	259.797.228	1,9	14,3
PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	663.617.840	4,8	36,5
PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade	137.835.824	1,0	7,6
Total	1.817.966.794	13,0	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 11. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 3



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A táboa seguinte mostra o orzamento do eixe por fonte de financiamento.

Cadro 48. Distribución do orzamento 2025 do eixe 3 por fonte de financiamento

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	1.135.729.749	62,5%
FEADER	191.604.842	10,5%
Marco de Recuperación e resiliencia	169.287.112	9,3%
FEDER	112.135.263	6,2%
FEP	102.156.199	5,6%
Orzamentos Xerais do Estado	41.596.015	2,3%
Fondos de Cohesión	40.645.877	2,2%
FEAGA	15.294.706	0,8%
FSE	5.174.493	0,3%
Transferencias finalistas	2.320.000	0,1%
INTERREG	1.630.255	0,1%
Outros Fondos europeos	392.283	0,0%
Total	1.817.966.794	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas.

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMES, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os eidos (xeración, atracción e retención).
- Apoiar os proxectos innovadores nas fases iniciais de lanzamento e a formación empresarial dos innovadores, fomentar a cooperación de liñas innovadoras e de investigación entre PEMES.
- Mellorar a xestión administrativa vinculada a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles a partires da avaliación do seu rendemento.
- Mellorar e fortalecer a capacidade investigadora, os resultados e o traballo por proxectos da investigación universitaria galega, desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado polo tecido produtivo.
- Promover o liderado dixital fomentando o uso de novas tecnoloxías. Reforzar as capacidades do sistema dixital galego promovendo colaboracións público - privadas para dar resposta aos retos que xorden derivados do desenvolvemento da transformación dixital.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 49. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.1 por obxectivos estratéxicos

PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	Importe	% Eixe	% PA
OE.3.1.01 Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMES, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os eidos (xeración, atracción e retención). Mellorar a xestión administrativa e as sinerxías vinculadas a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles a partires da avaliación do seu rendemento	178.414.296	9,8	62,7
OE.3.1.02 Mellorar e fortalecer a capacidade investigadora das Universidades galegas, Impulsar os centros e Institutos de Investigación e desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado	106.363.145	5,9	37,3
Total	284.777.441	15,7	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 12. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.1 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Nesta prioridade de actuación o obxectivo estratéxico máis relevante por contía orzamentaria é o **OE 3.1.01** “Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os eidos (xeración, atracción e retención). Mellorar a xestión administrativa e as sinerxías vinculadas a procesos ou instrumentos de apoio á I+D+i e incrementar a eficiencia na xestión dos recursos dispoñibles a partires da avaliación do seu rendemento”.

Como principais actuacións dentro deste OE podemos destacar:

- o investimento en infraestruturas do CESGA, con máis de 48 millóns de euros,
- o programa de impulso aos centros tecnolóxicos e organismos de investigación, ao que se destinarán máis de 11 millóns de euros,
- o programa Talento investigador, con máis de 10 millóns de euros.

Como consecuencia das actuacións que se levarán a cabo neste OE, está previsto que:

- 1.600 Investigadores participarán en proxectos cofinanciados, dos cales máis de 900 serán mulleres
- o investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D acadará os 77 millóns de euros

Con respecto a o **OE 3.1.02** “Mellorar e fortalecer a capacidade investigadora das Universidades galegas, Impulsar os centros e Institutos de Investigación e desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado”, recolle o gasto en investigación universitaria, dentro do marco do Plan Galego de Financiamento Universitario. Trátase de actuacións de fomento da I+D+i, da transferencia de coñecemento e apoio aos centros singulares do SUG.

Como resultado das actuacións que se levarán a cabo neste OE está previsto que 640 investigadores participen en proxectos cofinanciados, dos cales 364 serán mulleres.

No seguinte cadro se recollen os principais indicadores empregados nesta prioridade de actuación:

Cadro 50. Indicadores clave de produtividade da PA.3.I

E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas

E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
DE021H Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes	697,0	Persoas/ano
DE021M Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres	953,0	Persoas/ano
DOC027 Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D	77.354.273,2	€
P227.H Participantes en accións de formación. Homes	2.398,0	Nº
P227.M Participantes en accións de formación. Mulleres	1.342,0	Nº

E02 - Mellorar e fortalecer a capacidade investigadora das Universidades galegas, Impulsar os centros e Institutos

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
DE021H Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes	276,0	Persoas/ano
DE021M Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres	364,0	Persoas/ano

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 51. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.I por fonte de financiamento

PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	180.633.832	63,4%
Marco de Recuperación e resiliencia	58.951.736	20,7%
FEDER	28.542.788	10,0%
FEADER	5.457.861	1,9%
Orzamentos Xerais do Estado	4.628.798	1,6%
FSE	3.820.321	1,3%
FEP	2.170.693	0,8%
Outros Fondos europeos	309.806	0,1%
INTERREG	261.606	0,1%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 52. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.1 por programas de gasto

PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	Importe	%
322C - PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO	5.392.400	1,9%
323A - FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS	2.852.691	1,0%
323B - FORMACIÓN PROFESIONAL DE OCUPADOS	2.000.000	0,7%
324C - PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL	25.000	0,0%
331A - COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO	50.000	0,0%
422M - ENSINANZA SECUNDARIA, FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS	2.925.000	1,0%
561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	161.913.675	56,9%
561B - INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA	106.363.145	37,3%
712A - FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL	54.541	0,0%
723A - COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA	3.100.989	1,1%
734A - FOMENTO DA MINARÍA	100.000	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 53. Xestores da PA.3.1 no orzamento 2025

PA.3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
- DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
- SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES
- DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
- SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO
- DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL
- DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E MINAS
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
- SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS
- DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO
- DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL
CONSELLERÍA DO MAR
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
- DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA
- DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
AXENCIA GALEGA DE INNOVACION
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA
INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.3.2. *Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible.*

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Promover unha Administración dixital innovadora que permitan desenvolver un servizo máis pro activo e personalizado á cidadanía e empresas, aberto e accesible dende calquera lugar e en calquera momento.
- Fomentar a incorporación de tecnoloxías innovadoras para mellorar os modelos de prestación de servizos públicos (educación, xustiza, etc.) á vez que contribúen á innovación e ao emprendemento dixital en Galicia. Aproveitar os avances el intelixencia artificial e Big Data para mellorar os servizos públicos, desenvolvendo un efecto tractor que impulse e dinamice a iniciativa privada neste eido.
- Situar a Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa que facilite a adopción de tecnoloxías dixitais de alto impacto tanto no sector público como nos diferentes sectores económicos, prestando especial atención ás PEMES.
- Asegurar que Galicia conte cos profesionais necesarios para dar resposta á transformación dixital. Diseñar actuacións dirixidas a os profesionais e a cidadanía que posibiliten a formación e o desenvolvemento das habilidades precisas para dar resposta á transformación dixital.
- Impulsar a adopción das tendencias tecnolóxicas en todos os sectores produtivos como un elemento clave para potenciar a competitividade.
- Impulsar o uso de solucións dixitais para mellorar a xestión e o coñecemento do territorio como base para permitir aumentar a capacidade de adaptación ás necesidades e oportunidades que se lle presenten á Comunidade, dunha forma ordenada, áxil, eficiente e eficaz.
- Afondar na adopción das novas tendencias tecnolóxicas para aumentar a capacidade de xeración de valor no territorio reducindo o consumo de recursos e mellorando o seu rendemento, avanzando cara a un modelo de rexión sostible e climáticamente neutra.
- Potenciar a innovación dixital aplicada á dinamización e salvagarda do patrimonio e a produción cultural da Comunidade como recurso vivo e accesible e compoñente fundamental da nosa tradición, identidade e recoñecemento colectivo; incluíndo a lingua galega como creadora de cultura e vehículo de posibilidades representativas.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 54. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.2 por obxectivos estratéxicos

PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	Importe	% Eixe	% PA
OE.3.2.01 Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación	139.461.574	7,7	72,9
OE.3.2.02 Fomentar e impulsar a educación, a capacitación e o talento dixital da sociedade necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no novo contexto dixital	16.622.969	0,9	8,7
OE.3.2.03 Impulsar a economía dixital cara a un territorio intelixente, máis sostible e conectado, promovendo a innovación tecnolóxica no aproveitamento e preservación dos recursos naturais e impulsando a mobilidade intelixente así como os novos modelos para a dinamización do noso patrimonio e a produción cultural	6.993.241	0,4	3,7
OE.3.2.04 Impulsar o crecemento do ecosistema dixital, a través da innovación e a especialización tecnolóxica, favorecendo a adopción de tecnoloxías avanzadas que dean resposta aos retos de futuro	28.185.892	1,6	14,7
Total	191.263.676	10,5	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 13. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.2 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Nesta prioridade de actuación os obxectivos estratéxicos son:

- **OE.3.2.01** “Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación”, sendo este OE o que concentra un maior esforzo orzamentario, cun 73% do total da PA.
- **OE 3.2.02** “Fomentar e impulsar a educación, a capacitación e o talento dixital da sociedade necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no novo contexto dixital”.

- **OE 3.2.03** “Impulsar a economía dixital cara a un territorio intelixente, máis sostible e conectado, promovendo a innovación tecnolóxica no aproveitamento e preservación dos recursos naturais e impulsando a mobilidade intelixente así como os novos modelos para a dinamización do noso patrimonio e a produción cultural”.
- **OE.3.2.04** “Impulsar o crecemento do ecosistema dixital, a través da innovación e a especialización tecnolóxica, favorecendo a adopción de tecnoloxías avanzadas que dean resposta aos retos de futuro”.

Para conseguir o primeiro e principal obxectivo, prevese entre outras actuacións:

- a dotación de medios para unha administración dixital, máis de 14 millóns.
- a modernización de redes do sector público, máis de 11 millóns de euros,
- a solucións tecnolóxicas sectoriais, máis de 14 millóns de euros.
- a benestar dixital, teleasistencia e vivendas conectadas, case 7 millóns de euros,

Se temos en conta **o conxunto dos restantes obxectivos estratéxicos**, as actuacións máis relevantes son:

- destinaranse máis de 9 millóns para a fomentar a innovación tecnolóxica.
- serán máis de 12 millóns de euros en diferentes proxectos de capacitación dixital,
- máis de 5 millóns de euros en diversos proxectos de ciberseguridade

Os principais indicadores empregados son os seguintes:

Cadro 55. Indicadores clave de produtividade da PA.3.2

E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible

E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P038.H Alumnado usuario de libros dixitais (Homes)	32.841,0	Nº
P038.M Alumnado usuario de libros dixitais (Mulleres)	30.607,0	Nº
MRR044 Certificacións en competencias dixitais de profesores	10.930,0	Nº
D0E015 Poboación escolar que esta cuberta polos servizos públicos	204.547,0	Nº

E02 - Fomentar e impulsar a educación, a capacitación e o talento dixital da sociedade necesaria para

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P227.H Participantes en accións de formación. Homes	5.000,0	Nº
P227.M Participantes en accións de formación. Mulleres	5.000,0	Nº

E03 - Impulsar a economía dixital cara a un territorio intelixente, máis sostible e conectado, promovendo a

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00125 Nº de actuacións en infraestruturas (Ud).	23,0	Nº
DE024A Número de procedementos teletramitables que se crean ou melloran coa operación	19,0	Nº (máx)

E04 - Impulsar o crecemento do ecosistema dixital, a través da innovación e a especialización tecnolóxica,

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
DE024A Número de procedementos teletramitables que se crean ou melloran coa operación	500,0	Nº (máx)

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 56. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.2 por fonte de financiamento

PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	122.708.499	64,2%
Marco de Recuperación e resiliencia	44.013.639	23,0%
FEDER	18.865.953	9,9%
Orzamentos Xerais do Estado	3.312.889	1,7%
FSE	1.354.172	0,7%
FEADER	891.249	0,5%
INTERREG	117.275	0,1%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 57. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.2 por programas de gasto

PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	Importe	%
131A - ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	9.719.335	5,1%
311A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	10.704.080	5,6%
312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	4.665.079	2,4%
421A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN	8.479.232	4,4%
423A - SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	3.883.948	2,0%
423B - PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR	725.000	0,4%
561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	149.611	0,1%
571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	148.435.662	77,6%
611A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA	4.501.729	2,4%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 58. Xestores da PA.3.2 no orzamento 2025

PA.3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
- DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
- DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
- DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL
- DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE
- DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
- SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO
AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA
AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento.

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Adoptar medidas para desenvolver, atraer e reter traballo cualificado.
- Impulsar a creación de novas empresas favorecendo ecosistemas empresariais innovadores que completen cadeas de valor da industria e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Promover o crecemento das empresas e fomentar un entorno empresarial favorable impulsando o desenvolvemento de redes e clústeres.
- Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación, o desenvolvemento tecnolóxico, o auxe de sectores de alta complexidade industrial, a transformación dixital da industria e a circularización dos procesos de negocio, apostando pola diferenciación en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño.
- Fomentar polos de desenvolvemento baseados nas tecnoloxías facilitadoras chave e nas tendencias de transformación dos modelos de negocio na industria.
- Impulsar a formación específica e a recualificación dando resposta ao desenvolvemento das competencias necesarias para afrontar a transformación industrial.
- Garantir as mellores condicións para atraer investimento produtivo e fomentar o aumento da base exportadora das empresas galegas, en especial as PEMES.
- Fomentar a competencia, facilitar o acceso aos mercados e limitar o efecto das normativas que dependan do tamaño das empresas en termos de emprego e volume de negocio para fomentar o crecemento das mesmas. Remover os obstáculos administrativos e potenciar un entorno favorable ao emprendemento.

A seguinte táboa detalla a contía destinada ao obxectivo estratéxico desta prioridade de actuación.


Cadro 59. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.3 por obxectivos estratéxicos

PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	Importe	% Eixe	% PA
OE.3.3.01 Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos	74.420.690	4,1	26,5
OE.3.3.02 Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, apoiar o desenvolvemento de polos de desenvolvemento baseados nas TIC e das habilidades STEM en tódalas fases do proceso educativo, e a competitividade do sector produtivo apostando por produtos de alto valor engadido diferenciados en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade e o deseño	167.704.609	9,2	59,8
OE.3.3.03 Atraer investimento produtivo e fomentar e facilitar a internacionalización das empresas galegas, en especial as pemes	38.549.486	2,1	13,7
Total	280.674.785	15,4	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O seguinte gráfico detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Gráfico 14. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.3 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Nesta prioridade de actuación os obxectivos estratéxicos son:

- **OE 3.3.01** "Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumido-

ras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos”, concentra máis do 27% do orzamento total da PA.

- **OE3.3.02** “Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico e a súa internacionalización, apoiar o desenvolvemento de polos de desenvolvemento baseados nas TIC e das habilidades STEM en tódalas fases do proceso educativo, e a competitividade do sector produtivo apostando por produtos de alto valor engadido diferenciados en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade e o deseño”, concentrando un 59% do orzamento da prioridade 3.3.

- e en terceiro lugar, o **OE 3.3.03** “Atraer investimento produtivo e fomentar e facilitar a internacionalización das empresas galegas, en especial as PEMES”, que concentra un 14%.

Dentro do obxectivo estratéxico 3.3.01 podemos destacar como principais proxectos os seguintes:

- Máis de 20 millóns de euros para axudas a inversións en transformación, comercialización e desenvolvemento de produtos agroalimentarios..

- Máis de 14 millóns para o programa RE-SOLVE.

- Case 4 millóns en mellora das infraestruturas de parques empresariais municipais

Co conxunto das actividades levadas a cabo neste OE preténdese conseguir fundamentalmente:

- Conceder 500 axudas a empresas.
- Mellorar os equipamentos de 45 parques empresariais,
- Realizaranse 72 actuacións de formación
- Realizaranse 800 actuacións de estudo, difusión e promoción.

No OE 3.3.02 as principais actuacións son axudas a proxectos empresariais no marco do fondo de transición xusta, por máis de 37 millóns de euros, e a modernización, emprendemento e innovación do comercio e as PEMES comerciais (máis de 13 millóns de euros, estando previsto conceder á empresas do sector comercio 1.100 axudas).

Para o conxunto deste OE está previsto que:

- o investimento privado que acompaña á axuda pública sexa de máis de 9 millóns de euros,
- Ademais das axudas mencionadas anteriormente ás empresas do sector comercio concederanse 1.751 axudas adicionais a outros sectores
- Levaranse a cabo accións de formación, nas que se esperan 198 participantes.

Por último, no OE 3.3.03, a principal partida é a destinada á atracción de empresas a Galicia cun importe de máis de 10 millóns de euros, e as destinadas o proxecto “Galicia Exporta Dixital 21-27” con case 4 millóns de euros e a destinada á mellora da internacionalización das empresas, a través do proxecto “Galicia Exporta Empresas 2021-2027” con máis de 5 millóns de euros.

A valoración conxunta de todas as actuacións previstas nesta PA responderá aos seguintes indicadores:

Cadro 60. Indicadores clave de produtividade da PA.3.3

E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento

E01 - Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00020 Actuacións de estudo, difusión e promoción	845,0	Nº
P00021 Actuacións de formación	72,0	Nº
D0C001 Número de empresas que reciben axudas	500,0	Nº
P01000 Parques empresariais con equipamentos mellorados	45,0	Nº

E02 - Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
D0C001 Número de empresas que reciben axudas	1.751,0	Nº
P227.H Participantes en accións de formación. Homes	90,0	Nº
P227.M Participantes en accións de formación. Mulleres	78,0	Nº

E03 - Atraer investimento produtivo e fomentar e facilitar a internacionalización das empresas galegas,

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
D0C001 Número de empresas que reciben axudas	1.243,0	Nº
P342.H Persoas beneficiadas (homes)	35,0	Nº
P342.M Persoas beneficiadas (mulleres)	37,0	Nº

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 61. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.3 por fonte de financiamento

PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	148.932.802	53,1%
FEDER	57.634.704	20,5%
Fondos de Cohesión	40.645.877	14,5%
FEADER	18.391.053	6,6%
Marco de Recuperación e resiliencia	11.361.553	4,0%
Orzamentos Xerais do Estado	3.478.210	1,2%
INTERREG	225.376	0,1%
Outros Fondos europeos	5.210	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 62. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.3 por programas de gasto

PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento	Importe	%
561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	46.850.838	16,7%
613A - ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA	7.735.732	2,8%
731A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA	8.682.989	3,1%
732A - REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL	17.362.262	6,2%
734A - FOMENTO DA MINARÍA	7.206.314	2,6%
741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	171.108.805	61,0%
751A - ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA	21.727.845	7,7%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 63. Xestores da PA.3.3 no orzamento 2025

PA.3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
- SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO
- DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL
- DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E MINAS
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
- DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
- DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS
INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO
INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA
AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede.

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Completar a articulación da rede de infraestruturas de transporte de Galicia co exterior e a conexión cos principais eixes exteriores.
- Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións.
- Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía.
- Impulsar o papel do sistema portuario para o crecemento socioeconómico de Galicia e construción de novas infraestruturas necesarias para mellorar a conexión dos portos con outros medios de transporte, para potenciar fundamentalmente o transporte dos produtos do mar.
- Modernización e adecuación das instalacións portuarias existentes, tanto para as actividades pesqueiras como para a actividade náutica recreativa. Mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores e demais persoal do sector.
- Garantir os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena máis adecuado ás necesidades das actividades con maior demanda e máis eficiente enerxéticamente e respectuoso co medio mariño.

A seguinte táboa detalla a contía destinada a esta prioridade de actuación, que só conta cun obxectivo estratéxico.

Cadro 64. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.4 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	Importe	% Eixe	% PA
OE.3.4.01 Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións. Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía. Modernizar e mellorar as infraestruturas produtivas e de rede así coma a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia.	259.797.228	14,3	100,0
Total	259.797.228	14,3	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Dentro deste obxectivo estratéxico OE 3.4.01, as partidas máis relevantes son:

- a conservación ordinaria e extraordinaria da rede viaria, para o que se destinarán máis de 47 millóns de euros.
- os equipamentos pesqueiros, máis de 11 millóns de euros,
- as actuacións en puntos concretos das redes viarias, destacando o destinado á AG59 A Ramallosa - A Estrada, con case 17 millóns de euros.

Os indicadores mais destacados para estas actividades serán os seguintes:

- haberá 50 actuacións nos portos galegos,
- crearanse 250 prazas para vehículos pesados en aparcadoiros seguros
- construíranse 34 quilómetros de novas estradas. 3.905 quilómetros de estradas serán obxecto de labores de conservación e 68 de mantemento e mellora.

Cadro 65. Indicadores clave de produtividade da PA.3.4

E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

PA04 - Promover as infraestruturas produtivas e as de rede

E01 - Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P01158 Prazas para vehículos pesados en aparcadoiros seguros	250,0	Nº
P00030 Quilometraxe total de estradas con actuacións de conservación	3.905,0	KM

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 66. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.4 por fonte de financiamento

PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	241.872.802	93,1%
FEP	14.424.426	5,6%
FEDER	3.500.000	1,3%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 67. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.4 por programas de gasto

PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	Importe	%
512A - ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE	3.722.290	1,4%
512B - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	232.632.900	89,5%
513A - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA	12.292.038	4,7%
514A - INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS	11.150.000	4,3%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 68. Xestores da PA.3.4 no orzamento 2025

PA.3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede	
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	- DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
- DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE	AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS
CONSELLERÍA DO MAR	
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo.

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Renovar e modernizar as explotacións agrogandeiras para aumentar a súa competitividade.
- Incrementar o tamaño e a rendibilidade das empresas do sector agrogandeiro.
- Avanzar na cadea de valor do sector agrogandeiro, dende a extracción, produción, transformación e comercialización de produtos do sector mediante o reforzo dos instrumentos de planificación e tendo en conta as tendencias dos mercados.
- Fomentar a diferenciación do produto, en relación á posta en valor dos produtos en termos de calidade, produción sustentable, seguridade alimentaria e produtos saudables, para minimizar a competencia por prezo. Impulsar a Marca Galicia e velar polo prestixio das denominacións xeográficas de calidade.
- Aproveitar as oportunidades que supón a economía circular para a mellora da eficiencia nas explotacións e xerar novos nichos de negocio. Ensinar ás empresas e produtores a sacar rendemento aos subprodutos.
- Minorar o impacto da agricultura e a gandería no medio ambiente tratando de reducir:
 - a contaminación da auga e do solo por prácticas non axeitadas e usos inadecuados de fertilizantes e fitoquímicos;
 - a erosión e perda de solo en zonas explotadas con modelos intensivos.
- Garantir un nivel axeitado de protección da sanidade animal e da cadea alimentaria (residuos, hixiene da produción primaria, calidade do leite cru, xestión de subprodutos, pensos, etc.).
- Garantir un nivel axeitado de protección á protección dos vexetais, mediante a aplicación de medidas eficaces de sanidade vexetal (aplicación de programas de emerxencia, programas de vixilancia, control da utilización e comercialización de produtos fitosanitarios).
- Abordar a planificación de ordenación dos recursos forestais de cara a integrala no marco da ordenación do territorio, conseguindo, deste xeito, que a planificación e xestión forestal se conecten coa ordenación territorial.
- Completar un Mapa de solos de Galicia que permita mellorar o coñecemento das tipoloxías de solos, superficies, especies e permita coñecer a súa sensibilidade e resistencia fronte aos distintos axentes degradativos.
- Seguir despregando unha estratexia de dixitalización e descarbonización (D&D), favorecendo o acceso público á información forestal (estatística forestal) e afon-

dando no coñecemento detallado e continuado do recurso forestal (inventario forestal continuo de Galicia-IFCG)

- Mellorar a contribución do monte galego á conservación da natureza, á biodiversidade e ao patrimonio natural galego dos recursos xenéticos forestais, así como a prestación doutros servizos ecosistémicos relacionados co cambio climático e as enerxías renovables. Potenciar actuacións de forestación e silvicultura que, ademais de valorizar os produtos do monte, supoñan unha medida preventiva para diminuír o risco de incendios forestais. Mellorar a capacidade de absorción do sector forestal e fomentar os produtos madereiros como depósitos de carbono.
- Potenciar medidas que aumenten a competitividade, a produción e fomenten a internacionalización dos produtos pesqueiros e da acuicultura. Fomentar o incremento do tamaño das empresas do sector, que permita aumentar a súa rendibilidade e competitividade.
- Modernización das actividades e das instalacións empregadas para levar a cabo as actividades de pesca e acuicultura, especialmente a través do desenvolvemento tecnolóxico (industria 4.0) , a innovación e a transferencia de coñecemento. Incremento da tecnificación das tarefas.
- Garantir un emprego eficiente dos recursos naturais e o mantemento, conservación e recuperación do medio mariño e a súa valorización e explotación sostible. Prevención e control de todas as actividades que poidan afectar negativamente á sustentabilidade dos recursos mariños, especialmente os de interese pesqueiro, así como dos seus hábitats, garantindo o equilibrio entre os recursos e a capacidade de pesca
- Fomentar a diversificación de actividades do sector pesqueiro mediante a posta en marcha de programas de formación, de actuacións de demostración e de apoio ás iniciativas de novas actuacións. Apoio aos colectivos que promoven a defensa do saber facer da pesca de Galicia
- Fomentar a investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- Seguir a controlar a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar. Mellorar a trazabilidade dos produtos pesqueiros que permita avanzar na loita contra a pesca ilegal.
- Mellora da eficiencia enerxética nos medios e instalacións empregados para as actividades e redución do impacto das mesmas no medio mariño.
- Desenvolver sectores da comercialización e transformación cun elevado potencial de crecemento reforzando tamén a cadea de innovación. Favorecer a reestruturación e potenciar o establecemento destas empresas de comercialización e transformación.

- Promover o emprego, o crecemento, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, incluíndo a bioeconomía e a silvicultura sustentable.
- Dar visibilidade e difundir o coñecemento sobre a realidade existente, a oferta actual de produtos galegos do sector e o impacto do mesmo, mellorando a percepción que a poboación en xeral ten do medio rural
- Promocionar e favorecer o relevo xeracional nas actividades do sector primario
- Potenciar un desenvolvemento económico sostible e un desenvolvemento territorial cohesionado, a través do fomento da creación e consolidación de actividades económicas sostibles no medio rural a través de PEMES , fomento da diversificación das actividades económicas sostibles no medio rural, fomento da competitividade das actividades económicas vinculadas ao mundo agroforestal, apoio á creación de emprego e fomento do autoemprego.
- Contribuír á mellora da calidade de vida dos habitantes do rural, a través da creación e consolidación de dotacións, equipamentos, infraestruturas e servizos básicos para o desenvolvemento no medio rural, fomento das novas tecnoloxías da información no medio rural, conservación e uso sostible do patrimonio natural e cultural rural.
- Poñer a disposición da sociedade e do sector agrario a información e os servizos que contribúan a un aproveitamento e xestión eficiente e sostible do territorio desde un punto de vista económico, social e ambiental.
- Contribuír á construción dun territorio rural intelixente no marco da acción da UE a favor dos pobos intelixentes. Elaborar e xestionar propostas de proxecto europeos neste eido e no do desenvolvemento rural.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 69. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.5 por obxectivos estratéxicos

PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	Importe	% Eixe	% PA
OE.3.5.01 Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandería no eido medioambiental	226.921.236	12,5	34,2
OE.3.5.02 Garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección dos cultivos	69.798.380	3,8	10,5
OE.3.5.03 Aumentar a produtividade dos montes galegos e fomento da xestión forestal sostible. Optimizar a gobernanza do monte e a mobilidade das terras, para lograr unha mellora na sostibilidade e eficiencia das explotacións	90.828.787	5,0	13,7
OE.3.5.04 Potenciación da xestión sostible, eficiente e competitiva da pesca e a acuicultura que minimize os impactos do cambio climático e garanta o posicionamento actual do sector. Garantir a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar	173.998.719	9,6	26,2
OE.3.5.05 Mellorar a calidade e resultados do ensino relacionado coas actividades agroforestais e marítimo-pesqueiras para facilitar a incorporación ao mercado laboral e mellorar a profesionalización	20.277.421	1,1	3,1
OE.3.5.06 Contribuír ao desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego	81.793.297	4,5	12,3
Total	663.617.840	36,5	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 15. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.5 por obxectivos estratéxicos



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Nesta prioridade de actuación os obxectivos estratéxicos principais por contía orzamentaria son o **OE 3.5.01** "Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandería no eido medioambiental" e o **OE 3.5.4** "Potenciación da xestión sostible, eficiente e competitiva da pesca e a acuicultura que minimize os impactos do cambio climático e garanta o posicionamento actual do sector. Garantir a calidade e a seguridade alimentaria dos produtos do mar", concentrando máis da metade do orzamento previsto para esta PA.

Dentro do obxectivo *OE 3.5.01*, as actuacións máis relevantes son:

- o proxecto "Axuda a zonas con limitacións naturais", con cerca de 12 millóns.
- as axudas á modernización de explotacións agrícolas con novos activos fixos, con 35 millóns de euros.
- tamén destacan as axudas a xoves agricultores, con case 13 millóns de euros.

No contexto deste OE está previsto que se apoién 92.960 explotacións, e que 1.498 explotacións agrarias ou gandeiras se acollan a medidas de mellora en investimentos produtivos. Todas as explotacións gandeiras galegas se beneficiarán das actuacións previstas neste OE e haberá 155.000 Lactacións válidas certificadas. Cómpre destacar que co

obxectivo de propiciar o relevo xeracional e contribuír á fixación de poboación no rural, estímase que 690 mozos/as acolleranse a medidas que lles permitirán incorporarse como titulares de explotacións agrarias.

Polo que respecta ao segundo dos obxectivos estratéxicos por contía, é dicir, o OE 3.5.04, os proxectos máis importantes son:

- investimentos en comercialización e transformación con máis de 16 millóns.
- investimentos e creación de empresas na acuicultura con máis de 16 millóns.
- servizo de gardacostas de Galicia, con máis de 18 millóns.
- e case 17 millóns ao desenvolvemento sostible de zonas pesqueiras.

No contexto deste OE concreto, concederanse 743 axudas en total ao sector pesqueiro e acuícola e realizaranse 15.500 inspeccións pesqueiras.

Se temos en conta os *restantes obxectivos estratéxicos da PA*, cómpre resaltar as seguintes actuacións levadas a cabo nos mesmos:

- desenvolvemento de infraestruturas relacionadas co desenvolvemento, adaptación da agricultura e silvicultura, con máis de 13 millóns de euros orzamentados,
- máis de 20 millóns destinaranse a mellora de camiños
- e defensa sanitaria gandeira, con case 14 millóns de euros,

O cadro seguinte recolle os *principais indicadores* empregados para o seguimento das actuacións previstas nesta PA 3.5.

Cadro 70. Indicadores clave de produtividade da PA.3.5

E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo

E01 - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00367 explotacións agrarias apoiadas	92.960,0	Nº
P00088 Explotacións agrarias e/ou gandeiras que se acollen a medidas de mellora en investimentos produtivos	1.498,0	Nº
P01085 Explotacións apícolas beneficiadas	2.200,0	Nº
P00381 Explotacións gandeiras beneficiadas	70.368,0	Nº (máx)
P126.H Nº de alumnos participantes (Homes)	36.000,0	Nº
P126.M Nº de alumnos participantes (Mulleres)	36.000,0	Nº
P180.H Persoas mozas que se acollen a medidas de incorporación comotitulares en explotacións agrarias. Homes	425,0	Nº
P180.M Persoas mozas que se acollen a medidas de incorporación comotitulares en explotacións agrarias. Mulleres	265,0	Nº
P438.H Persoas que se acollen a medidas de incorporación como titulares en explotacións agrarias (homes)	75,0	Nº
P438.M Persoas que se acollen a medidas de incorporación como titulares en explotacións agrarias (mulleres)	125,0	Nº

E02 - Garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección dos cultivos

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00434 Animais de reposición subvencionados	65,0	Nº
P01087 Animais sacrificados indemnizados	800,0	Nº
P01067 Niños de vespa velutina retirados	5.637,0	Nº

E03 - Aumentar a produtividade dos montes galegos e fomento da xestión forestal sostible. Optimizar a

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00185 Número de operacións	1.105,6	Nº
P00297 Superficie de actuación	33.663,1	Ha

E04 - Potenciación da xestión sostible, eficiente e competitiva da pesca e a acuicultura que minimize os

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P0045N Axudas concedidas a entidades do sector pesqueiro	210,0	Nº
P0045H Axudas concedidas ao sector pesqueiro e acuícola	533,0	Nº
P00009 Inspeccións pesqueiras realizadas	15.500,0	Nº
P00211 Número de proxectos en investimentos produtivos en acuicultura.	100,0	Nº

P01045	Toneladas amparadas mediante documentos telemáticos	10.049,0 TM
P01043	Toneladas certificadas en produtos de calidade diferenciada ou marcas de calidade	580.089,0 TM

E05 - Mellorar a calidade e resultados do ensino relacionado coas actividades agroforestais e marítimo-

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00165	Número de cursos impartidos	135,0 Nº
P227.H	Participantes en accións de formación. Homes	1.935,0 Nº
P227.M	Participantes en accións de formación. Mulleres	1.895,0 Nº

E06 - Contribuír ao desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P01104	Aldeas Modelo	15,0 Nº
P00046	Camiños rurais construídos e/ou mellorados	420,0 KM
P00319	Zonas de concentración parcelaria con actuacións desenvolvidas	246,0 Nº

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 71. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.5 por fonte de financiamento

PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	347.005.587	52,3%
FEADER	166.864.679	25,1%
FEP	85.561.080	12,9%
Orzamentos Xerais do Estado	30.176.118	4,5%
Marco de Recuperación e resiliencia	15.558.572	2,3%
FEAGA	15.294.706	2,3%
Transferencias finalistas	2.320.000	0,3%
INTERREG	759.831	0,1%
Outros Fondos europeos	77.267	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 72. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.5 por programas de gasto

PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	Importe	%
422K - ENSINANZAS PESQUEIRAS	11.312.915	1,7%
422L - CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL	8.213.220	1,2%
422M - ENSINANZA SECUNDARIA, FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS	515.000	0,1%
541C - PROTECCIÓN, CONTROL TÉCNICO- SANITARIO DOS PRODUTOS DO MAR, MELLORA DO MEDIO NATURAL MARIÑO E SALVAMENTO MARÍTIMO	35.866.843	5,4%
551A - INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL	25.911.659	3,9%
561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	71.900	0,0%
711A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL	33.247.465	5,0%
712A - FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL	55.809.738	8,4%
712B - MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL	137.500.331	20,7%
712C - FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA	700.000	0,1%
713B - ORDENACIÓN DAS PRODUCCIÓN FORESTAIS	86.570.314	13,0%
713C - IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES	15.177.628	2,3%
713D - MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA	21.180.968	3,2%
713E - BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL	76.366.985	11,5%
713F - REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES	11.212.906	1,7%
721A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS	12.242.396	1,8%
722A - PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA.	3.418.825	0,5%
723A - COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA	61.293.487	9,2%
723B - REGULACIÓN DAS PRODUCCIÓN E DOS MERCADOS DA PESCA	40.993.454	6,2%
723C - DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ZOAS DE PESCA	20.420.000	3,1%
741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	5.591.806	0,8%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 73. Xestores da PA.3.5 no orzamento 2025

PA.3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	- DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA
- DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	- DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS
- DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL	SECRETARÍA XERAL E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA
- DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS	AXENCIA GALEGA DE INNOVACION
- DIRECCIÓN XERAL DA PAC E DO CONTROL DA CADEA ALIMENTARIA	AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL
- DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL	AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MAR	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade.

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Afianzar a imaxe de Galicia como destino seguro. Trasladar tanto a turistas como residentes a boa cobertura sanitaria e a seguridade fronte a enfermidades, accidentes e incluso episodios puntuais de violencia (fundamentalmente garantir a seguridade no Camiño de Santiago fronte a posibles agresións, roubos, etc.).
- Diversificar na promoción do Camiño de Santiago, mediante o reforzo da visibilidade das rutas oficiais menos transitadas.
- Fomentar a actividade turística sostible co medio ambiente, tratando de minimizar a pegada que as actividades turísticas teñen no medio natural. Deseño dunha estratexia en liña cos obxectivos da Axenda 2030.
- Favorecer a creación e a comercialización de novos produtos turísticos que respondan ás demandas do viaxeiro post COVID-19, impulsando a creación de novas ferramentas de comercialización adaptadas á nova realidade (comercialización online e Big Data, entre outras) e, sobre todo, impulsando a innovación como ferramenta fundamental para a recuperación económica do sector.
- Impulsar dunha oferta de calidade, a través da extensión da certificación de calidade relativa agora tamén á seguridade sanitaria, impulsando accións orientadas a mellorar a formación e capacitación dos profesionais de toda a cadea de valor e con especial atención a aqueles vencellados co Camiño de Santiago, co obxectivo de ofrecer servizos ao peregrino ou peregrina dunha maior e máis alta calidade.
- Fomentar procesos de formación e emprendemento no sector a través de iniciativas de aceleración turística empresarial que contribúan ao desenvolvemento dun sector turístico moderno e rendible, con respostas para as novas necesidades da realidade derivada da pandemia.

A seguinte táboa detalla a contía destinada a esta prioridade de actuación, que só contempla un obxectivo estratéxico.

Cadro 74. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.6 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade	Importe	% Eixe	% PA
OE.3.6.01 Reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis competitivo, que aposte por proxectos de alto valor engadido, sustentable e adaptado aos cambios do mercado. Integrar a adaptación ao cambio climático na planificación sectorial do turismo e adaptar a actividade turística para minimizar o seu impacto	137.835.824	7,6	100
Total	137.835.824		100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Dentro do único OE recollido nesta PA 3.6 destacan as seguintes actuacións:

- de promoción e difusión do turismo e para reforzo do turismo sostible destínanse case 28 millóns a cada un dos dous proxectos, e para fomento do turismo 13 millóns

- case 7 millóns serán para proxectos sustentables de mantemento e rehabilitación do patrimonio histórico con uso turístico.

O cadro seguinte recolle os *principais indicadores* empregados para o seguimento das actuacións previstas nesta PA 3.6:

- Realizaranse 110 accións de mellora no Camiño de Santiago,
- 688 accións de promoción de produtos turísticos.

Cadro 75. Indicadores clave de produtividade da PA.3.6

E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

PA06 - Fomentar o turismo sustentable e de calidade

E01 - Reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00015 Accións de mellora sobre o Camiño de Santiago	110,0	Nº
P00016 Accións de promoción de produtos turísticos	688,0	Nº

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 76. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.6 por fonte de financiamento

PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	94.576.227	68,6%
Marco de Recuperación e resiliencia	39.401.612	28,6%
FEDER	3.591.818	2,6%
INTERREG	266.167	0,2%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 77. Distribución do orzamento 2025 da PA.3.6 por programas de gasto

PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade	Importe	%
761A - POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO	137.835.824	100,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 78. Xestores da PA.3.6 no orzamento 2025

PA.3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade

PRESIDENCIA DA XUNTA

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.4. EIXE 4. COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

Unha Galicia máis cohesionada esixe promover unha educación de calidade e inclusiva, a inclusión social das persoas en situación de vulnerabilidade, risco de pobreza ou exclusión social, loitar contra calquera tipo de discriminación e asegurar a igualdade de oportunidades e a igualdade entre homes e mulleres. Ademais, é preciso apostar pola dinamización da vida nas zonas rurais e costeiras non urbanas, buscando unha modernización e diversificación da estrutura económica que garanta o equilibrio territorial e a sustentabilidade poboacional, social, económica e ambiental. Todo isto, coa consolidación da cultura e a lingua galega como valores esenciais e imprescindibles para o desenvolvemento integral da sociedade.


Na seguinte táboa detállase o gasto orzamentario de 2025 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 79. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 4

E4. Cohesión social e territorial	Importe	% total	% eixe
PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade	2.933.456.528	21,0%	69,4%
PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	1.098.370.543	7,9%	26,0%
PA.4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía	124.669.462	0,9%	2,9%
PA.4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única	70.666.225	0,5%	1,7%
Total	4.227.162.758	30,3%	100,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 16. Distribución do orzamento 2025 por prioridades de actuacións do eixe 4



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A táboa seguinte mostra o orzamento do eixe por fonte de financiamento:

Cadro 80. Distribución do orzamento 2025 do eixe 4 por fonte de financiamento

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	3.740.405.878	88,5%
Orzamentos Xerais do Estado	330.410.357	7,8%
Marco de Recuperación e resiliencia	86.582.729	2,0%
FSE	49.207.278	1,2%
FEDER	17.868.448	0,4%
FEADER	2.108.038	0,0%
PGCL	445.895	0,0%
INTERREG	134.135	0,0%
Total	4.227.162.758	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.4.1. *Promover unha educación inclusiva e de calidade*

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Acadar un rendemento escolar por enriba da media europea, reducindo aínda máis o fracaso escolar e o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do conxunto do alumnado, en especial do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (alumnado con necesidades educativas especiais, dificultade de aprendizaxe, altas capacidades, alumnado estranxeiro, etc.).
- Promover unha educación igualitaria, equitativa, accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo galego.
- Reforzar o sistema educativo mediante a súa adaptación aos novos retos, a modernización, incluídas as infraestruturas, e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital e as vocacións científicas, perfeccionando o sistema plurilingüe. Apostar por un modelo de formación permanente do profesorado máis vinculado á innovación e a investigación educativa, consolidando o uso das tecnoloxías dixitais.
- Elevar a cualificación do alumnado na FP de grao medio e superior, mellorando a súa calidade. Aumentar a participación en formación profesional dual e aprendizaxe práctica, establecendo unha relación directa coas empresas e axustando as competencias impartidas á estrutura produtiva de Galicia.
- Racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que dea resposta ás necesidades do alumnado e do mercado laboral. Acadar unha maior integración das universidades galegas co tecido económico e social, non só no ámbito da investigación, senón tamén no ámbito da docencia e recuperar o liderado da Universidade como motor de cambio da sociedade galega. Fomentar a colaboración entre as universidades, a súa internacionalización e afondar na especialización dos campus. Aumentar a transparencia e a rendición de contas das Universidades galegas.
- Adaptar a rede escolar á menor demanda. Mellorar a eficiencia dos recursos escolares e reforzar as redes escolares no rural. Utilizar ferramentas dixitais para mellorar a prestación do transporte escolar e pechar fendas nas competencias dixitais


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 81. Distribución do orzamento 2025 da PA.4.1 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade	Importe	% Eixe	% PA
OE.4.1.01 Reforzar o sistema educativo do ensino infantil e de primaria mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, dos centros educativos sostíbles e accesibles e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital	1.021.448.511	20,5%	34,8%
OE.4.1.02 Reforzar o sistema educativo en educación secundaria mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, dos centros educativos sostíbles e accesibles e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital	960.550.326	19,3%	32,7%
OE.4.1.03 Elevar a participación na formación profesional dos graos básico, medio e superior, e cursos de especialización, en particular nas modalidades relacionadas co tecido produtivo (DUAL), mellorando a súa calidade, a súa personalización, capacidades de innovación, emprendemento e internacionalización, nuha relación estreita coas empresas e coas competencias necesarias na estrutura produtiva de Galicia	66.098.678	1,3%	2,3%
OE.4.1.04 Racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que de resposta ás necesidades do alumnado e do mercado laboral. Acadar unha maior integración das universidades galegas co tecido económico e social, non só no ámbito da investigación, senón tamén no ámbito da docencia e recuperar o liderado da Universidade como motor de cambio da sociedade galega. Fomentar a colaboración entre as universidades e a súa internacionalización e afondar na especialización dos campus.	431.684.740	8,7%	14,7%
OE.4.1.05 Diminuír o fracaso escolar, reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas	46.246.574	0,9%	1,6%
OE.4.1.06 Apostar por un modelo de formación permanente do profesorado máis vinculado á innovación e a investigación educativa, dirixido á mellora da súa práctica docente. Devolver o prestixio ao labor que realiza o profesorado en todos os niveis de ensino	6.981.708	0,1%	0,2%
OE.4.1.07 Reforzar o sistema educativo do ensino especial e das ensinanzas de réxime especial, mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua	128.268.846	2,6%	4,4%
OE.4.1.08 Promover unha educación accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo e reforzar a función que desempeña a educación, xunto coas familias, na plena realización dos dereitos humanos, a paz, o exercicio responsable da cidadanía local e global, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sustentable e a saúde	272.177.145	5,5%	9,3%
Total	2.933.456.528	58,9%	100,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 17. Distribución do orzamento 2025 da PA.4.1 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Nesta prioridade de actuación, os principais obxectivos estratéxicos son os OEs 4.1.01 e 4.1.02, que concentran máis do 67% do orzamento total da PA, debido a que recollen a educación infantil, primaria e secundaria.

Se temos en conta o OE 4.1.01, ademais do gasto de persoal, as axudas á gratuidade supoñen o maior importe dentro do OE con máis de 274 millóns. Ademais realizaranse actuacións para a atención a diversidade e garantía da equidade con importe de case 17 millóns, actuacións de mellora funcional e de sinalética nos centros públicos de ensino con case 13 millóns e crearanse novos postos escolares mediante a construción de novos centros ou ampliación dos existentes, co seu equipamento asociado.

Co conxunto das actuacións levadas a cabo neste OE preténdese conseguir:

- realizar 221 actuacións de mellora en centros educativos, coas que se prevé, entre outras cousas, a redución do consumo enerxético dos mesmos.
- que o alumnado matriculado en centros públicos ascenda a 125.000 alumnos.

No que respecta ao obxectivo estratéxico do ensino secundario (OE 4.1.02), ao igual que ocorre co obxectivo estratéxico anterior, o gasto de persoal supón unha alta porcentaxe do importe financeiro asignado a este OE, ademais construíranse novos centros ou ampliáranse os existentes xunto con medidas de mellora da eficiencia enerxética, na funcionalidade, integración e sinalética dos centros existentes, garantindo a oferta total de prazas do sistema educativo.

No contexto deste OE, os principais indicadores son os seguintes:

- realizaranse 153 actuacións de mellora en centros educativos, coas que se prevé, entre outras cousas, a redución do consumo de enerxía dos centros
- por outra banda, o valor previsto de alumnos matriculados en centros públicos é de máis de 166.000 alumnos.

No obxectivo estratéxico 4.1.03 (formación profesional) de novo o gasto de persoal supón unha alta porcentaxe do importe financeiro asignado a este OE, e ademais realízanse accións de acreditación de competencias, accións de dixitalización e conversión de aulas de emprendemento, de fomento da formación profesional, prácticas de formación en empresas e institucións dos alumnos e alumnas de FP e PCPI, recoñecemento e acreditación de competencias profesionais, formación do profesorado de FP, e constrúense novos centros ou ampliáanse os existentes. Cómpre resaltar que se destinarán case 5 millóns de euros ao redimensionamento da oferta de FP e máis de 10 millóns a bilingüismo no marco das actuacións do MRR.

Neste caso, realízanse 31 actuacións de mellora en centros educativos, e o alumnado matriculado previsto será de 2.500 homes e 2.500 mulleres.

O obxectivo estratéxico 4.1.04 (educación universitaria) pretende mellorar a calidade da docencia universitaria e a empregabilidade dos egresados e apoiar a igualdade e o acceso á educación superior. Destacan as bolsas a alumnos universitarios con máis de 3 millóns de euros.

O alumnado previsto matriculado no sistema universitario roldará os 56.000 alumnos, dos cales preto de 1.900 serán beneficiarios de bolsas.

Por último, se temos en conta os *obxectivos estratéxicos relacionados con*:

- Diminuír o fracaso escolar, reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas (OE 4.1.05)

- Apostar por un modelo de formación permanente do profesorado máis vinculado á innovación e a investigación educativa, dirixido á mellora da súa práctica docente. Devolver o prestixio ao labor que realiza o profesorado en todos os niveis de ensino (OE 4.1.06)

- Reforzar o sistema educativo do ensino especial e das ensinanzas de réxime especial, mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua (OE 4.1.07)

- Promover unha educación accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo e reforzar a función que desempeña a educación, xun-

to coas familias, na plena realización dos dereitos humanos, a paz, o exercicio responsable da cidadanía local e global, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sustentable e a saúde (OE 4.1.08)

as actuacións máis relevantes asociadas a estes obxectivos son o servizo de transporte e comedores escolares, as axudas á gratuidade da educación especial, as axuda para adquisición de libros de texto e material escolar, os programas de orientación, reforzo e apoio, a mellora das competencias dixitais e científico tecnolóxicas e o plan integral de aprendizaxe de idiomas estranxeiros.

Sintetizando, estímase o cumprimento nas cifras dos seguintes indicadores:

Cadro 82. Indicadores clave de produtividade da PA.4.1

E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

E01 - Reforzar o sistema educativo do ensino infantil e de primaria mediante a reforma e a

P00025	Actuacións de mellora en centros educativos	221,0 N°
P1019H	Alumnado matriculado en centros públicos. Homes	64.293,0 N°
P1019M	Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres	59.749,0 N°
DOC032	Redución do consumo anual de enerxía primaria en edificios públicos	2.200.000,0 Kwh/ano

E02 - Reforzar o sistema educativo en educación secundaria mediante a reforma e a modernización dos

P00025	Actuacións de mellora en centros educativos	153,0 N°
P1019H	Alumnado matriculado en centros públicos. Homes	86.364,0 N°
P1019M	Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres	80.347,0 N°
DOC032	Redución do consumo anual de enerxía primaria en edificios públicos	2.500.000,0 Kwh/ano

E03 - Elevar a participación na formación profesional dos graos básico, medio e superior, e cursos de

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00025	Actuacións de mellora en centros educativos	31,0 N°
P033.H	Alumnado beneficiario por bolsas. Homes	2.500,0 N°
P033.M	Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres	2.500,0 N°

E04 - Racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que de resposta ás necesidades do

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P1021H Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Homes	24.487,0	Nº (media)
P1021M Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Mulleres	31.838,0	Nº (media)

E05 - Diminuír o fracaso escolar, reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P435.H Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Homes	7.500,0	Nº
P435.M Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Mulleres	7.500,0	Nº

E06 - Apostar por un modelo de formación permanente do profesorado máis vinculado á innovación e a

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P281.H Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. Homes	21.740,0	Nº
P281.M Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. Mulleres	50.812,0	Nº

E07 - Reforzar o sistema educativo do ensino especial e das ensinanzas de réxime especial, mediante a

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P109.H Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas.Homes	5.708,0	Nº
P109.M Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas.Mulleres	5.708,0	Nº

E08 - Promover unha educación accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P037.H Alumnado participante en programas en inmersión lingüística.Homes	36.741,0	Nº
P037.M Alumnado participante en programas en inmersión lingüística.Mulleres	36.551,0	Nº

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 83. Distribución do orzamento 2025 da PA.4.1 por fonte de financiamento

PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	2.855.005.525	97,3%
Marco de Recuperación e resiliencia	32.276.815	1,1%
FSE	20.378.482	0,7%
Orzamentos Xerais do Estado	15.070.061	0,5%
FEDER	10.725.645	0,4%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 84. Distribución do orzamento 2025 da PA.4.1 por programas de gasto

PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade	Importe	%
421A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN	34.230.792	1,2%
422A - EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO	1.029.286.030	35,1%
422C - ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	431.684.740	14,7%
422D - EDUCACIÓN ESPECIAL	60.288.757	2,1%
422E - ENSINANZAS ARTÍSTICAS	46.026.584	1,6%
422G - ENSINANZAS ESPECIAIS	21.953.505	0,7%
422I - FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO	3.282.366	0,1%
422M - ENSINANZA SECUNDARIA , FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS	1.041.086.160	35,5%
423A - SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	236.095.376	8,0%
423B - PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR	29.522.218	1,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 85. Xestores da PA.4.1 no orzamento 2025

PA.4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
- DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
- SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES
- DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
- DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL
- DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
- DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Consolidar un sistema de garantía de ingresos para que as persoas con carencia de recursos económicos en situación ou risco de exclusión social poidan acceder aos recursos básicos.
- Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante. Mellorar os itinerarios personalizados e avaliar os seus resultados, vencellar os servizos sociais e de emprego en torno a os itinerarios.
- Dar un pulo á garantía de recursos nos fogares nos que habiten persoas en situación de dependencia e atender as necesidades derivadas da mesma.
- Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, garantindo a accesibilidade universal e fomentando a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a súa participación en termos de igualdade, así como previr as situacións de dependencia.
- Acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, impulsando unha maior e mellor participación das mulleres en todos os ámbitos sociais e profesionais e nos procesos de toma de decisións.
- Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias articulando unha resposta global e coordinada.
- Garantir a igualdade de oportunidades e o acceso ao mercado laboral e aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante.
- Mellorar a cobertura socioasistencial á emigración galega e á poboación retornada e inmigrante.
- Facilitar o retomo orientado e amparado a Galicia de galegos e galegas no exterior, persoas de segunda e terceira xeración que poidan asentarse en Galicia.
- Vender un modo de vida galego, para posicionar Galicia como lugar atraínte para residir e traballar, coa finalidade de dinamizar demográficamente a nosa comunidade co incremento da poboación foránea.
- Fortalecer os programas de apoio para o reforzo escolar e a superación dos desfacementos lingüísticos e traballar pola plena inclusión nas aulas.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 86. Distribución do orzamento 2025 da PA.4.2 por obxectivos estratéxicos / instrumentais

PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	Importe	% Eixe	% PA
OE.4.2.01 Dotar de integridade un sistema de garantía de ingresos para que as persoas sen recursos ou con insuficiencia destes podan cubrir as súas necesidades básicas	91.046.511	2,2	8,3
OE.4.2.02 Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante	148.290.930	3,5	13,5
OE.4.2.03 Dar un pulo á garantía de recursos nos fogares nos que habiten persoas en situación de dependencia e atender as necesidades derivadas da mesma	728.716.051	17,2	66,3
OE.4.2.04 Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, garantindo a accesibilidade universal e fomentando a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a súa participación en termos de igualdade, así como previr as situacións de dependencia	82.835.292	2,0	7,5
OE.4.2.05 Acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, impulsando unha maior e mellor participación das mulleres en todos os ámbitos sociais e profesionais e nos procesos de toma de decisións	16.931.690	0,4	1,5
OE.4.2.06 Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias articulando unha resposta global e coordinada	30.550.069	0,7	2,8
Total	1.098.370.543	26,0	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 18. Distribución do orzamento 2025 da PA.4.2 por obxectivos estratéxicos / instrumentais



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O principal obxectivo estratéxico dentro desta PA é o OE 4.2.03 “Dar un pulo á garantía de recursos nos fogares nos que habiten persoas en situación de dependencia e atender as necesidades derivadas da mesma” desenvolverase fundamentalmente a través

do Programa de Atención á Dependencia (dotado con máis de 594 millóns de euros) e actuacións coma o apoio á mobilidade persoal.

En canto ao obxectivo OE 4.2.02 de “Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante”, destacan as actuacións de apoio ás persoas migrantes e itinerarios de inclusión para colectivos en situación de vulnerabilidade, como o plan concertado de prestacións sociais básicas.

Como principais resultados que se esperan acadar, destacan as máis de 19.000 persoas en risco de exclusión social que se beneficiarán das actuacións, así como á máis de 16.000 mozos/as.

No obxectivo 4.2.04 “Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, garantindo a accesibilidade universal e fomentando a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a súa participación en termos de igualdade, así como prever as situacións de dependencia” se levarán a cabo fundamentalmente actuacións de dotación de instalacións e servizos ás persoas maiores e con discapacidade.

Como consecuencia do conxunto de actuacións a levar a cabo espérase beneficiar:

- a máis de 5.300 nenos/as de 0-6 anos
- a máis de 96.000 persoas con discapacidade
- tamén se espera que participen en programas de prevención da dependencia máis de 27.000 persoas.
- así coma 4.400 persoas que xa se atopan en situación de dependencia
- e finalmente a poboación beneficiada pola actuación de infraestrutura (ou equipamento) social espera ser de 900.700 persoas.

No 4.2.01 “ Dotar de integridade un sistema de garantía de ingresos para que as persoas sen recursos ou con insuficiencia destes podan cubrir as súas necesidades básicas” as principais partidas están conformadas pola Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) (dotada de 40,7 millóns de euros) e o bono social térmico (máis de 18 millóns de euros), e 7 millóns destinados a facer fronte a privación material mediante alimentos e prestacións materiais básicas as persoas máis desfavorecidas.

Esperase que sexan beneficiarias da RISGA 7.300 persoas, e para o resto de actuacións específicas previstas neste OE, serán beneficiarias 74.000.

Finalmente, se temos en conta os restantes obxectivos (4.2.05 “ Acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, impulsando unha maior e mellor participación das mulleres en todos os ámbitos sociais e profesionais e nos procesos de toma de decisións” e 4.2.06 “Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e

consecuencias articulando unha resposta global e coordinada”), as principais actuacións están destinadas á loita contra a violencia machista, con máis de 10 millóns para o pacto de estado contra a violencia de xénero, accións de promoción da igualdade e prevención da violencia con case 5 millóns e outros 4,2 millóns para axudas periódicas para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Os principais indicadores de produtividade asociados ás actuacións coas que se desenvolven estes obxectivos estratéxicos e para os que se establece un valor previsto no exercicio 2025 son:

Cadro 87. Indicadores clave de produtividade da PA.4.2

E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e

E01 - Dotar de integridade un sistema de garantía de ingresos para que as persoas sen recursos ou con

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P342.H Persoas beneficiadas (homes)	29.000,0	Nº
P342.M Persoas beneficiadas (mulleres)	44.932,0	Nº
P345.H Persoas perceptoras da RISGA. Homes	3.150,0	Nº
P345.M Persoas perceptoras da RISGA. Mulleres	4.050,0	Nº

E01 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P114.M Mozas beneficiarios ou participantes. (Mulleres)	8.740,0	Nº
P114.H Mozos beneficiarios ou participantes. (Homes)	7.420,0	Nº
SE01.H Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes	7.745,0	Nº
SE01.M Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres	11.318,0	Nº

E03 - Dar un pulo á garantía de recursos nos fogares nos que habiten persoas en situación de

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P241.H Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes	74.489,0	Nº
P241.M Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres	109.043,0	Nº

E04 - Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
SC16.H Participantes con discapacidade. Homes	46.608,0	Nº
SC16.M Participantes con discapacidade. Mulleres	49.748,0	Nº
P140.H Participantes en programas de prevención da dependencia. Homes	11.444,0	Nº
P140.M Participantes en programas de prevención da dependencia. Mulleres	25.860,0	Nº

E05 - Acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, impulsando unha maior e mellor

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00468 Mulleres beneficiarias do programa de autoemprego da muller(EMEGA)	454,0	Nº
S0EE01 Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións	750,0	Nº
P00181 Mulleres que recibiron información, atención ou asesoramento	1.259,0	Nº

E06 - Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias articulando

INDICADOR	Valor Previsto	Unid. Medida
P00467 Chamadas ao teléfono atención violencia xénero	3.652,0	Nº
P110.H Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Homes	1.411,0	Nº
P110.M Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Mulleres	1.326,0	Nº
P00115 Mulleres atendidas nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero	5.979,0	Nº
SC15.H Persoas migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías. Homes	12,0	Nº
SC15.M Persoas migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías. Mulleres	1.152,0	Nº

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As seguintes táboas mostran **as fontes de financiamento, os programas de gasto e os xestores** da prioridade de actuación do orzamento 2025.

Cadro 88. Distribución do orzamento 2025 da PA.4.2 por fonte de financiamento

PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	Importe	%
Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma	702.438.220	64,0%
Orzamentos Xerais do Estado	313.375.124	28,5%
Marco de Recuperación e resiliencia	53.728.403	4,9%
FSE	28.828.796	2,6%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 89. Distribución do orzamento 2025 da PA.4.2 por programas de gasto

PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	Importe	%
131A - ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	355.818	0,0%
311A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	82.378.007	7,5%
312A - PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL	89.046.511	8,1%
312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	2.833.015	0,3%
312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS	23.873.714	2,2%
312D - PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA	728.316.051	66,3%
PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES	69.351.646	6,3%
312F - PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE	834.578	0,1%
313A - SERVIZOS Á XUVENTUDE	865.960	0,1%
313B - ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER	17.282.202	1,6%
313C - SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	52.466.647	4,8%
313D - PROTECCIÓN E APOIO ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO	26.467.046	2,4%
LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	642.000	0,1%
413A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA	1.452.377	0,1%
422M - ENSINANZA SECUNDARIA, FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS	27.766	0,0%
451B - ACCESO Á VIVENDA	177.205	0,0%
733A - EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES	2.000.000	0,2%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 90. Xestores da PA.4.2 no orzamento 2025

PA.4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	CONSELLERÍA DE SANIDADE
- DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA	- DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA
- DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE	CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE
- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN
- DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	- SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS
- DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	- SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
- DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	SERGAS - DIRECCIÓN XERAL
- DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA	INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
- DIRECCIÓN XERAL DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA
- DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE	CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	
- DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E MINAS	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía

Os principais resultados que se pretenden conseguir nesta prioridade de actuación, e aos que contribuirá o orzamento de 2025, son:

- Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización.
- Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado.
- Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade.
- Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo, accesible e interesante para os nosos cidadáns e visitantes.
- Fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos, e desenvolver actividades de formación do galego. Desenvolver políticas lingüísticas eficaces destinadas a conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos.


A seguinte táboa detalla a contía destinada aos obxectivos estratéxicos desta prioridade de actuación.

Cadro 91. Distribución do orzamento 2025 da PA.4.3 por obxectivos estratéxicos

PA.4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía	Importe	% Eixe	% PA
OE.4.3.01 Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado	60.769.313	1,4	48,7
OE.4.3.02 Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade	30.713.128	0,7	24,6
OE.4.3.03 Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo e accesible	21.222.850	0,5	17,0
OE.4.3.04 Fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos, e desenvolver actividades de formación do galego	11.964.171	0,3	9,6
Total	124.669.462	2,9	100,0

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 19. Distribución do orzamento 2025 da PA.4.3 por obxectivos estratéxicos



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Esta prioridade de actuación concéntrase en catro obxectivos estratéxicos, sendo o **OE 4.3.01** o que concentra maior contía orzamentaria dentro da PA, con un 49%.

Dentro do primeiro obxectivo estratéxico, OE 4.3.01 “Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado” os principais gastos destínanse a fundación cidade da cultura de Galicia con 12,6 millóns, actividades de promoción e difusión cultural (máis de 3 millóns de euros) e a axudas en materia de produción cultural e artística (case 4 millóns de euros).

Como consecuencia das actuacións espérase conceder 404 axudas aos sectores das artes escénicas, a música e ao sector audiovisual; realizárase 612 actuacións e programacións culturais e emitir máis de 14.000 horas de programas producidos en Galicia.

Se temos en conta os restantes obxectivos estratéxicos, é dicir, o:

